

PROXECTO

Orzamentos  
2019

INFORME  
ECONÓMICO E FINANCEIRO

XUNTA DE GALICIA





## INFORME ECONÓMICO E FINANCEIRO



## CONTIDO

<b>I.</b>	<b>CRECEMENTO, SERVIZOS, PERSOAS</b>	<b>7</b>
<b>II.</b>	<b>CONTORNA ECONÓMICA</b>	<b>25</b>
II.1.	O CONTEXTO INTERNACIONAL	27
II.2.	ECONOMÍA ESPAÑOLA	35
II.3.	ECONOMÍA GALEGA	42
II.4.	ESCENARIO MACROECONÓMICO	49
II.5.	O ESCENARIO FINANCEIRO. SITUACIÓN MONETARIA E FINANCEIRA.	55
II.5.1.	TIPOS OFICIAIS DE REFERENCIA	56
II.5.2.	TIPOS DE XUROS INTERBANCARIOS	58
II.5.3.	MERCADO DE DÉBEDA PÚBLICA	59
II.5.4.	MERCADOS BOLSISTAS	61
II.5.5.	MERCADOS DE DIVISAS	64
<b>III.</b>	<b>O PLAN ESTRATÉXICO DE GALICIA 2015-2020.</b>	<b>67</b>
III.1.	INTRODUCCIÓN	69
III.2.	OBXECTIVOS E PRIORIDADES DE GASTO NOS ORZAMENTOS 2019 DO PLAN ESTRATÉXICO 2015-2020	71
III.3.	EIXES DE ACTUACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE GALICIA 2015-2020 (PEG 2015-2020).	74
<b>IV.</b>	<b>ORZAMENTOS XERAIS DE GALICIA PARA O EXERCICIO 2019</b>	<b>89</b>
IV.1.	GRANDES CIFRAS	91
IV.1.1.	EVOLUCIÓN DO SISTEMA DE FINANCIAMENTO. TEITO DE GASTO E CAPACIDADE DE GASTO	91
IV.1.2.	INGRESO CONSOLIDADO.	95
IV.1.3.	AUMENTO DO GASTO NON FINANCEIRO NUN 3,8%	96
IV.1.4.	MELLORA DO AFORRO BRUTO E SALDO PRIMARIO GRAZAS Á UNS MAIORES INGRESOS CORRENTES E A OS AFORROS DE CUSTE FINANCEIRO	97
IV.1.5.	FORMACIÓN DE CAPITAL: 974 MILLÓNS DE EUROS	98
IV.1.6.	FONDO DE CONTINXENCIA: 39 MILLÓNS DE EUROS	98
IV.1.7.	NECESIDADE DE FINANCIAMENTO, NO REMATE DA SENDA DE CONSOLIDACIÓN FISCAL: 95 MILLÓNS DE EUROS	99
IV.1.8.	PRINCIPAIS POLÍTICAS DE GASTO PRIORIZADAS NO	

	ORZAMENTO 2019 _____	100
IV.1.9.	GASTO SOCIAL _____	101
IV.1.10.	FINANCIAMENTO AUTONÓMICO DA ADMINISTRACIÓN LOCAL _____	102
IV.1.11.	FINANCIAMENTO DAS UNIVERSIDADES _____	103
IV.1.12.	INVESTIMENTO EN I+D+I _____	104
IV.1.13.	GASTO CON PERSPECTIVA TERRITORIAL _____	106
IV.1.14.	INGRESOS E NOVAS MEDIDAS TRIBUTARIAS _____	106
IV.1.15.	UNHA APROXIMACIÓN AO MARCO FINANCEIRO PLURIANUAL DA UE-27 PARA O PERÍODO 2021-2027 _____	109
IV.1.16.	DISTRIBUCIÓN POR CONSELLERÍAS E ORGANISMOS ESTATUTARIOS _____	113
<b>V.</b>	<b>SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA E DISCIPLINA ORZAMENTARIA _____</b>	<b>115</b>
V.1.	REGRAS FISCAIS E ORZAMENTO 2019 _____	117
V.1.1.	REGRA DE GASTO _____	118
V.1.2.	LÍMITE DE DÉBEDA. _____	121
V.2.	EVOLUCIÓN DA SITUACIÓN FINANCEIRA AUTONÓMICA. _____	122
V.2.1.	EVOLUCIÓN ORZAMENTARIA _____	122
V.3.	EVOLUCIÓN DO ENDEBEDAMENTO: POSICIÓN RELATIVA _____	133
V.4.	TRANSPARENCIA _____	135



## CRECIMENTO, SERVIZOS, PERSOAS



## I. CRECEMENTO, SERVIZOS, PERSOAS


Malia seguir rodeado de incertezas, o escenario económico e financeiro de Galicia mostra un crecemento sólido converxente cara ás taxas de crecemento a mediano prazo en torno ao 2,5% agora xa cos famosos ventos de cola en franca retirada.

A gran diferenza entre este crecemento a velocidade de cruceiro e outras pasadas é que se está a realizar ao tempo que a nosa economía xera capacidade de financiamento e emprego. Aspectos que lle confiren unha importante solidez ao mesmo.

Os superávits exteriores acumulados de xeito persistente nos últimos anos galegos e españoles resultan preciso para reducir o endebedamento exterior.


Gráfica 1. ESPAÑA. Balanza por conta corrente e balanza de capital.

FONTE. Banco de España e AEAT



Tamén semella que outras vellas eivas da nosa economía están a ser superadas, como o feito de que as etapas expansivas leven apareladas baixas importantes na produtividade e viceversa, isto é debido ao forte impacto do ciclo na creación de emprego e á composición sectorial do mesmo. Un mercado de traballo máis resiliente a crise e máis produtivo debe redundar nuns empregos máis estables e mellor retribuídos.

Gráfica 2. OCDE. Diferencia entre paro observado e NAIRU



O intensivo proceso de internacionalización experimentado polo tecido empresarial nos últimos anos, apoiouse nas anteriores ganancias de competitividade acumuladas dende o inicio da crise, e tamén en menor medida na recuperación dos nosos mercados de destino.

Á mellora sostida dos saldos das balanzas tamén contribuíu unha evolución moderada das importacións, centrada en bens de equipo e no repunte dos produtos enerxéticos polo aumento dos prezos, o que confirma a tendencia observada de elasticidades das importacións á demanda final por baixo do seu promedio histórico, en consonancia coa evidencia microeconómica que apunta a indicios dun proceso de substitución de certos insumos intermedios importados por produción nacional.

O cadro seguinte permite apreciar como a recuperación económica a partires do 2014, está a realizarse nun marco de ganancias de competitividade fronte aos países máis desenvolvidos (decrecentes iso si como mostra o gráfico 2, de xeito que no 2017 estamos a experimentar perdas de competitividade fronte a os nosos competidores pola apreciación do euro e o diferencial positivo de prezos)


Gráfico 3. ESPAÑA. Evolución da competitividade.

FONTE: Banco de España

1 FRENTE A PAÍSES DESARROLLADOS



2 FRENTE A LA ZONA DEL EURO (UEM-19)



Por elo o investimento en traballadores e empresas máis competitivas ocupa o lugar máis destacado entre a evolución das partidas do orzamento consolidado, emprego máis do 7%, I+D+i máis do 20%, eficiencia enerxética 27%, e o resto entre os que se atopan financiamento e fomento sectorial (industria forestal, e de transformación agrogandeira e da pesca cun importante peso sectorial en Galicia) medran moi por enriba da media do orzamento.

Pero cando falamos de crecemento non nos estamos a referir de xeito único ao crecemento económico, senón ao crecemento das persoas, un aumento dos recursos que chegue de forma inclusiva a todos os individuos e familias, aquí é onde xoga un papel importante o orzamento da xunta a través da provisión de bens e servizos públicos.


Por elo as contas consolidadas para 2019 experimentan un importante crecemento no gasto corrente, medrando en torno ao 3,4% os gastos de persoal e funcionamento, que soportan os servizos públicos pero tamén as transferencias correntes un 4,5%. Ao tratarse das partidas máis cuantiosas do orzamento estes aumentos supoñen o destino de case o 80% das novas achegas de este orzamento 2019.

Esta evolución permite seguir a reforzar as políticas educativas básicas e superiores consonte a senda marcada no plan estratéxico de Galicia, procurando que os novos retos e necesidades que representa a nosa sociedade atopen unha resposta en forma de persoas ben preparadas para afrontalos e que mesmo sexan quen de se desenvolver con solvencia nos principais centros de innovación e coñecemento do mundo.

Unha sanidade moderna e universal piar básico sobre o que se constrúe unha sociedade san e cohesionada, fonte de riqueza e desenvolvemento moi difícil de valorar salvo para que non conta con ela.

Por ultimo, unha política social que aumenta ano a ano os servizos aos maiores e aos máis desfavorecidos, superando en parámetros á media nacional en atención á dependencia, e que non esquece a os que máis axuda precisan para saír dos círculos da pobreza, con medidas paliativas pero sobre todo con itinerarios personalizados que rematen coa inclusión no mercado laboral. Este obxectivo non incumbe so á política fiscal, todos a acción de goberno debe promover un crecemento inclusivo para rebaixar a desigualdade, impulsando a mobilidade social, e reforzando a cohesión social e, en última instancia, o crecemento.

Gráfico 4. SAAD. % resolucións dependencia e persoas atendidas.



Os anteriores crecementos e avances nos recursos asinados ás principais políticas de gasto son os dividendos da solvencia e do rigor fiscal, que permiten agora aproveitar mellor o espazo fiscal xerado pola bonanza económica, trasladando dun xeito efectivo a mellora da conxuntura económica aos cidadáns.

Isto non quere dicir que ante unha conxuntura económica moi favorable, e que agora tende á normalidade haxa que esquecer a estabilidade orzamentaria. A xeración de espazos fiscais sempre será precisa para desenvolver con marxe novas políticas de gasto, pero tamén, no contexto actual para reducir o stock de débeda xerado pola crise.

Nun escenario económico como o actual, no que o PIB real xa acadou e mesmo está a superar ao potencial veremos quen aprendeu as leccións da crise pasada ou esta disposto a cometer os mesmos erros.

Por elo, seguen a precisarse agora medidas de alcance e políticas reformistas para fortalecer as defensas fiscais, aproveitando plenamente a recuperación cíclica da actividade económica. Cando o crecemento volta ao seu nivel potencial, o estímulo fiscal perde eficacia en tanto o custe da consolidación fiscal baixa, o que facilita o paso da expansión á consolidación fiscal. Construír esas defensas hoxe axudará a protexer a Galicia dos vindeiros anos, creando marxe de manobra fiscal para intervir con medidas que estimulen a actividade económica durante unha contracción e reducindo o risco de dificultades de financiamento no caso de endurecementos imprevistos das condicións financeiras mundiais.

Isto é o que están a recomendar a OCDE e o FMI, polo xeral, os países deben permitir a plena operación dos estabilizadores automáticos (é dicir, impostos e gasto que se moven en sintonía coa produción e o emprego) e ao tempo realizar esforzos firmes para reducir os déficits e a débeda cara aos seus obxectivos de mediano prazo.

Por suposto, a magnitude e o ritmo do axuste deben calibrarse en función das condicións cíclicas e do espazo fiscal dispoñible de cada economía, a fin de evitar que isto supoña un lastre para o crecemento.

Galicia, empregou na crise todo o marxe fiscal posible para compensar o forte deterioro das bases tributarias, garantindo a sustentabilidade dos servizos públicos e respectando a súa senda de consolidación fiscal. Esta senda reduciuse de un xeito planificado a un ritmo constante e menos pronunciado que o das restantes CCAA, de forma que se encaixaron mellor os impactos da crise e nos últimos anos, con unha coxuntura moito máis favorable, hai marxe para acelerar a senda de redución do endebedamento neto hacia o equilibrio. Esta mellora tamén se aproveita para fornecer un orzamento expansivo dentro das posibilidades que permite a regra de gasto, que é o instrumento que permite dar cumprimento ás anteriores recomendacións (impostos e gasto que se moven en sintonía coa produción e o emprego).

A gráfica seguinte mostra como o esforzo continuado de consolidación e o control do saldo fiscal se traducen nunha senda con menos pendente que a do total de comunidades autónomas, é dicir os orzamentos de gastos soportaron un menor impacto e con unha evolución máis suave que a media.

“ Las economías avanzadas deben centrarse en mejorar la eficiencia del gasto y en racionalizar las prestaciones sociales para dar cabida a una mayor inversión pública, más incentivos para la participación en el mercado laboral, y mejoras en la calidad de la educación y de los servicios de salud. Algunas economías avanzadas también se beneficiarían de ampliar las bases tributarias y mejorar el diseño de sus sistemas tributarios. Para las economías en desarrollo y de países emergentes, la prioridad consiste en aumentar la recaudación para financiar el gasto crítico en capital físico y humano y el gasto social” FMI World Economic Outlook. Outubro de 2018.

Gráfico 5.. Senda de consolidación fiscal





Gráfico 6.. Evolución do pib 2015-2019

### PIB GALICIA EVOLUCIÓN

Previsións 2018 e 2019



Fonte: FMI, Outubro 2018. Ministerio de Economía. ICE

As AAPP españolas se atopan suxeitas a o Procedemento de Déficit Excesivo dende o ano 2009, baixo o chamado «compoñente correctivo do PEC», con prazo de cumprimento en 2018. O Consello da UE actualizou en agosto de 2016 o obxectivo de déficit das AAPP españolas para 2018, fixándoo no 2,2 % del PIB. Ademais, estableceu que as AAPP terían que realizar un esforzo estrutural (isto é, unha mellora do saldo público estrutural) acumulado no período 2016-2018, de 0,6 pp do PIB en termos acumulados.

Esta mellora afecta sobre todo á AXE, na medida en que as CCAA foron as que realizaron un maior esforzo de consolidación fiscal, e están practicamente en equilibrio, salvo excepcións.

De seguido pasamos a describir os principais fitos do sistema de gobernanza económica da UE., no que Galicia participa remitindo o seu plan orzamentario para que forme parte do Reino de España e como destinatario das recomendacións da Comisión e do Consello no que atinxen ás súas competencias.

#### ○ SEMESTRE EUROPEO 2018

A Comisión Europea (CE) estableceu no 2011 o nomeado «Semestre Europeo», co gallo de mellorar as sinerxías entre as políticas económicas dos países que integran a Unión Europea (UE) e aumentar a vixilancia sobre os seus potenciais desequilibrios macroeconómicos, de xeito especial naqueles que pertencen á Unión Económica e Monetaria (UEM). un ciclo anual no que se deseñan e coordinan as políticas económicas e que recolle a análise da situación económica dos Estados membros, así como dos seus plans de reformas orzamentarias, macroeconómicas e estruturais.

O Semestre Europeo 2018 púxose en marcha en outono de 2017, coa presentación do informe anual sobre o crecemento e as recomendacións para a área do euro que contén as prioridades de política económica para a UE no seu conxunto.

A CE avalía os proxectos de plans orzamentarios nacionais presentados en outubro e sinalou no Informe sobre o Mecanismo de Alerta (IMA), aqueles países que presentan riscos potenciais de desequilibrios macroeconómicos. Deste modo, a CE presentou en marzo de 2018 un exame exhaustivo analizando a orixe, alcance e posible corrección dos desequilibrios identificados no ciclo actual, así como unha avaliación del cumprimento das recomendacións do ano anterior para cada país membro. Tendo en consideración todo o anterior, os países publicaron en abril de 2018 as súas actualizacións dos Programas de Estabilidade e os Programas Nacionais de Reformas (PNR), detallando as medidas orzamentarias e estruturais aprobadas ou pendentes de aprobación para abordar os riscos identificados no novo ciclo. Unha vez analizadas estas liñas de actuación, o pasado 13 de xullo finalizou o Semestre Europeo coa adopción formal das recomendacións polo Consello da UE.

Imos describir as diferentes valoracións da política orzamentaria, financeira e económica no que atinxen ao noso país formuladas nos diferentes fitos temporais do semestre europeo.

#### INFORME ANUAL SOBRE O CRECIMENTO DA UE E AS RECOMENDACIÓNS PARA A ÁREA EURO. Outono 2017

El Semestre Europeo 2018 comeza coa presentación das liñas xerais de política económica para a UE e a UEM a través do informe anual sobre o crecemento da UE e as recomendacións á área euro. O Estudio Prospectivo Anual sobre o Crecemento mostrou un contexto de continuidade da recuperación económica na UE, un descenso do desemprego, un repunte do investimento e unha mellora das finanzas públicas. Este escenario representaba unha fiestra de oportunidade para impulsar a converxencia económica e social, rematando as reformas estruturais en marcha e impulsando outras novas que deberían xerar unha economía máis estable, inclusiva, produtiva e resistente ás perturbacións. Estas reformas, da cordo co Estudio Prospectivo Anual sobre o Crecemento, no 2018, deberían centrarse en impulsar o investimento para apoiar a recuperación e potenciar o crecemento económico a longo prazo, en dotar á economía de unha maior resistencia ante perturbacións, en acadar un crecemento máis inclusivo e en lograr unha mellora da converxencia e a competitividade. Para o área do euro recomendouse ademais avanzar para completar a Unión Bancaria, impulsar a Unión do Mercado de Capitais e progresar na Unión Económica e Monetaria.

Respecto á política fiscal, o Estudo Prospectivo Anual sobre o Crecemento indicou que se deberían fomentar a sustentabilidade das contas públicas e a converxencia entre países. Logo do axuste esixido despois da crise, a recuperación supón unha mellora da situación orzamentaria, se ben aínda persisten elevados niveis de débeda pública nalgúns países, o que podería representar un reto ante un eventual incremento dos custes de financiamento. Para o área do euro no seu conxunto, considerouse axeitado un ton neutral da política fiscal, se ben as políticas fiscais nacionais deberían adaptarse ás circunstancias específicas de cada país. Así, nos países con risco de sustentabilidade debería priorizarse a redución da débeda pública, sen perxudicar a recuperación económica, mentres que naqueles con marxe fiscal este podería empregarse para impulsar o crecemento potencial e a demanda interna, de xeito especial o investimento.

#### EVALUACIÓN ORZAMENTARIA E INFORME SOBRE O MECANISMO DE ALERTA (IMA) DE CADA PAÍS. Novembro de 2017

A CE presenta a valoración dos borradores dos plans orzamentarios nacionais. Segundo a CE, todos eles eran coherentes cos compromisos adquiridos de redución de déficit e de débeda dentro do Procedemento de Déficit Excesivo, salvo en Bélxica e Italia, onde existía un elevado risco de incumprimento do seu compromiso de redución da débeda, y en Francia, onde o axuste estrutural previsto era inferior ao preciso para acadar o seu obxectivo de medio prazo. Finalmente, a CE considerou que a favorable situación orzamentaria de Alemaña concedía marxe para aumentar o gasto naquelas partidas que permiten expandir o crecemento potencial.

Ao tempo, presentase o IMA, que constitúe a primeira peza de información do Procedemento de Desequilibrio Macroeconómico e ten por obxectivo detectar aquelas situacións susceptibles de por en perigo a estabilidade de cada país e da propia UE, dadas

as interrelacións entre países. O devandito informe elaborase a partir de 14 indicadores da posición exterior, a competitividade, a débeda privada e pública, a evolución do crédito, os mercados de vivenda e o emprego.

No informe de 2018, ponse de relevo a persistencia de desequilibrios externos, identificando a algúns países en base a datos de 2016. Entre estes países destacaba España, cunha posición de investimento internacional neta negativa elevada. Esta posición negativa incrementa, segundo a análise, a vulnerabilidade destes países, pese a contar con superávits por conta corrente, xa que unha parte desa débeda debe ser refinanciada de forma periódica. No eido interno o informe pon de manifesto que a traxectoria de redución do endebedamento privado modérase, de forma que este nivel de débeda está bastante próximo ao que se considera pouco arriscado na maioría das economías, incluída España.

Por outra banda, se alerta de que o elevado endebedamento público en moitas economías europeas segue sendo preocupante e constitúe un factor de desequilibrio xeneralizado. Neste senso, España, cunha ratio de débeda do 99 % no 2016, estaba moi afastada do limiar do 60 %. Malia recoñecer a melloría na creación de emprego, o informe tamén mostraba que España seguía presentando un nivel de desemprego moi elevado, destacando en especial o paro xuvenil e o paro de longa duración. Para rematar, o IMA sinala que os prezos da vivenda se están a acelerar de forma xeneralizada, acadando incluso niveis desmesurados nalgúns países, entre os que non se atopa España, a pesares de que o crecemento do crédito mantense aínda en niveis baixos.

#### EXAMES POLO MIUDO (IDR). Marzo de 2018.

A partir dos anteriores elementos, fixéronse 12 exames polo miúdo, entre eles a España, para analizar a persistencia dos seus desequilibrios, os factores determinantes e as posibles políticas precisas para a súa corrección. Estes exames ten por obxecto identificar a natureza e alcance dos desequilibrios macroeconómicos de cada quen, así como recomendacións para superalos. Da cordo con estes exames, a Comisión conclúe que Alemaña, Bulgaria, España, Francia, Irlanda, Países Baixos, Portugal e Suecia presentaban desequilibrios económicos.

Ademais, a CE incorporou unha valoración do progreso nas recomendacións específicas realizadas en anos anteriores, desde esta perspectiva multianual, a CE considera que España ten logrado polo xeral, avances comparativamente bos, aínda que a súa aplicación diminúe lixeiramente dende 2014 ata 2017, período no que os avances están a ser relativamente limitados.

No Informe sobre España<sup>1</sup>, a Comisión salienta un conxunto importante de retos, entre os que destaca, no eido externo, a necesidade de seguir mantendo superávits por conta corrente para reducir de forma significativa os pasivos exteriores. No eido interno,

1

<https://ec.europa.eu/info/sites/info/files/2018-european-semester-country-report-spain-es.pdf>

destaca a importancia de aumentar a produtividade, de reducir a elevada taxa de desemprego, especialmente entre os máis novos, e de combater a temporalidade. Así mesmo, destacou que a porcentaxe de persoas en risco de pobreza e exclusión social situase aínda por enriba da media da UE, pese a estar diminuindo, grazas á forte creación de emprego. Neste senso, o informe sinala que as transferencias sociais, distintas das pensións, non están a ser tan efectivas como noutros países para reducir estes índices.

No informe destaca tamén o retroceso do grao de innovación en España. Entre os factores existentes detrás desta deficiencia se sinalaron a persistencia dos baixos niveis de investimento en I + D dende 2009, o baixo e decrecente nivel de execución do orzamento público dedicado á I+D, a escasa cooperación entre o sistema educativo e a empresa, as disparidades da regulamentación entre comunidades autónomas, así como determinadas barreiras á actividade empresarial en algunhas comunidades autónomas.

Tamén sinala o informe, que a pesares da elevada calidade da dotación das infraestruturas, existía unha limitada integración nos mercados de gas e electricidade con Europa, impedindo a optimización da enerxía renovable e a redución dos prezos diarios da electricidade, así como o aproveitamento por parte da rede europea das amplas fontes españolas de enerxía renovable.

No que atinxe a facenda pública o informe fai fincapé no risco que supón un nivel moi elevado de ratio de débeda das AAPP e unhas necesidades brutas de financiamento relativamente elevadas, o persistente déficit do sistema de seguridade social, un alto risco no que atinxe á sustentabilidade orzamentaria a medio prazo, un sistema fiscal que recada menos que a media UE e que presenta características que obstaculizan o investimento, por último a aplicación dunha restrición fiscal branda entre administracións dificulta o alcance dos obxectivos fiscais a medio prazo das AAPP.

ACTUALIZACIÓN DO PROGRAMA DE ESTABILIDADE ESPAÑOL 2018-2021 e PROGRAMA NACIONAL DE REFORMAS 2018. Abril 2018.

A APE para o período 2018-2021 constitúe a proposta do goberno de España para dar cumprimento ás recomendacións do anterior informe., recolle a política orzamentaria do conxunto das Administracións Públicas (AAPP), que para 2018 era coherente co Proxecto de Orzamentos Xerais do Estado, os orzamentos das CCAA e das CCLL de 2018. Para o resto do período —2019-2021—, a APE proporciona proxeccións macroeconómicas e orzamentarias, co propósito de vencellar a senda de obxectivos orzamentarios no devandito horizonte, e a senda de converxencia, no obxectivo de medio prazo das finanzas públicas.

Para 2018, segundo a APE, os orzamentos dos diferentes niveis de AAPP permitirían, en agregado, unha nova redución dos desequilibrios orzamentarios, ata situar obxectivo oficial de déficit público no 2,2 % do PIB, en liña cos requirimentos do Pacto de Estabili-

de e Crecemento (PEC). Pola súa parte prevían unha redución da débeda das AAPP de 1,3 pp, ata situarse no 97 % do PIB. Neste escenario, o déficit público situaríase no 2018 por debaixo do 3 % do PIB, límite que fixa o PEC para abandonar a situación de «déficit excesivo», cuxo prazo de superación no caso do Reino de España é, precisamente, este ano.

Porén, a CE, na súa opinión sobre os PGE2, prevé unha desviación con respecto a obxectivo de déficit público, non obstante considera que estes se axustaban, en liñas xerais, a os requirimentos do PEC, ao estimar que o déficit excesivo se corrixiría en prazo (isto é, ao peche de 2018).

Como é sabido con posterioridades o Consello de Ministros do novo Goberno de España acordou o 13 de xullo propoñer ás Cortes unha nova senda de obxectivos orzamentarios para o período 2019-2021, que eleva en cinco décimas o obxectivo de déficit público de cada exercicio, ata o 1,8 %, 1,1 % e 0,4 % del PIB no 2019, 2020 y 2021, respectivamente. Esta proposta non foi aprobada polas Cortes ata hoxe, nin temos constancia que que fora informada oficialmente pola Comisión Europea.

O Goberno publicou, en paralelo á APE, o PNR para 2018. O texto deu conta do grao de cumprimento dos compromisos asumidos por España no marco do Semestre Europeo (polo miúdo as reformas estruturais formuladas polo Consello a España o ano pasado), destacándose que os limitados avances no 2017 respecto a determinadas materias derivaron da necesidade do Goberno de acadar acordos con outras forzas políticas no Parlamento. O PNR 2018 tamén recolleu as novas prioridades de política económica, que nesta ocasión ían dirixidas a facer que o crecemento fora sostible non so no tempo, senón tamén dende un punto de vista medioambiental e social.

#### Recomendacións específicas de política dos países da área euro 2018.Xullo 2018

Este documento pon fin ao semestre europeo 2018. Nun contexto económico favorable como o actual, as recomendacións en 2018 para os países da área euro presentaron un enfoque de longo prazo, promovendo a implementación de medidas dirixidas a acadar un crecemento sostible e inclusivo e a mellorar a contorna empresarial e institucional e as condicións do investimento.


No terreo fiscal, o Consello aprobou en xuño a valoración realizada pola CE dos programas de estabilidade que presentaron os países en primavera, cerrando o Procedemento de Déficit Excesivo a Francia. Desta forma, solo queda España baixo o brazo correctivo do PEC, fronte a 24 procedementos abertos no momento álxido da crisis do euro, en 2010-2011. Así mesmo, destacan os informes emitidos sobre a situación en Italia e en Bélxica, segundo os cales o axuste fiscal no 2018 foi inadecuado para o cumprimen-

to dos compromisos de redución de débeda, polo que a CE revalidara a súa situación a próxima primavera.

No resto das áreas de política económica, recomendouse avanzar cara a culminación do mercado único, principalmente en servizos de transporte e financeiros, no mercado enerxético e na economía dixital, e promover o apoio á innovación e á mellora do acceso ao financiamento das pequenas e medianas empresas. Ademais, este ano dedicouse especial atención o Pilar Europeo dos Dereitos Sociais e animouse a avanzar na igualdade de oportunidades e no acceso ao mercado laboral, establecendo unhas condicións de traballo xustas. De este modo, a parte mais significativa destas recomendacións (un 40 % de elas) referíronse á mellora do mercado laboral, á creación de oportunidades de emprego para mozos e ao aumento dos niveis de educación. As de carácter fiscal seguiron mantendo un peso importante, sobre todo as referidas á gobernanza e sustentabilidade das finanzas públicas a longo prazo. Así mesmo, foron relevantes algunhas categorías relativas a mellora do entorno empresarial e a necesidade de seguir impulsando a investigación e innovación. Pola contra, xeráronse menos recomendacións no campo financeiro, dado o esforzo substancial realizado no pasado, aínda é necesario realizar avances na redución de créditos dubitativos nalgúns países.

Para o caso concreto de España<sup>3</sup>, como xa se mencionou, a CE considerou que realizáronse avances limitados no seguimento das recomendacións específicas de 2017, polo que os principais retos da economía española e as recomendacións da CE par o ano 2018 seguiron centrados na gobernanza fiscal, o cumprimento dos obxectivos de déficit e a aceleración da redución da débeda pública, as políticas activas do mercado de traballo, a mellora do sistema educativo, a mellora da innovación e a necesidade de avanzar na aplicación de Lei de Garantía de Unidade de Mercado

Gráfico 7. Variación das proxeccións de débeda dos plans orzamentarios do Reino de España. En % PIB.



Estas notas son as que caracterizan as contas que se presentan e explican a evolución das grandes masas financeiras das mesmas en comparación coas do ano precedente, a este respecto compre salientar que a comparación cos datos numéricos dos tomos do orzamento do exercicio pasado poden verse alteradas polo proceso de homoxeneización e axuste do orzamento inicial do 2018 explicado na memoria I. (Este proceso ven motivado pola creación da Axencia Galega de Calidade Alimentaria (AGACAL), e a reestruturación da Xunta que da lugar á Consellería de Cultura e Turismo e á muda de adscrición do organismo autónomo, o Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) á Consellería de Medio ambiente e vivenda e a entidade pública empresarial Augas de Galicia á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

### Indicadores e obxectivos

Os Orzamentos son moito máis que unas contas elaboradas con rigor e sostibles, son a concreción financeira anual do plan da Xunta de Galicia. Por iso son elaborados sobre unha base estratéxica plurianual cuxa implementación é obxecto de seguimento e valoración a mediano prazo. No vindeiro exercicio 2019 sentaranse os alicerces dun novo plan estratéxico 2021-2026 para o que a avaliación do plan en execución será un importante punto de partida.

En efecto, para que as diferentes políticas de gasto financiadas acaden os obxectivos previstos, deben ser instrumentadas mediante actuacións ben deseñadas, enfocadas cara á consecución de resultados e executadas. O obxectivo non é gastar máis, e gastar para acadar determinados resultados que tamén se explícitan no documento orzamentario.

Por elo paralelamente ás cifras orzamentarias, acompañaase información sobre o orzamentos en termos de plan estratéxico e do obxectivos e indicadores a os que serven as políticas de gasto programadas. Ademais o seguimento do PEG da conta da execución financeira en clave de obxectivos do PEG 2015-2020 e dos indicadores cualitativos que permiten valorar se se están a acadar os outputs e os resultados esperados.<sup>4</sup>

Gráfica 8. Avaliación e seguimento do PEG



Galicia leva anos tentando consolidar un novo modelo de gobernanza económica baseado no autogoberno, a responsabilidade e a transparencia. Os instrumentos básicos para desenvolvemento son a planificación estratéxica, a elaboración e implementación dos orzamentos e a avaliación dos resultados.

A execución de este sistema de gobernanza autonómico permitiu aproveitar o antes posible a mellora da conxuntura económica, manter o centro de decisión financeira sobre as contas autonómicas e ofertar aos cidadáns un balanço comparativamente superior ao das restantes CC.AA. tanto en materia de carga fiscal como de endebedamento.

No que atinxe á orzamentación, a elaboración dunhas contas partindo de cero cada ano e priorizando as actuacións precisas para acadar os resultados previstos no PEG 2015-2020 supón unha auténtica nova formulación do proceso de orzamentación ao que non están afeitos os principais axentes destinatarios do orzamento (familias, empresas, xestores de gasto..) acostumados a unha proposta incrementalista do mesmo.

É por elo que a orzamentación de cara a resultados, onde cada xestor debe acreditar que resultados vai acadar cos fondos que solicita, convertese nun elemento esencial do proceso de orzamentación e de desenvolvemento do PEG, que debe evolucionar cara á rendición de contas aos cidadáns dos resultados acadados e á reformulación continua das estratexias priorizadas no PEG.

Todo o anterior debe acompañarse dunha muda nas formas tradicionais de xestión pública na liña indicada, pulando pola xestión encamiñada a resultados, promovendo un xiro cara á cultura dos obxectivos e a transparencia e a rendición de contas, así como a revisión das políticas de gasto cando non acaden os resultados esperados.

A este respecto 2018, contou como base para a elaboración dos orzamentos co segundo informe de seguimento do PEG, que analizou polo miúdo o desempeño da comunidade autónoma cara aos obxectivos prefixados no mesmo..

Para posibilitar este seguimento e avaliación en exercicios posteriores, os indicadores recollidos nos orzamentos están revisados e aliñados cos obxectivos operativos do PEG para 2018, tamén están coordinados cos recollidos nos programas operativos de fondos europeos, o que permite vencellar a estratexia da comunidade autónoma coa dos fondos estruturais da UE.

Estes indicadores permiten non so orientar a asignación de recursos públicos, senón que axudan ao xestor público a analizar os fallos na provisión de bens e servizos públicos e propoñer novos procedementos ou actuacións de gasto que tentan acadar máis impacto na consecución dos obxectivos estratéxicos de cada servizo.





## CONTORNA ECONÓMICA



---

## II. CONTORNA ECONÓMICA

### II.1. O CONTEXTO INTERNACIONAL

As previsións máis recentes dos principais organismos internacionais, Fondo Monetario Internacional (FMI), Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE) e Comisión Europea, sinalan que a expansión económica mundial continúa, cun crecemento sostido nos próximos anos, aínda que os riscos á baixa intensifícanse nos últimos meses. O crecemento da economía mundial previsto para os anos 2018-2019 roldará o 3,7% segundo as previsións máis recentes do FMI e da OCDE, crecemento similar ao de 2017, aínda que con maiores diferenzas entre países. Ambos os dous organismos revisaron á baixa as súas previsións respecto das efectuadas fai uns meses, cando estimaban un crecemento en torno ao 3,9% para os dous anos (coincidindo tamén coas previsións da Comisión Europea de xullo).

O crecemento das economías avanzadas seguirá sendo moderado e compensaranse polo sólido crecemento das economías dos mercados emerxentes e en desenvolvemento, aínda que as diferenzas entre estas economías serán maiores. Prevese un aumento do comercio mundial no ano 2018 do 4,2% e no ano seguinte dúas décimas menos, 4,0%. Non obstante, as políticas proteccionistas e o endurecemento das condicións financeiras mundiais poderían afectar negativamente á evolución do comercio e da actividade global. A saída do Reino Unido da Unión Europea tamén supón un risco na evolución da economía, principalmente nos países europeos.

Cadro 1: Previsións macroeconómicas

Previsións macroeconómicas. PIB Volume. Taxas de variación interanual en %						
	FMI ( outubro 2018)		OCDE <sup>(1)</sup> (setembro 2018)		Comisión Europea (xullo 2018) <sup>(2)</sup>	
	2018	2019	2018	2019	2018	2019
<b>PIB Mundial</b>	<b>3,7</b>	<b>3,7</b>	<b>3,7</b>	<b>3,7</b>	<b>3,9</b>	<b>3,9</b>
Área Euro <sup>(1)</sup>	2,0	1,9	2,0	1,9	2,1	2,0
Francia	1,6	1,6	1,6	1,8	1,7	1,7
Alemaña	1,9	1,9	1,9	1,8	1,9	1,9
Italia	1,2	1,0	1,2	1,1	1,3	1,1
Portugal	2,3	1,8	2,2	2,2	2,2	2,0
<b>España</b>	<b>2,7</b>	<b>2,2</b>	<b>2,8</b>	<b>2,4</b>	<b>2,8</b>	<b>2,4</b>
Reino Unido	1,4	1,5	1,3	1,2	1,3	1,2
Estados Unidos	2,9	2,5	2,9	2,7	2,9	2,7
Xapón	1,1	0,9	1,2	1,2	1,3	1,1
Marrocos	3,2	3,2	--	--	--	--
México	2,2	2,5	2,2	2,5	2,3	2,7
Brasil	1,4	2,4	1,2	2,5	2,4	2,6
China	6,6	6,2	6,7	6,4	6,6	6,3
India	7,3	7,4	7,6	7,4	7,4	7,6
<b>Comercio mundial de bens e servizos</b>	<b>4,2</b>	<b>4,0</b>	<b>--</b>	<b>--</b>	<b>--</b>	<b>--</b>

Fontes: FMI, OCDE e Comisión Europea

(1) OECD Interim Economic Outlook projections. Non actualiza as previsións de España e Portugal.

A OCDE elabora previsións da Área Euro constituída por 16 países.

(2) A actualización de xullo da Comisión Europea só inclúe os países da Unión Europea. Para o resto de países as previsións son de maio.

As previsións para o conxunto da economía global encerran diferenzas significativas por áreas. Utilizando como fonte de información o FMI, as economías avanzadas<sup>5</sup> manterán un crecemento minimamente superior ao do ano anterior en 2018, do 2,3% ao 2,4%, e tres décimas menos en 2019, un 2,1%, con diferenzas entre os distintos países: Estados Unidos crecerá un 2,9% en 2018, sete décimas máis que o ano anterior, e para o ano 2019 prevese que o crecemento sexa inferior, 2,5%. Canadá rexistrará unha desaceleración no ano 2018, pasando dunha taxa do 3,0% en 2017 ao 2,1% en 2018, e manterá un crecemento similar no ano 2019 (2,0%). Para a zona euro prevese unha moderación no seu crecemento para os dous próximos anos, 2,0% de 2018 e 1,9% en 2019. Para Reino Unido o crecemento previsto en 2018 é do 1,4%, tres décimas menos que no ano anterior, e o incremento no 2019 sería do 1,5%. Para Xapón a previsión do FMI indica unha desaceleración nos dous anos, do 1,7% en 2017 ao 1,1% en 2018, e 0,9% en 2019. As economías emerxentes e desenvolvidas<sup>6</sup> consolidarán o seu crecemento nos próximos anos, mantendo a taxa do ano 2017, 4,7%, nos dous anos, aínda que aumentan as desigualdades entre países: prevese que continúe o sólido crecemento da economía India e China, aínda

<sup>5</sup> Estados Unidos, zona euro, Xapón, Reino Unido, Canadá son as principais economías incluídas neste grupo.

<sup>6</sup> Rusia, China, India, Indonesia, Malasia, Brasil, México, Arxentina, países do norte de África e de Oriente medio e subsaharianos forman este grupo.

que China podería verse afectada polas tensións comerciais con Estados Unidos, e un afianzamento no crecemento dos países exportadores de materias primas. As tensións financeiras recentes en países como Arxentina e Turquía reducirían o seu crecemento.

Para o ano 2018, comparando as últimas estimacións elaboradas polo FMI (outubro) e a OCDE (setembro) coas estimacións previas e se consideramos unicamente as principais economías, os novos prognósticos dos dous organismos empeoran o crecemento da área do euro (Francia e Alemaña principalmente), México e Brasil e a OCDE tamén reduce o crecemento do Reino Unido; o FMI mellora as perspectivas de Xapón e Marrocos e a OCDE de India.

Cadro 2 Variación das previsións.

Previsións 2018. PIB Volume. Taxas de variación interanual en %						
	FMI		OCDE <sup>(1)</sup>		Comisión Europea	
	Xullo	Outubro	Maio	Setembro	Maio	Xullo <sup>(2)</sup>
<b>PIB Mundial</b>	<b>3,9</b>	<b>3,7</b>	<b>3,8</b>	<b>3,7</b>	<b>3,9</b>	<b>3,9</b>
Área Euro <sup>(1)</sup>	2,2	2,0	2,2	2,0	2,3	2,1
Francia	1,8	1,6	1,9	1,6	2,0	1,7
Alemaña	2,2	1,9	2,1	1,9	2,3	1,9
Italia	1,2	1,2	1,4	1,2	1,5	1,3
Portugal	2,4	2,3	2,2	2,2	2,3	2,2
<b>España</b>	<b>2,8</b>	<b>2,7</b>	<b>2,8</b>	<b>2,8</b>	<b>2,9</b>	<b>2,8</b>
Reino Unido	1,4	1,4	1,4	1,3	1,5	1,3
Estados Unidos	2,9	2,9	2,9	2,9	2,9	2,9
Xapón	1,0	1,1	1,2	1,2	1,3	1,3
Marrocos	3,1	3,2	--	--	--	--
México	2,3	2,2	2,5	2,2	2,3	2,3
Brasil	1,8	1,4	2,0	1,2	2,4	2,4
China	6,6	6,6	6,7	6,7	6,6	6,6
India	7,3	7,3	7,4	7,6	7,4	7,4
<b>Comercio mundial de bens e servizos</b>	<b>4,8</b>	<b>4,2</b>	--	--	--	--

Fuentes: FMI, OCDE e Comisión Europea

(1) OECD Interim Economic Outlook projections. Non actualiza as previsións de España e Portugal.

A OCDE elabora previsións da Área Euro constituída por 16 países.

(2) A actualización de xullo da Comisión Europea só inclúe os países da Unión Europea. Para o resto de países as previsións son de maio.

Para o 2019, tanto o FMI como a OCDE manteñen ou revisan á baixa as previsións dos principais países.

Cadro 3. Variación das previsións

Previsións 2019. PIB Volume. Taxas de variación interanual en %						
	FMI		OCDE <sup>(1)</sup>		Comisión Europea	
	Xullo	Outubro	Maio	Setembro	Maio	Xullo <sup>(2)</sup>
<b>PIB Mundial</b>	<b>3,9</b>	<b>3,7</b>	<b>3,9</b>	<b>3,7</b>	<b>3,9</b>	<b>3,9</b>
Área Euro <sup>(1)</sup>	1,9	1,9	2,1	1,9	2,0	2,0
Francia	1,7	1,6	1,9	1,8	1,8	1,7
Alemaña	2,1	1,9	2,1	1,8	2,1	1,9
Italia	1,0	1,0	1,1	1,1	1,2	1,1
Portugal <sup>(2)</sup>	1,8	1,8	2,2	2,2	2,0	2,0
<b>España</b>	<b>2,2</b>	<b>2,2</b>	<b>2,4</b>	<b>2,4</b>	<b>2,4</b>	<b>2,4</b>
Reino Unido	1,5	1,5	1,3	1,2	1,2	1,2
Estados Unidos	2,7	2,5	2,8	2,7	2,7	2,7
Xapón	0,9	0,9	1,2	1,2	1,1	1,1
Marrocos <sup>(2)</sup>	4,0	3,2	--	--	--	--
México	2,7	2,5	2,8	2,5	2,7	2,7
Brasil	2,5	2,4	2,8	2,5	2,6	2,6
China	6,4	6,2	6,4	6,4	6,3	6,3
India	7,5	7,4	7,5	7,4	7,6	7,6
<b>Comercio mundial de bens e servizos</b>	<b>4,5</b>	<b>4,0</b>	<b>--</b>	<b>--</b>	<b>--</b>	<b>--</b>

Fontes: FMI, OCDE e Comisión Europea

(1) OECD Interim Economic Outlook projections. Non actualiza as previsións de España e Portugal.

A OCDE elabora previsións da Área Euro constituída por 16 países.

(2) A actualización de xullo da Comisión Europea só inclúe os países da Unión Europea. Para o resto de países as previsións son de maio.

Nos seguintes parágrafos detállanse estas previsións para os principais países da economía mundial e cos que mantemos relacións comerciais e que, polo tanto, teñen unha maior influencia na economía galega. Estes países son Estados Unidos, Xapón, China, India, os principais da zona euro, Reino Unido e Marrocos. Para o seguimento dos países utilízanse principalmente os datos da Comisión Europea, que actualizou o 12 de xullo deste ano, e comentaranse as principais discrepancias coas previsións do FMI (actualizadas en outubro) e as da OCDE (de setembro).

As proxeccións informan de que a expansión económica na zona euro continuará no período 2018-2019, mais moderará o seu crecemento. Os factores que favorecen este incremento: política monetaria acomodaticia, baixos tipos de interese, favorables condicións de financiación e menores necesidades de desapalancamento, continuarán contribuíndo ao dinamismo na demanda interna; porén, as exportacións da zona euro veranse afectadas pola evolución do comercio mundial, condicionado polo efecto das políticas proteccionistas. En 2018 a previsión de crecemento da zona euro estaría en torno ao 2,0% do FMI e da OCDE e o 2,1% da Comisión Europea, unhas catro décimas menos que o ano anterior; en 2019 as previsións do PIB varían entre o 1,9% do FMI e da OCDE e o 2,0% da Comisión Europea, polo que os tres organismos prevén unha ralentización no crecemento nos próximos anos.

Por países dentro da zona euro, as perspectivas da Comisión Europea para 2018 apuntan a un crecemento sólido nas principais economías, mais con taxas inferiores ás do ano anterior nos principais países: Francia crecería un 1,7% en 2018 fronte ao 2,2% en 2017, Alemaña pasaría do 2,2% en 2017 ao 1,9% en 2018, Italia crecería o 1,3%, dúas décimas menos que o ano anterior (1,5%) e Portugal reduciría o crecemento do 2,7% en 2017 ao 2,2% en 2018. As previsións de crecemento para España tamén son inferiores as do ano anterior (3,1% en 2017 e 2,8% en 2018). As previsións do FMI para 2018 son inferiores ás da Comisión Europea para Francia (1,6%), Italia (1,2%) e España (2,7%), mentres que son unha décima superiores para Portugal (2,3%) e coinciden para Alemaña. As previsións da OCDE coinciden coas do FMI para Francia, Alemaña e Italia, e coas da Comisión Europea para Portugal e España.

As previsións para 2019 da Comisión Europea amosan un menor crecemento que no ano 2018 nas principais economías da área euro. Segundo estas previsións, a economía española será a que máis moderará o seu crecemento (catro décimas, ata o 2,4%) en 2019, aínda que seguirá a ser a economía que máis creza. Francia e Alemaña manterán o crecemento do ano 2018, Francia o 1,7% e Alemaña o 1,9%, e Italia e Portugal crecerán dúas décimas menos que en 2018, cunha taxa do 2,0% en Portugal e do 1,1% en Italia. As previsións do FMI baixan estas estimacións para Francia, Italia, Portugal e España e prevén o mesmo crecemento para Alemaña; o crecemento de Francia en 2019 será do 1,6%, o de Alemaña do 1,9%, o de Portugal 1,8%, o de Italia 1,0%, e o de España 2,2%. As previsións da OCDE melloran as perspectivas da Comisión para Francia e Portugal, e coinciden para Italia e España.

No principal país da UE que queda fóra da zona euro, o Reino Unido, as perspectivas para os dous próximos anos indican que continuará a desaceleración no crecemento, cunha taxa do 1,3% en 2018 (catro décimas inferior ao do ano precedente) e un 1,2% en 2019. As previsións do FMI melloran estas estimacións para os dous anos, con crecementos do 1,4% en 2018 e 1,5% en 2019. As previsións da OCDE coinciden coas da Comisión Europea. A saída do Reino Unido da Unión Europea está detrás desta desaceleración da economía británica.

En Estados Unidos, todos os organismos prevén un maior dinamismo nos dous próximos anos, con taxas iguais ou superiores ao 2,5%, debido principalmente aos cambios na política fiscal, aínda que as políticas proteccionistas poderían afectar negativamente. Os tres organismos coinciden na previsión de crecemento para o ano 2018, 2,9%, e para o ano 2019 a OCDE e a Comisión Europea prognostican o 2,7% e o FMI o 2,5%.

En Xapón as últimas previsións mostran un débil crecemento desta economía nos dous próximos anos; o FMI é o organismo coa previsión máis baixa, 1,1% para o ano 2018 e dúas décimas menos en 2019, 0,9%. A OCDE prevé un crecemento estable nos dous anos, 1,2%, e a Comisión Europea estima un crecemento do 1,3% en 2018 e do 1,2% en 2019.

O crecemento da economía china será máis moderado que nos anos anteriores, debido a que continuará co proceso de reequilibramento da súa economía e pola política arancelaria de Estados Unidos, aínda que seguirá con taxas elevadas. As previsións do FMI e a Comisión Europea estiman un crecemento en 2018 do 6,6%, tres décimas inferior ao do ano anterior, e un menor crecemento no ano 2019, entre o 6,3% previsto pola Comisión Europea e o 6,2% do FMI. A OCDE prevé un crecemento do 6,7% en 2018 e do 6,4% en 2019. As previsións para a India amosan unha aceleración da súa economía, grazas á implementación de reformas estruturais e a unha situación demográfica favorable, co que o crecemento en 2018 será superior ao de 2017, cunha taxa que varía entre o 7,3% do FMI e o 7,6% da OCDE; en 2019 acadaría un maior crecemento segundo a Comisión Europea (7,6%) e FMI (7,4%), mentres que a OCDE reduce en dúas décimas respecto ao ano anterior ata o 7,4%.

Utilizando os datos do FMI, a economía de Marrocos, despois de crecer por encima do 4% en 2017, reducirá o seu crecemento no ano 2018 ata unha taxa do 3,2%, que se manterá no ano seguinte.


A Comisión Europea tamén ofrece nas súas previsións o perfil dos crecementos trimestrais e anuais. Os seguintes gráficos presentan o crecemento intertrimestral previsto no mes de maio para as principais economías europeas, Estados Unidos e Xapón para os anos 2018 e 2019 e o observado nos dous primeiros trimestres de 2018.

Á vista destes gráficos obsérvase como as principais economías avanzadas nos dous anos seguirán un comportamento distinto. Os datos observados sinalan que a evolución trimestral das principais economías europeas foi, en xeral, peor que a prevista. En Estados Unidos o valor real acadado foi superior ao previsto nos dous trimestres e en Xapón o primeiro trimestre foi peor que o previsto pero no segundo trimestre sucedeu o contrario.

En termos de taxas interanuais obsérvase como, en xeral, as previsións eran máis optimistas do que sucedeu realmente.

Gráfico 9. Previsións intertrimestrais 2018 e 2019


Previsións crecemento intertrimestral do PIB en 2018 e 2019



Fonte: Comisión Europea

Gráfico 10. Previsións interanuais 2018 e 2019

Previsións crecemento interanual do PIB en 2018 e 2019



Fonte: Comisión Europea

## II.2. ECONOMÍA ESPAÑOLA

A economía española continúa coa fase expansiva iniciada no ano 2014; non obstante, os datos máis recentes sinalan unha moderación no crecemento do PIB. Nos dous primeiros trimestres de 2018, o PIB rexistrou un incremento intertrimestral do 0,6%, taxa inferior á do último trimestre do ano anterior. En termos de taxa interanual, nos dous últimos trimestres obsérvase unha tendencia descendente. A continuación detállase o comportamento da economía española no segundo trimestre do ano comparado co primeiro para mostrar a tendencia a curto da mesma.

O PIB xerado pola economía española no segundo trimestre de 2018 rexistrou un crecemento do 2,5% respecto ao mesmo período do ano anterior, tres décimas inferior ao do trimestre precedente.

Analizando os dous grandes compoñentes do PIB español dende a óptica do gasto obsérvase unha maior achega da demanda nacional contrarrestada cunha achega negativa da demanda externa. Así, por unha parte, a achega da demanda nacional ao PIB é de 3,3 puntos porcentuais, dúas décimas maior que á rexistrada no trimestre precedente e por outra, a demanda externa reduce a súa achega ao crecemento agregado con respecto ao trimestre precedente, situándose en -0,8 puntos porcentuais.

*Cadro 4: España. Compoñentes do PIB polo lado da demanda.*

<b>España. Produto Interior Bruto e os seus compoñentes. Demanda. Índices de volume</b>								
<i>Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación anual e interanual (%)</i>								
Operacións			2017				2018	
	2016	2017	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Gasto en consumo final	2,4	2,4	2,0	2,3	2,4	2,7	2,9	2,2
-Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	2,9	2,5	2,3	2,5	2,6	2,7	3,1	2,3
-Gasto en consumo final das AAPP	1,0	1,9	1,2	1,7	2,0	2,6	2,4	1,9
Formación bruta de capital	2,5	5,4	4,6	3,9	6,7	6,2	4,3	7,8
Demanda interna (en termos nacionais) <sup>(1)</sup>	2,4	2,9	2,5	2,6	3,2	3,3	3,1	3,3
Exportacións de bens e servizos	5,2	5,2	6,1	5,4	5,4	4,2	3,4	2,3
Importacións de bens e servizos	2,9	5,6	5,5	4,4	7,0	5,4	4,7	5,2
<b>PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado</b>	<b>3,2</b>	<b>3,0</b>	<b>2,9</b>	<b>3,1</b>	<b>2,9</b>	<b>3,1</b>	<b>2,8</b>	<b>2,5</b>

<sup>(1)</sup> Achega ao crecemento do PIB pm.

O gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF experimenta un crecemento interanual este trimestre do 2,3%, oito décimas inferior á taxa rexistrada no trimestre precedente.

O gasto en consumo final das AA.PP. rexistra un crecemento do 1,9%, cinco décimas inferior ao do trimestre anterior.

A formación bruta de capital presenta unha taxa de crecemento do 7,8%, superior en 3,5 puntos ao rexistro do trimestre precedente (4,3%), debido ao comportamento conxunto dos principais agregados.

A achega da demanda externa da economía española ao PIB trimestral neste período foi de -0,8 puntos porcentuais, cinco décimas menos que no trimestre precedente; resultado que se produce por un maior crecemento respecto do trimestre anterior das importacións e un menor incremento das exportacións. As exportacións de bens e servizos minoran o seu crecemento, pasando do 3,4% ao 2,3%; isto ben motivado tanto polas exportacións de bens como de servizos, que reducen o seu crecemento.

Pola súa parte, as importacións creceron un 5,2%, cinco décimas máis que no trimestre precedente. As importacións de bens aumentan máis que no trimestre anterior ao contrario que as importacións de servizos que diminúen o seu crecemento.

Dende a perspectiva da oferta e a nivel de agregado, todos os sectores amosan un peor comportamento que no trimestre precedente agás o sector primario.

*Cadro 5. España. Componentes do PIB polo lado da oferta.*

<b>España. Produto Interior Bruto e os seus compoñentes. Oferta. Índices de volume</b>								
<i>Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación anual e interanual (%)</i>								
Operacións			2017				2018	
	2016	2017	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Agricultura, selvicultura, gandería e pesca	8,2	-0,9	-0,7	-2,5	-0,8	0,4	2,2	3,2
Industria	5,6	4,4	4,6	4,2	4,0	4,9	2,6	2,5
- Industria manufacturera	4,7	4,4	3,7	3,7	4,6	5,4	2,8	3,1
Construción	3,5	6,2	5,3	6,5	6,0	6,8	7,4	7,1
Servizos	2,1	2,5	2,3	2,6	2,5	2,5	2,5	2,3
Impostos netos sobre os produtos	4,8	3,3	3,4	4,2	3,1	2,7	2,9	1,0
<b>PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado</b>	<b>3,2</b>	<b>3,0</b>	<b>2,9</b>	<b>3,1</b>	<b>2,9</b>	<b>3,1</b>	<b>2,8</b>	<b>2,5</b>

Fonte: Contabilidad nacional trimestral (INE)

As ramas agraria, gandeira e pesqueira amosan un crecemento do 3,2%, un punto máis que no trimestre precedente.

O valor engadido bruto das ramas industriais aumenta un 2,5% no segundo trimestre, unha décima menos que no primeiro; non, obstante, a industria manufacturera rexistra un crecemento do 3,1%, superior en tres décimas á taxa do primeiro trimestre, 2,8%.

A construción diminúe en tres décimas a súa taxa interanual, ao pasar do 7,4% ao 7,1%.

Por último, os servizos tamén reducen o seu crecemento respecto do trimestre anterior, do 2,5% ao 2,3%.

O emprego, medido en postos de traballo equivalentes a tempo completo, rexistra un crecemento do 2,5% no segundo trimestre, unha décima inferior ao do trimestre precedente. Esta evolución supón un incremento neto de 441 mil empregos equivalentes a tempo completo nun ano. A construción é o único dos grandes sectores que rexistra un maior crecemento que no trimestre anterior e os servizos manteñen o seu crecemento interanual; na industria o emprego aumenta menos que nos trimestres anteriores e o sector primario encadea dous trimestres consecutivos perdendo postos de traballo equivalentes.

O número de horas efectivamente traballadas polas persoas ocupadas na economía seguen unha liña ascendente nos últimos trimestres, ata chegar a un crecemento do 3,0% no segundo trimestre, superando en sete décimas o rexistro do trimestre anterior. As horas traballadas no sector primario diminúen menos no segundo trimestre (-0,8%) que no primeiro (-3,4%) e na industria reducen o seu crecemento respecto do trimestre precedente; en senso contrario, na construción e nos servizos o incremento do número de horas traballadas é superior ao do trimestre anterior.

Con este crecemento da actividade e do emprego, a produtividade aparente por posto de traballo equivalente diminúe en tres décimas, dende o 0,3% ata o 0,0%, e a produtividade por hora traballada é de -0,4%, nove décimas inferior á do trimestre precedente (0,5%).

*Cadro 6. Variación trimestral dos postos de traballo*

<b>España. Postos de traballo equivalentes a tempo completo</b>								
<i>Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación anual e interanual (%)</i>								
			2017				2018	
	2016	2017	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Agricultura, selvicultura, gandería e pesca	3,8	2,5	3,5	3,8	2,0	0,6	-0,4	-1,1
Industria	4,0	3,5	3,7	3,8	3,4	3,2	2,8	2,1
- Industria manufacturera	4,2	3,8	3,9	4,0	3,7	3,6	3,1	2,3
Construción	2,1	6,5	5,9	6,4	6,0	7,7	8,3	8,6
Servizos	2,9	2,5	2,2	2,5	2,6	2,6	2,2	2,2
<b>POSTOS DE TRABAJO EQUIVALENTES A TEMPO COMPLETO</b>	<b>3,0</b>	<b>2,9</b>	<b>2,7</b>	<b>2,9</b>	<b>2,9</b>	<b>2,9</b>	<b>2,6</b>	<b>2,5</b>

Fonte: Contabilidad nacional trimestral (INE)

Estes datos do segundo trimestre de 2018 confirman unha ralentización da economía española en relación cos anos precedentes. As previsións dos principais organismos internacionais que se mostraban no apartado anterior xa prognosticaban en primavera que a economía española moderaría o seu crecemento respecto dos anos anteriores, máis os

datos da contabilidade nacional trimestral avanza que a economía española está a crecer por debaixo do previsto fai uns meses. Nos gráficos anteriores sobre as previsións da Comisión Europea obsérvase como o crecemento interanual do PIB é entre dúas e tres décimas inferior ao esperado e en termos intertrimestrais, as taxas previstas para os dous primeiros trimestres do ano eran unha décima superior ao valor finalmente rexistrado.

No que respecta ao crecemento esperado para 2018 e 2019, as previsións máis recentes son as do Banco de España (de setembro) e o FMI (do mes de outubro). O Banco de España prognostica un crecemento en 2018 do 2,6% e en 2019 do 2,2%. Respecto das previsións de xuño (que coincidían coas do Ministerio de Economía de xullo) houbo unha revisión á baixa de unha décima en 2018 e dúas décimas en 2019. O FMI prevé unha taxa do 2,7% en 2018 e do 2,2% en 2019. A Comisión Europea (xullo) e a OCDE (maio) coinciden nas súas estimacións: 2,8% en 2018 e 2,4% en 2019.

Polo tanto, as previsións para 2018 están entre o crecemento do 2,8% da OCDE, Comisión Europea e Ministerio de Economía e o 2,6% do Banco de España. A análise dos compoñentes dende a perspectiva da demanda segundo estas cinco fontes mostra diferenzas entre elas, motivadas polas distintas estimacións dos agregados: o Ministerio de Economía estima un incremento do consumo privado do 2,4% fronte ao 2,2% do Banco de España e FMI, inferior en todos os casos ao do ano anterior; as previsións de consumo público varían entre o 1,9% do Banco de España e Comisión Europea e o 1,2% da OCDE; con respecto a formación bruta de capital fixo, o Goberno estima un crecemento do 4,2%, fronte ao 5,6% estimado polo FMI, co que rexistraría unha taxa inferior á do ano anterior (5,4%) agás para o FMI. A achega da demanda externa será positiva agás nas previsións do Banco de España e o FMI; as exportacións crecerán entre o 2,1% do FMI e o 5,0% da Comisión Europea; as importacións entre o 2,6% do FMI e o 4,7% da Comisión Europea. Cómpre subliñar que as diferenzas entre as estimacións de exportacións e importacións do Banco de España e FMI respecto dos outros organismos veñen determinadas polas datas en que se realizaron as previsións, xa que nos últimos meses empeoraron as perspectivas do comercio mundial.

Cadro 7. España. Previsións macroeconómicas

Previsións macroeconómicas. España. TVA (%)										
	2018					2019				
	Ministerio Economía (xullo 2018)	Banco de España (setembro 2018)	CE (maio 2018)	FMI (outubro 2018)	OCDE (maio 2018)	Ministerio Economía (xullo 2018)	Banco de España (setembro 2018)	CE (maio 2018)	FMI (outubro 2018)	OCDE (maio 2018)
<b>PIB por compoñentes de demanda</b>										
Gasto en consumo final nacional de fogares	2,4	2,2	2,3	2,2	2,3	1,9	1,6	1,9	1,8	1,8
Gasto en consumo final nacional das AA.PP.	1,5	1,9	1,9	1,5	1,2	1,4	1,5	1,3	1,0	1,1
Formación bruta de capital fixo	4,2	5,1	4,6	5,6	4,4	4,0	4,1	3,9	3,6	4,3
Demanda nacional <sup>(2)</sup>	2,5	2,7	2,6	2,8	2,6	2,2	2,1	2,2	2,0	2,2
Exportacións de bens e servizos	4,7	2,6	5,0	2,1	4,6	4,5	3,9	4,7	3,7	4,5
Importacións de bens e servizos	4,6	3,1	4,7	2,6	4,2	4,2	4,0	4,5	3,2	4,2
Saldo exterior <sup>(3)</sup>	0,2	-0,1	0,2	-0,1	0,3	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2
<b>Produto interior bruto</b>	<b>2,7</b>	<b>2,6</b>	<b>2,8*</b>	<b>2,7</b>	<b>2,8</b>	<b>2,4</b>	<b>2,2</b>	<b>2,4</b>	<b>2,2</b>	<b>2,4</b>
<b>Produto interior bruto nominal</b>	<b>4,3</b>	<b>3,7</b>	<b>4,3</b>	<b>4,1</b>	<b>4,8</b>	<b>4,1</b>	<b>3,9</b>	<b>4,0</b>	<b>4,0</b>	<b>3,9</b>
<b>Mercado de traballo</b>										
Emprego equivalente a tempo completo	2,5	2,4	2,6	2,1	2,2	2,2	1,9	2,3	1,1	2,0
Taxa de paro	15,5	15,3	15,3	15,6	15,5	13,8	13,8	13,8	14,7	13,8

(1) Inclúe ás ISFLSF

(2) En Ministerio de Economía, Banco de España e Comisión Europea: Achega ao crecemento do PIB

(3) Achega ao crecemento do PIB

(\*) Previsión de xullo

Fonte: Ministerio de Economía y empresa, Banco de España, Comisión Europea, OCDE e FMI

O crecemento previsto para o ano 2019 será inferior ao do 2018 segundo os principais organismos elaboradores de previsións, entre o 2,2% do Banco de España e o FMI e o 2,4% dos outros tres organismos. A achega da demanda nacional ao crecemento do PIB situarase entre 2,0 e 2,2 puntos porcentuais. O consumo privado crecerá entre catro e seis décimas menos que no ano anterior, o Banco de España sinala o peor comportamento (1,6%) e o Ministerio de Economía e a Comisión Europea a taxa máis alta (1,9%). As previsións sinalan que a formación bruta de capital fixo tamén crecerá menos que no ano anterior, entre 0,1 e 2,0 puntos menos, con taxas en 2019 do 3,6% do FMI e o 4,3% da OCDE. O gasto en consumo final das AA.PP. crecerá menos que no ano anterior; a estimación do FMI é a máis baixa, 1,0%.


A achega do sector exterior será positiva segundo os cinco organismos. As previsións para as exportacións varía entre o 3,7% do FMI e o 4,7% da Comisión Europea; o Banco de España e o FMI prevén un maior crecemento das exportacións que no ano anterior. O crecemento previsto para as importacións sitúase entre o 3,2% do FMI e o 4,5% da Comisión.

No que respecta á taxa de paro, as previsións máis optimistas para o 2018 corresponden ao Banco de España e a Comisión Europea, cunha taxa de paro do 15,3%; o FMI prevé unha taxa do 15,6% e os outros dous organismos prevén unha taxa de paro do 15,5%. Para o ano 2019 todos os organismos estiman unha taxa do 13,8% agás o FMI que eleva en case un punto esta taxa, ata o 14,7%.

Con estas estimacións, o descenso máis acusado na taxa no ano 2018 sería o do Goberno e a OCDE, 1,7 puntos, mentres o FMI rebaixaría 0,9 puntos.

Ademais das previsións dos organismos públicos nacionais e internacionais, FUNCAS elabora un panel de previsións mediante a realización de enquisas entre 18 servizos de análise españois. Se calculamos a media das previsións considerando tamén as das entidades privadas, obtemos un valor do 2,7% para o ano 2018.


Gráfico 11. España. Previsión PIB 2018.



Fonte: Funcas, OCDE, FMI, Comisión Europea, Ministerio de Economía e Banco de España

Para o ano 2019 a media das previsións dos organismos públicos nacionais e dos internacionais é dun crecemento do 2,3%, sendo o Banco de España e o FMI os que prognostica o menor incremento, 2,2%. A media dos organismos privados nacionais é tamén do 2,3%.

Gráfico 12. España. Previsión PIB 2019.



Fonte: Funcas, OCDE, FMI, Comisión Europea, Ministerio de Economía e Banco de España

### II.3. ECONOMÍA GALEGA


Os datos máis recentes<sup>7</sup> de crecemento económico para Galicia mostran unha prolongación da fase expansiva da economía galega; nos últimos anos, Galicia mantivo un crecemento sostido, con taxas de crecemento interanuais en torno ao 3%. No segundo trimestre de 2018, o PIB galego creceu un 2,8%, tres décimas menos que no trimestre anterior; en termos de taxas intertrimestrais, o crecemento foi do 0,6%, unha décima inferior ao do trimestre precedente. A continuación detállase o comportamento da economía galega no segundo trimestre do ano comparado co primeiro para mostrar a tendencia a curto prazo da mesma.

Cadro 8. Galicia. Evolución económica recente

<b>Galicia. Produto interior bruto</b>								
<i>Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario</i>								
	2016	2017	2017				2018	
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Variación interanual	3,1	3,1	3,0	3,2	3,1	3,1	3,1	2,8
Variación intertrimestral	--	--	0,6	0,9	0,8	0,7	0,7	0,6

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

Gráfico 13. Galicia, evolución comparativa do PIB



Fonte: IGE, INE, EUROSTAT


## Demanda

A economía galega mantivo un crecemento equilibrado nos últimos anos, con achegas positivas tanto da demanda interna como da externa desde mediados do ano 2014.

Nos dous primeiros trimestres de 2018, a achega da demanda interna en termos nacionais ao crecemento do PIB segue a ser positiva, de 2,8 puntos porcentuais no primeiro trimestre e de 3,0 puntos porcentuais no segundo. Porén, mentres que o sector exterior achegou 0,3 puntos ao crecemento do PIB no primeiro trimestre, no segundo trimestre a contribución foi negativa, -0,3 puntos porcentuais, por un maior dinamismo das importacións que das exportacións.

O gasto en consumo final presenta un aumento do 2,2%, lixeiramente inferior ao do trimestre precedente; o apartado da formación bruta de capital rexistra un crecemento do 8,1%, superando en máis de dous puntos a taxa do primeiro trimestre.

Gráfico 14. Galicia, evolución recente do PIB, achega interna vs externa



Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

Cadro 9. Galicia, PIB, desglose polos compoñentes da demanda

<b>Galicia. Produto Interior Bruto e os seus compoñentes. Demanda. Índices de volume</b>								
<i>Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)</i>								
Operacións	2016	2017	2017				2018	
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Gasto en consumo final	2,1	1,5	1,5	1,1	1,8	1,6	2,3	2,2
-Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	2,0	1,3	0,6	1,3	1,5	1,8	2,7	2,1
-Gasto en consumo final das AAPP	2,2	2,1	3,9	0,5	2,7	1,2	1,4	2,6
Formación bruta de capital	0,6	3,2	1,6	1,9	4,9	4,3	6,0	8,1
Demanda interna (en termos nacionais) <sup>(1)</sup>	1,8	1,7	1,5	1,2	2,2	2,0	2,8	3,0
Exportacións de bens e servizos	5,5	4,8	6,9	6,4	0,6	5,4	7,1	4,5
Importacións de bens e servizos	3,1	2,3	4,1	2,8	-1,0	3,6	7,0	5,5
<b>PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado</b>	<b>3,1</b>	<b>3,1</b>	<b>3,0</b>	<b>3,2</b>	<b>3,1</b>	<b>3,1</b>	<b>3,1</b>	<b>2,8</b>

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

<sup>(1)</sup> Achega ao crecemento do PIB pm.

O gasto en consumo final dos fogares e institucións sen fins de lucro ao servizo dos fogares mantivo un crecemento superior ao 2% na primeira metade do ano, superando o crecemento do ano anterior. O dato do segundo trimestre foi inferior ao do primeiro, 2,1% fronte a 2,7%. Os principais indicadores de consumo dos fogares móstranse en sintonía co agregado debido a que presentan unha taxa interanual no segundo trimestre inferior á do trimestre anterior. O indicador de renda salarial real (calculado con afiliación, incremento salarial pactado en convenio e o IPC como deflactor), o índice de vendas de comercio polo miúdo deflactado e a matriculación de turismos rexistra un crecemento inferior ao do trimestre anterior.

As vendas de comercio polo miúdo aumentaron nos oito primeiros meses do ano un 1,2%, taxa similar á do conxunto do ano 2017; o maior incremento ata agora foi no primeiro trimestre.

As matriculacións de turismos incrementáronse no que vai de ano un 12,2%, taxa superior á do ano anterior, cun incremento significativo nos meses de xullo e agosto debido á entrada en vigor en setembro do novo sistema de homologación de emisións.

O gasto en consumo final das administracións públicas acada un incremento do 2,6% no segundo trimestre, superando en 1,2 puntos a taxa rexistrada no primeiro trimestre.

A formación bruta de capital amosa un crecemento do 8,1%, máis de dous puntos superior á do trimestre anterior e o maior incremento nos últimos anos. Indicadores como a produción industrial en bens de equipo, as importacións de bens de equipo deflactadas co índice de valor unitario e as matriculacións de vehículos de carga melloran o rexistro do trimestre precedente. Os indicadores relativos á inversión en construción tamén teñen un comportamento positivo.

A contribución do sector exterior ao crecemento do PIB mantívose en valores positivos desde o ano 2013 ata o segundo trimestre de 2018, onde resta 0,3 puntos. Tanto as exportacións como as importacións están a crecer, en media anual, por riba do ano anterior, mais un maior incremento das importacións (5,5%) que das exportacións (4,5%) no segundo trimestre leva a esta achega negativa. As exportacións ao resto do mundo e o gasto dos non residentes mostran un peor comportamento no segundo trimestre que no primeiro, mentres que as exportacións ao resto de España seguen unha evolución ascendente, en liña coa demanda interna de España.

## Oferta

Dende a perspectiva da oferta, no segundo trimestre de 2018 as taxas de crecemento interanual dos grandes agregados son superiores ás do trimestre precedente agás na industria.

As ramas agraria, gandeira e pesqueira presentan un crecemento do 1,9%, 1,6 puntos superior á taxa do primeiro trimestre.

As ramas industriais rexistran un crecemento do 3,5%, empeorando en 2,7 puntos o rexistro do trimestre precedente. Dentro destas, a industria manufactureira creceu un 4,1%, 0,3 puntos menos que no trimestre anterior.

O principal indicador do sector industrial, o Índice de produción industrial (IPI) reflicta o bo comportamento deste sector no que vai de 2018. Nos oito primeiros meses do ano, o índice aumenta un 6,6% en Galicia, mentres que no conxunto do ano 2017 o incremento foi do 1,8%. As ramas de actividade que mais repercuten son a produción de enerxía e o sector naval.

A información dispoñible sobre o sector da construción sinalan a recuperación da actividade neste sector, cunha evolución positiva e crecente na primeira metade do ano, acadando un crecemento do 6,0% no segundo trimestre. O sector da edificación é o que máis contribúe a este incremento.

O sector dos servizos presenta un crecemento interanual do 2,3% no segundo trimestre, taxa similar á do trimestre precedente. Todas as ramas rexistran taxas positivas. As ramas con maiores crecementos son Información e comunicacións e Actividade profesional. Son tamén estas dúas ramas, xunto coas Actividades inmobiliarias, as únicas que rexistran taxas máis elevadas que no trimestre anterior.

O sólido crecemento da rama de Comercio, transporte e hostalería nos tres últimos anos, con crecementos por enriba do 6%, determinou o bo comportamento do sector servizos. No que vai de ano, esta rama modera o seu crecemento, manténdose no 3,3% os dous primeiros trimestres.

Cadro 10. Galicia, PIB, desglose polos compoñentes da oferta

<b>Galicia. Produto Interior Bruto e os seus compoñentes. Oferta. Índices de volume</b>								
<i>Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)</i>								
Operacións	2016	2017	2017				2018	
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Agricultura, selvicultura, gandería e pesca	1,1	1,7	3,3	1,2	1,0	1,2	0,3	1,9
Industria	2,4	1,7	-1,3	3,0	2,2	3,0	6,2	3,5
- Industria manufacturera	3,5	4,2	2,8	5,6	4,2	4,2	4,4	4,1
Construción	1,6	3,5	3,7	2,7	3,2	4,5	4,7	6,0
Servizos	3,5	3,3	3,9	3,3	3,3	2,8	2,2	2,3
- Comercio, transporte e hostalería	7,4	6,3	7,8	6,9	5,9	4,7	3,3	3,3
- Información e comunicacións	3,8	5,1	7,3	4,7	4,1	4,3	1,6	4,1
- Actividades financeiras e de seguros	0,0	0,5	0,8	0,2	1,4	-0,3	0,9	0,1
- Actividades inmobiliarias	0,2	0,9	1,3	0,3	0,9	1,0	1,2	1,6
- Actividades profesionais	4,0	3,9	4,3	3,3	4,0	4,1	3,7	4,3
- Administración pública, sanidade e educación	0,9	1,3	1,1	0,8	1,5	2,0	1,4	1,2
- Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	1,5	0,3	0,3	0,4	0,4	0,3	0,3	0,3
Impostos netos sobre os produtos	3,8	4,0	3,1	4,4	4,1	4,2	4,7	3,0
<b>PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado</b>	<b>3,1</b>	<b>3,1</b>	<b>3,0</b>	<b>3,2</b>	<b>3,1</b>	<b>3,1</b>	<b>3,1</b>	<b>2,8</b>

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

## Emprego

O emprego, medido en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, creceu no segundo trimestre do ano 2018 un 1,8%, o que supón un incremento de 17.864 postos de traballo equivalentes en un ano.

Atendendo ás ramas de actividade aprécianse rexistros positivos en todos os grandes agregados agás o sector primario. Con respecto aos rexistros do trimestre precedente, todos melloran o seu comportamento agás tamén o sector primario.

O incremento do emprego na primeira metade do ano foi lixeiramente inferior ao do mesmo período do ano anterior. Este peor comportamento ven determinado pola perda de postos de traballo equivalentes no sector primario, logo dos fortes incrementos nos mesmos trimestres do ano anterior. As taxas de crecemento nos demais sectores son superiores ás do mesmo período do ano precedente.

Cadro 11. Galicia, Emprego, evolución en termos interanuais

<b>Galicia. Postos de traballo equivalentes a tempo completo</b>								
<i>Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)</i>								
			2017				2018	
	2016	2017	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Agricultura, selvicultura, gandería e pesca	4,6	3,5	7,8	4,5	4,0	-2,0	-4,7	-6,2
Industria	2,6	3,3	2,8	3,1	3,5	3,7	3,4	3,9
- Industria manufactureira	2,6	3,4	3,0	3,2	3,6	4,0	3,8	4,3
Construción	-1,0	0,8	-0,2	0,8	0,6	2,1	4,7	5,3
Servizos	1,9	1,4	1,5	1,5	1,4	1,3	1,6	1,8
- Comercio, transporte e hostalería	1,7	1,8	1,5	2,0	1,9	1,6	2,4	2,1
- Información e comunicacións	4,2	0,1	-0,1	-0,1	0,4	0,4	-0,2	1,2
- Actividades financeiras e de seguros	-4,2	1,0	0,8	1,0	1,2	1,1	-0,6	-0,8
- Actividades inmobiliarias	-7,4	2,7	0,4	2,6	3,3	4,4	6,2	5,7
- Actividades profesionais	3,4	4,2	4,0	5,2	4,2	3,5	3,3	2,4
- Administración pública, sanidade e educación	1,8	0,2	0,6	0,0	0,0	0,3	1,1	1,9
- Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	3,1	0,7	1,6	-0,2	0,7	0,6	-1,8	0,3
<b>POSTOS DE TRABALLO EQUIVALENTES A TEMPO COMPLETO</b>	<b>2,0</b>	<b>1,8</b>	<b>2,0</b>	<b>1,9</b>	<b>1,9</b>	<b>1,5</b>	<b>1,6</b>	<b>1,8</b>

Fonte: IGE. Contabilidade trimestral

As ramas agraria, gandeira e pesqueira perden un 6,2% dos postos de traballo equivalentes no segundo trimestre de 2018, co que empeoran en 1,5 puntos o rexistro do trimestre precedente.

O conxunto da industria incrementa os postos de traballo respecto do mesmo trimestre do ano 2018 nun 3,9%, mellorando á taxa do trimestre anterior en cinco décimas; as industrias manufactureiras rexistran un incremento do 4,3%, cinco décimas máis que no trimestre precedente.

Os postos de traballo equivalentes a tempo completo aumentan o 5,3% na construción, mellorando seis décimas a taxa rexistrada no primeiro trimestre.

Por último, os servizos rexistran un crecemento do 1,8%, dúas décimas máis que no trimestre anterior. Todas as ramas deste sector amosan taxas positivas agás as Actividades financeiras e de seguros. Información e comunicacións, Administración pública, sanidade e educación e Actividades artísticas, recreativas e outros servizos son as únicas ramas con taxas superiores ás do trimestre anterior.

Distinguindo por situación profesional, o emprego asalariado, en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, rexistrou no segundo trimestre un crecemento do 3,2%, seis décimas superior á do trimestre anterior e a taxa máis alta nos últimos dez anos.

O número de horas efectivamente traballadas aumenta no segundo trimestre de 2018 o 0,4%, menos que no trimestre anterior. Para as persoas asalariadas, o número de horas aumenta o 2,2%, superando o rexistro do trimestre precedente.

O número de horas efectivas aumenta en todos os grandes agregados, agás na agricultura e pesca, nos dous primeiros trimestres do ano.

Considerando de forma conxunta o crecemento do PIB trimestral e o do emprego, a variación interanual da produtividade aparente do factor traballo sitúase no 0,9% no segundo trimestre, seis décimas inferior á do trimestre anterior. A variación interanual da produtividade aparente por hora efectiva sitúase no 2,3%.

#### Prezos correntes

O PIB valorado a prezos correntes presenta, no segundo trimestre de 2018, un crecemento interanual do 3,4%, cinco décimas inferior ao do trimestre precedente. Este incremento implica unha taxa do deflactor implícito do 0,6%, unha décima inferior á taxa rexistrada no trimestre anterior.

Cadro 12. Galicia, PIB, desglose polos compoñentes da demanda e da oferta a prezos correntes

<b>Galicia. Produto Interior Bruto trimestral e os seus compoñentes. Prezos correntes</b>								
<i>Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación anual e interanual (%)</i>								
Operacións	2016	2017	2017				2018	
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Gasto en consumo final	2,1	3,0	3,1	2,4	2,8	3,6	3,2	3,7
-Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	2,0	3,1	2,7	3,0	3,1	3,4	3,8	3,8
-Gasto en consumo final das AAPP	2,3	2,8	4,1	0,9	1,9	4,2	1,7	3,1
Formación bruta de capital	0,1	2,4	0,6	1,3	3,6	3,9	5,5	7,4
Demanda interna (en termos nacionais) <sup>(1)</sup>	1,7	2,8	2,6	2,2	2,8	3,6	3,4	4,1
Exportacións de bens e servizos	3,1	6,2	8,0	7,4	3,0	6,7	8,6	7,0
Importacións de bens e servizos	-0,1	4,0	5,1	3,1	2,0	5,7	8,4	8,9
<b>PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado</b>	<b>3,4</b>	<b>4,1</b>	<b>4,2</b>	<b>4,4</b>	<b>3,4</b>	<b>4,3</b>	<b>3,9</b>	<b>3,4</b>
Agricultura, selvicultura, gandería e pesca	1,7	2,1	1,9	2,9	2,1	1,5	3,1	4,8
Industria	0,7	5,2	4,3	7,2	5,0	4,4	7,0	5,4
- Industria manufactureira	2,8	6,2	4,6	7,5	6,3	6,4	6,0	5,6
Construción	2,8	3,1	2,8	1,9	3,4	4,2	5,0	6,1
Servizos	4,3	4,1	4,4	4,3	3,0	4,5	2,9	2,4
- Comercio, transporte e hostalería	8,1	7,1	8,4	8,2	6,8	5,3	3,7	3,4
- Información e comunicacións	2,7	3,5	4,4	2,7	3,1	3,9	1,4	2,9
- Actividades financeiras e de seguros	2,4	4,8	3,8	2,2	7,8	5,5	4,4	-0,8
- Actividades inmobiliarias	0,5	1,0	0,9	1,0	1,1	1,1	1,6	1,7
- Actividades profesionais	4,4	4,3	3,9	4,9	4,2	4,0	3,7	3,4
- Administración pública, sanidade e educación	2,3	1,8	1,8	1,6	-1,9	5,8	2,3	1,7
- Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	2,1	1,9	2,0	1,8	2,1	1,6	1,7	1,5
<b>Impostos netos sobre os produtos</b>	<b>3,0</b>	<b>4,0</b>	<b>4,7</b>	<b>3,4</b>	<b>4,0</b>	<b>3,9</b>	<b>4,5</b>	<b>4,5</b>

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

<sup>(1)</sup> Achega ao crecemento do PIB pm.

## II.4. ESCENARIO MACROECONÓMICO

O escenario macroeconómico que se presenta conta co aval da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal (AIReF), en cumprimento do artigo 14 da Lei Orgánica 6/2013, de 14 de novembro, de creación da AIReF. A AIReF avala como prudentes as previsións macroeconómicas para 2019 de Galicia, ao caer na parte central dos intervalos de previsión.

O escenario macroeconómico para Galicia elabórase cun modelo de estimación dos agregados macroeconómicos de demanda a curto prazo (ver Anexo). Parte dunhas hipóteses básicas para as que se tivo en conta o escenario comentado anteriormente para España no apartado de economía española, as previsións de crecemento das principais economías mundiais expostas no apartado de economía internacional e hipóteses externas sobre o tipo de cambio e os prezos do petróleo. Na seguinte táboa móstranse os devanditos supostos.

Cadro I.3. Hipóteses básicas do escenario.

Hipóteses básicas			
Taxas de variación interanual en %, salvo indicación en contrario			
	2018	2019	Fuente
Poboación en idade de traballar	-0,3	-0,3	Elaboracion propia
Gasto en consumo final das AAPP	1,9	1,8	Consellería de Facenda
Demanda interna España	2,6	2,3	Elaboracion propia
Demanda interna Francia	1,8	1,8	Comisión Europea (maio 2018)
Demanda interna Alemaña	2,1	2,1	Comisión Europea (maio 2018)
Demanda interna Italia	1,5	1,2	Comisión Europea (maio 2018)
Demanda interna Portugal	2,3	2,1	Comisión Europea (maio 2018)
Demanda interna Bélxica	1,8	1,8	Comisión Europea (maio 2018)
Demanda interna Países Baixos	3,1	2,8	Comisión Europea (maio 2018)
Demanda interna Reino Unido	1,3	1,1	Comisión Europea (maio 2018)
Demanda interna Estados Unidos	3,2	2,9	Comisión Europea (maio 2018)
IPC xeral sen produtos enerxéticos España	1,1	1,4	Elaboracion propia
Tipo de cambio dólar/euro	1,18	1,14	Banco Central Europeo (setembro 2018)
Prezo petróleo "Brent" (nivel)	71,5	71,7	Banco Central Europeo (setembro 2018)

A economía galega continuará mostrando un sólido crecemento, cunha moderación progresiva; prevese unha taxa do 2,8% en 2018 e do 2,5% en 2019.

No seguinte cadro representamos esta previsión desagregada para os compoñentes da demanda.

Cadro 14. Galicia. Escenario macroeconómico dos orzamentos 2019.

Cadro macroeconómico Galicia. Variación anual en %			
	2017	2018	2019
<b>Gasto en consumo final</b>	1,5	2,1	2,0
- Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	1,3	2,2	2,1
- Gasto en consumo final das AAPP	2,1	1,9	1,8
<b>Formación bruta de capital</b>	3,2	6,6	3,4
<b>Achega demanda interna<sup>1</sup></b>	1,7	2,7	2,2
<b>Exportación de bens e servizos</b>	4,8	5,5	4,5
<b>Importación de bens e servizos</b>	2,3	5,9	4,3
<b>Produto interior bruto (PIB)</b>	3,1	2,8	2,5
<b>Produto interior bruto nominal</b>	4,1	3,6	3,9
<b>Emprego. PTETC</b>	1,8	1,7	1,4
<b>Taxa de paro<sup>2</sup></b>	15,7	14,1	12,7

<sup>1</sup> Contribución en puntos porcentuais

<sup>2</sup> % da poboación activa

Fonte: IGE

En liñas xerais, o crecemento da economía galega en 2018 basearase, desde a óptica da demanda, na demanda interna, que alcanzará 2,7 puntos porcentuais, como consecuencia do bo comportamento dos principais agregados.

Para o ano 2019, desde a óptica da demanda, a achega da demanda interna será de 2,2 puntos porcentuais, cun sólido crecemento do consumo público e privado. A achega da demanda externa será positiva, tanto as exportacións como as importacións manterán un forte dinamismo.

Detállase a continuación, para os principais agregados da demanda, o cadro macroeconómico para o ano 2019 que configuran o crecemento do 2,5%.

O gasto en consumo final dos fogares e institucións sen fins de lucro crecerá un 2,1% en 2019, crecemento similar ao previsto para 2018. Neste ano a renda real dos fogares veríase favorecida polo incremento do emprego e dos salarios e pensións. Para o ano 2019, o efecto do incremento salarial podería reducirse por unha menor intensidade na creación de emprego.

O gasto en consumo final das administracións públicas aumentará un 1,8%, unha décima menos que no ano 2018.

3. A formación bruta de capital crecerá un 3,4% en 2019. As previsións indican que se manterá un ritmo de crecemento robusto nos próximos anos. A inversión en bens de equipo manterá unha senda expansiva, favorecida polo dinamismo da industria manufacturera, polas condicións financeiras favorables e unha mellora no saneamento das empresas. A inversión residencial continuará a súa recuperación, favorecida polo crecemento do emprego e a dispoñibilidade de financiamento, aínda que a perda de poboación en Galicia reduce a demanda de vivenda.

4. A achega da demanda externa será positiva no ano 2019, como consecuencia dun aumento das exportacións do 4,5% e das importacións do 4,3%. Para o ano 2018 prevese unha contribución neutra do sector exterior, cun forte dinamismo tanto das exportacións como das importacións. As exportacións manterán un crecemento robusto en 2019 aínda que inferior ao do ano anterior, debido á redución da demanda interna de España e dalgúns países do noso entorno. As previsións do FMI, da OCDE e da Comisión Europea indican unha consolidación no crecemento da demanda interna das principais economías mundiais; a modo de exemplo expoñemos os datos das principais economías segundo as previsións da Comisión Europea, FMI e OCDE.

*Cadro 15. Previsións macroeconómicas internacionais*

<b>Previsións macroeconómicas 2019. Demanda interna.</b>			
<b>Taxas de variación interanual en %</b>			
	<b>FMI (outubro 2018)</b>	<b>OCDE (maio 2018)</b>	<b>Comisión Europea (maio 2018)</b>
<b>Área Euro</b>	1,9	--	2,0
Francia	1,6	1,9	1,8
Alemaña	2,1	2,2	2,1
Italia	1,2	1,0	1,2
Portugal	--	2,4	2,1
<b>España</b>	<b>2,0</b>	<b>2,2</b>	<b>2,2</b>
Reino Unido	1,3	0,8	1,1
Estados Unidos	3,2	3,0	2,9

Fonte: FMI, OCDE e Comisión Europea

Polo que respecta ás importacións, o crecemento do 4,3% é inferior ao do ano anterior, debido a unha menor intensidade na demanda de bens de equipo.

5. Por último, a taxa de paro situarase no 12,7% en 2019, manténdose por debaixo da previsión para España segundo os principais organismos públicos. Chegáramos a esta taxa cun incremento do emprego (1,4%) e un descenso da poboación activa.

#### Anexo metodolóxico sobre o escenario macroeconómico de Galicia

Neste anexo resúmese a metodoloxía empregada para a elaboración do escenario macroeconómico, seguindo o disposto na Directiva 2011/85/UE do Consello, sobre requisitos aplicables aos marcos orzamentarios dos Estados membros.

O método utilizado para a elaboración do escenario macroeconómico é un modelo de estimación de agregados macroeconómicos de demanda a curto prazo. É un modelo de periodicidade trimestral que pretende simular a evolución dos agregados macroeconómicos nun marco coherente cos escenarios propostos para as economías española e internacional e integrado no sistema de contas económicas de Galicia elaborado polo Instituto Galego de Estatística (IGE).

O modelo proporciona estimacións de: gasto en consumo final dos fogares, demanda de capital (formación bruta de capital), demanda de traballo (ocupados), oferta de traballo (poboación activa) e taxa de paro; deflactor del PIB, custo laboral e índice de prezos de consumo; exportacións e importacións.

As exportacións trátanse de forma distinta que as importacións. Nas exportacións distínguese entre as exportacións ao resto de España e as exportacións ao resto do mundo, mentres que as importacións se consideran nunha única ecuación.

As previsións sobre as variables macroeconómicas do escenario realízanse mediante modelos de ecuacións a curto e longo prazo que incorporan relacións de cointegración en modelos de corrección do error. O principio deste modelo é que existe unha relación de equilibrio a longo prazo entre as variables económicas e que no curto prazo pode haber desequilibrios, que son corrixidos gradualmente a través de axustes parciais polo termo do error.

Distínguense, polo tanto, dúas ecuacións de comportamento asociadas: unha ecuación a longo prazo, que explica a evolución tendencial da variable e unha ecuación a curto prazo, que explica a dinámica transitoria de tipo estacionario.

Cada ecuación estímase en dúas etapas. Primeiro estímase os parámetros da ecuación a longo prazo e unha vez obtida a especificación máis adecuada no longo prazo, defínese o mecanismo de corrección do error como os residuos da ecuación. Na segunda etapa os residuos trátanse como unha variable explicativa máis e procédese á procura de especificación e estimación dos parámetros da ecuación a curto prazo.

A taxa de paro, as exportacións totais, o deflactor de exportacións totais, o stock de capital e o produto interior bruto (PIB) obtéñense como identidades.

A información de base obtense da Contabilidade anual e trimestral de Galicia, dos indicadores conxunturais dispoñibles para a economía galega obtidos a partir das operacións estatísticas elaboradas polo IGE ou das distintas operacións estatísticas nacionais que proporcionan a información para Galicia. Esta información é obxecto de diversas transformacións ata chegar aos datos empregados no modelo. Este tratamento inclúe operacións diversas, como deflactación, enlace de series con distintas bases, cálculo de indicadores compostos, desestacionalización, etc.

Realízanse supostos sobre a evolución das variables exógenas ao modelo. Estes baséanse nas previsións que realizaron os organismos nacionais e internacionais na súas últimas previsións. Para as variables nas que Galicia presenta un comportamento propio, distinto ao nacional, como a poboación de 16 anos e máis anos, elabóranse uns supostos específicos para Galicia.

#### Supostos básicos

Os principais supostos utilizados para a elaboración das previsións son:

Poboación de 16 e máis anos: Prevese unha traxectoria consistente coas proxeccións de poboación de Galicia.

Demanda interna de España: os supostos sobre a súa evolución elabóranos o IGE a partir das previsións realizadas para España polos organismos públicos nacionais e internacionais.

Demanda interna dos principais países do entorno de Galicia: as hipóteses sobre a evolución da demanda interna dos principais países coinciden coas últimas previsións da Comisión Europea para estes países.

Índice de prezos de consumo sen produtos enerxéticos de España: as hipóteses son elaboradas polo IGE en función da evolución do índice así como das previsións dos distintos organismos.

Tipo de cambio dólar/euro: utilízanse os supostos sobre a evolución que prevé o Banco Central Europeo.

Prezo do petróleo Brent: utilízanse os supostos sobre a evolución que prevé o Banco Central Europeo.

#### Ecuacións

A continuación descríbense brevemente as ecuacións empregadas. En todas elas a frecuencia de observación é trimestral e as series foron axustadas de estacionalidade e calendario.

#### Demanda de traballo

A demanda de traballo queda determinada a partir da función de produción e das condicións de primeira orde de maximización dos beneficios da empresa representativa.

#### Demanda de capital

Ao igual que coa demanda de traballo, na teoría a demanda de capital a longo prazo derívase da función de produción e da condición de primeira orde de maximización de beneficios. Na ecuación do modelo depende do produto interior bruto e do tipo de interese nominal das sociedades non financeiras.

#### Oferta de traballo

A ecuación da oferta de traballo (poboación activa) indica que depende da poboación en idade de traballar e da taxa de paro.

#### Consumo privado

Na ecuación do consumo final dos fogares a única variable explicativa como tal é o PIB, que actúa como aproximación á renda dos fogares.

#### Exportacións ao resto de España

As exportacións galegas ao resto de España dependen da demanda interna española e dun índice de competitividade, medido a través dos prezos de exportación dos países competidores no mercado do resto de España.

#### Exportacións ao resto do mundo

As exportacións ao resto do mundo dependen principalmente dun indicador de demanda mundial.

#### Importacións

As importacións dependen da demanda interna.

#### Deflactor do PIB

A ecuación que describe o deflactor do PIB considera que a súa evolución depende do custo laboral, do índice xeral de prezos de exportación dos países competidores, da inversa da relación capital – produto e da produtividade total dos factores.

Deflactor de exportacións ao resto de España

O deflactor de exportacións ao resto de España depende dos prezos internos, aproximados polo deflactor do PIB, e dos prezos de exportación dos competidores do resto de España.

Deflactor de exportacións ao resto do mundo

O deflactor de exportacións ao resto do mundo depende do prezo de exportación dos países competidores do resto do mundo.

Deflactor de importacións

O deflactor de importacións depende dos prezos internos e dos prezos externos dos provedores.

Custo laboral

A ecuación de custo laboral mostra que a súa evolución depende da produtividade marxinal do traballo a prezos correntes.

## **II.5. O ESCENARIO FINANCIERO. SITUACIÓN MONETARIA E FINANCIERA.**

En liñas xerais, os mercados financeiros internacionais víronse influenciados en 2018 polas crecentes tensións comerciais a nivel mundial, a incerteza política en Italia e as políticas monetarias dos principais bancos centrais, destacando a subida de tipos nos Estados Unidos e o anuncio do comezo da retirada de estímulos na Eurozona a finais de ano.

Como resultado, en 2018 o euro depreciouse fronte ao dólar e os índices bolsistas e as rendibilidades da débeda pública rexistraron un comportamento mixto derivada da alta volatilidade dos mercados.

A evolución da actividade na economía mundial no período máis recente foi caracterizada por unha certa perda de pulso, acompañada dun aumento de heteroxeneidade por áreas xeográficas.

A incerteza política mantense como un factor de risco latente. Nas economías avanzadas, os inversores contan cunhas mellores perspectivas económicas grazas á maior forza da eurozona e a un avance da actividade en EEUU que se mantén sólido.

### II.5.1. Tipos oficiais de referencia

TIPOS DE XURO OFICIAIS						
	2015	2016	2017	2018		
				Marzo	Xuño	Setembro
<b>Op. principais de financiamento</b>	0,05	0,01	0,00	0,00	0,00	0,00
<b>Facilidade marxinal de crédito</b>	0,30	0,26	0,25	0,25	0,25	0,25
<b>Facilidade de depósito</b>	-0,21	-0,38	-0,40	-0,40	-0,40	-0,40
<b>Fondos Federales (EE UU)</b>	0,50	0,75	1,50	1,75	2,00	2,25
<b>Tipo de Xuro Oficial (Xapón)</b>	0,10	-0,10	-0,10	-0,10	-0,10	-0,10

Datos: tipos fin de período

*Cadro 16: Tipos Oficiais de Referencia.*

Tras crecer a unha taxa media do 0,7 % nos catro trimestres de 2017, o PIB real da zona euro experimentou unha certa moderación no seu crecemento ata situarse nun 0,4%, en termos intertrimestrais, tanto no primeiro como no segundo trimestre de 2018. As proxeccións macroeconómicas elaboradas polos expertos do Banco Central Europeo (BCE) para a zona euro de setembro de 2018 prevén un crecemento do PIB real do 2% en 2018, do 1,8% en 2019 e do 1,7% en 2020.

Por outra banda, segundo a estimación do avance de Eurostat, a inflación interanual da zona do euro situouse no 2% en agosto de 2018, fronte ao 2,1% de xullo. Tendo en conta que os indicadores da inflación subxacente mantéñense estables, é probable que as taxas de inflación interanual flutúen en torno aos niveis actuais durante o resto do ano, se ben, espérase un repunte cara a finais do ano e un incremento gradual no medio prazo. Porén as proxeccións macroeconómicas dos expertos do BCE para a zona do euro de setembro de 2018 sitúan a inflación anual no 1,7% en 2018, 2019 e 2020.

Ante estas previsións, o Consello de Goberno do BCE do 13 de setembro de 2018, decidiu manter sen variación os tipos de xuro oficiais aplicables ás operacións principais de financiación, a facilidade marxinal de crédito e a facilidade de depósito (no 0,00%, o 0,25% e o -0,40%, respectivamente) e estímase que se manterán nos niveis actuais polo menos ata o terceiro trimestre de 2019.

En relación coas medidas de política monetaria non convencionais, o Consello de Goberno anunciou a continuidade das adquisicións netas a un menor ritmo (ata 30 mm de euros ata o final de setembro de 2018, reducíndose a 15 mm de euros ata o final deste ano) e anticipando o cese das compras sempre que os novos datos confirmen as súas perspectivas de inflación a medio prazo.


Pola contra, na súa reunión dos días 25 e 26 de setembro, o Comité Federal de Mercado Aberto (FOMC) da Reserva Federal (Fed) decidiu aumentar os tipos de xuro dos Fondos Federais en 25 pb (ata o rango obxectivo do 2,00%-2,25%). Na súa declaración o Comité puxo de manifesto que a actividade económica está a crecer a un ritmo sólido, e a inflación mantense preto ao obxectivo do 2%.

Neste sentido as previsións cara o futuro apuntan a un posible aumento adicional das taxas antes de que finalice o ano, e aumentos graduais en 2019 e 2020.

O Banco de Xapón (BoJ), na súa reunión dos días 18 e 19 de setembro, decidiu manter o tipo negativo aplicable ás contas correntes que as entidades financeiras manteñen no banco (-0,1%). Así mesmo, o BoJ decidiu manter sen cambios o seu programa de compra de activos.

No seguinte gráfico pódense apreciar os movementos de tipos de xuro dos Bancos Centrais nos últimos anos:

Gráfico 15. Evolución tipos de Intervención.



## II.5.2. Tipos de Xuros Interbancarios

Cadro 17: Tipos de Xuros Interbancarios.

Tipos de xuros na área do euro (Porcentaxes)					
Período	Eonia	A un mes	A tres meses	A seis meses	A un ano
<b>2015</b>	-0,11	-0,07	-0,02	0,05	0,17
<b>2016</b>	-0,32	-0,34	-0,26	-0,16	-0,03
<b>2017</b>	-0,35	-0,37	-0,33	-0,26	-0,15
<b>Mar.2018</b>	-0,36	-0,37	-0,33	-0,27	-0,19
<b>Xuñ.2018</b>	-0,36	-0,37	-0,32	-0,27	-0,18
<b>Set.2018</b>	-0,36	-0,37	-0,32	-0,27	-0,17


Datos anuais: Tipos medios anuais. Datos trimestrais: tipos fin de período

No mercado interbancario da zona euro, os tipos de xuro, tras acadar o seu mínimo histórico en abril de 2018, repuntaron lixeiramente como consecuencia do aumento das primas de risco esixidas no mercado e das expectativas de endurecemento da política monetaria.

Os prazos do Euribor máis longos, a 6 e 12 meses, mostraron un leve repunte, máis intenso no Euribor a 12 meses, pasando dun valor a finais de xaneiro de -0,279% e -0,191%, respectivamente, a un -0,268% no prazo de 6 meses e un -0,157%, no 12 meses o 2 de outubro.

Pola contra, no Euribor de prazos máis curtos o comportamento durante 2018 é practicamente plano; o prazo de 1 mes pasa de -0,369% a finais de xaneiro, a un -0,371 o dous de outubro e o 3 meses, que en xaneiro acadaba un -0,328% en outubro o nivel era do -0,318%.

Gráfico 16. Evolución euribor



### II.5.3. Mercado de Débeda Pública

Cadro 18: Mercado de Débeda Pública.

Período	Bono 10 anos			Prima de risco (puntos básicos)
	España	Italia	Alemaña	España -Alemaña
<b>2015</b>	1,75	1,71	0,54	121
<b>2016</b>	1,39	1,46	0,14	125
<b>2017</b>	1,58	2,09	0,37	120
<b>Mar.2018</b>	1,36	1,97	1,58	77
<b>Xuñ.2018</b>	1,38	2,77	0,40	98
<b>Set.2018</b>	1,51	2,90	0,44	107

Datos anuais: Tipos medios anuais. Datos trimestrais: tipos fin de periodo

As rendibilidades da débeda publica europea, despois do forte repunte experimentado no verán do 2017, retomaron a senda descendente que terían iniciado no mes de marzo; acabando o ano con fortes descensos no mercado secundario de débeda.

En 2018, as crecentes tensións comerciais, as expectativas de normalización da política monetaria e a incerteza política en Italia, incrementaron as rendibilidades da débeda

pública, principalmente no período comprendido entre de xullo e principios de setembro, e con especial incidencia na prima de risco dos países periféricos.

Neste sentido, o rendemento do bono español a 10 anos situouse o 3 de setembro no 1,49%, superior en 16pb ao rexistrado o 29 de xuño. O rendemento do bono alemán aumentou neste período 3 pb, ata o 0,34%, situando o diferencial España-Alemaña a 115 pb, superior en 13 pb ao nivel observado a finais de xuño.

Neste período é especialmente destacable o aumento da rendibilidade na débeda en Italia (50 pb), situándose o diferencial España-Italia en -169 pb, fronte aos -135 pb do 29 de xuño.

Nos Estados Unidos, o rendemento do bono a dez anos situouse o 3 de setembro no 2,86%, 2pb por encima do nivel acadado a finais de xuño.

Gráfico 17. Comparativa rendibilidade bonos a 10 anos.




Gráfico 18. Evolución da prima de risco fronte ao bono alemán.



#### II.5.4. Mercados Bolsistas

Cadro 19: Mercados Bolsistas

Índices de cotización bolsistas							
Período	IBEX 35	Eurostoxx 50	CAC 40	DAX	FTSE 100	Dow Jones	Nikkei
2015	10.647,18	3.451,81	4.843,09	11.006,63	6.575,04	17.487,96	19.227,20
2016	8.790,86	3.030,48	4.466,99	10.289,03	6.551,58	18.027,38	17.044,59
2017	10.288,96	3.485,07	5.174,95	12.436,24	7.367,09	21.937,62	20.281,63
Mar.2018	9.600,40	3.361,50	5.167,30	12.096,73	7.056,61	24.103,11	21.454,30
Xuñ.2018	9.622,70	3.395,60	5.323,53	12.306,00	7.636,93	24.271,41	22.304,51
Set.2018	9.389,20	3.399,20	5.493,49	12.246,73	7.510,20	26.458,31	24.120,04
Variación anual en %							
2015	1,1	9,4	11	14,5	-1,7	3,7	23,2
2016	-17,4	-12,2	-7,8	-6,5	-0,4	3,1	-1,4
2017	16,9	15	15,8	20,9	12,4	21,7	19
Mar.2018	-8,2	-4	0,9	-1,8	-3,6	16,6	13,5
Xuñ.2018	-7,9	-1,3	4	-0,2	4,4	13,7	11,3
Set.2018	9,6	-5,4	3,1	-4,5	1,9	18,1	18,5

Datos anuais: Tipos medios anuais. Datos trimestrais: tipos fin de período

Os principais índices bolsistas a ambos lados do Atlántico rexistraron resultados mixtos en 2017, nun contexto de elevada volatilidade derivada das expectativas de normali-

zación da política monetaria e a incerteza xeopolítica. Así mesmo, víronse afectados polas fluctuacións no prezo do petróleo e pola apreciación do euro.


Xa en 2018, durante as primeiras semanas do ano, os índices bolsistas aumentaron con forza, impulsados polos sectores bancario e enerxético, debido ás expectativas dunha retirada menos gradual dos estímulos monetarios por parte do BCE e ao aumento dos prezos do petróleo. Con todo segundo avanzaba o trimestre o aumento da volatilidade propiciou unha corrección xeneralizada dos índices, e aínda que repuntaron posteriormente, recuperando parte do terreo perdido, a maioría de prazas pecharon o período comprendido entre finais de decembro do ano pasado e principios de marzo con caídas.

No segundo trimestre do ano, as tensións comerciais e a inquietude con respecto as divisas dos países emerxentes, e en Europa a incerteza política en Italia, aumentaron a volatilidade e a aversión ao risco, e presionaron á baixa a maioría dos índices.

Non obstante, ao longo do mes de setembro, a redución da aversión ao risco, como resultado da moderación das tensións e a evolución favorable da economía estadounidense, impulsaron a maioría dos índices.

Así, no mercado europeo, o índice Eurostoxx 50 caeu un 0,1% no período comprendido entre o 31 de agosto e o 2 de outubro. No mercado español, o IBEX35 diminuíu un 1%, situándose o 2 de outubro en 9.305,50 puntos. No resto de prazas europeas, rexistrouse un comportamento mixto cun predominio de ganancias: os índices avanzaron en Italia, Francia e Reino Unido (1,4% e 1,1% e 0,6%, respectivamente) e retrocederon en Alemaña (-0,6%). No mercado estadounidense, o índice S&P 500 rexistrou un avance do 0,8% no período, co que a ganancia acumulada anual sitúase no 9,3%.

Gráfico 19. Mercados Bolsistas



## II.5.5. Mercados de Divisas

Cadro 20: Mercados de Divisas

Tipos de cambio do euro (medias do período)		
Período	Dólar EEUU	Ien xaponés
<b>2015</b>	1,110	134,29
<b>2016</b>	1,107	120,31
<b>2017</b>	1,129	126,65
<b>Mar.2018</b>	1,234	130,86
<b>Xuñ.2018</b>	1,168	128,53
<b>Set.2018</b>	1,166	130,54
% de apreciación sobre un ano antes		
<b>2015</b>	-16,5	-4,3
<b>2016</b>	-0,3	-10,4
<b>2017</b>	2	5,3
<b>Mar.2018</b>	15,5	8,4
<b>Xuñ.2018</b>	4	3,2
<b>Set.2018</b>	-2,1	-1,1

Datos anuais: Tipos medios anuais. Datos trimestrais: tipos fin de período

Durante 2017 o euro apreciouse fronte ao dólar. O resultado das eleccións francesas, a incerteza sobre as futuras decisións de política económica en Estados Unidos e a fortaleza das principais economías europeas, a pesar das perspectivas de normalización monetaria por parte da Fed, favoreceron a cotización do euro fronte ao dólar.

En 2018, as expectativas de normalización da política monetaria na Eurozona e as tensións comerciais entre Estados Unidos e China fortaleceron lixeiramente a cotización do euro, nun contexto de elevada volatilidade, e a pesar do aumento de tipos en Estados Unidos. Así, no período comprendido entre finais de febreiro e principios de abril deste ano, o euro apreciouse unha 0,4% fronte ao dólar e ao ien, e se depreciou un 1,2% fronte a libra esterlina. No mesmo período, o euro apreciouse un 0,1% en termos de cambio efectivo nominal fronte ao conxunto dos países industrializados.

Posteriormente, o aumento dos tipos de interese e a publicación de indicadores macroeconómicos favorables en Estados Unidos, xunto á incerteza política en Italia, fortaleceron a cotización do dólar fronte ao euro durante o mes de xuño.

Durante o mes de setembro o aumento de tipos de interese en Estados Unidos, as expectativas de novas subidas e a favorable evolución da economía estadounidense, fortaleceron a cotización do dólar fronte ao euro.

Gráfico 20. Mercados de Divisas





Gráfico 21. Mercados de Divisas





## O PLAN ESTRATÉGICO DE GALICIA 2015-2020.



### III. O PLAN ESTRATÉXICO DE GALICIA 2015-2020.

#### III.1. Introducción

O Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2015-2020 ten por obxectivo xeral impulsar o crecemento económico fomentando un modelo de crecemento económico baseado na innovación e o capital humano, que favoreza unha Galicia moderna e cohesionada social e territorialmente e que permita diminuír o desemprego, aumentar a produtividade e o benestar dos galegos e das galegas colaborando a retomar a senda do crecemento demográfico e facendo da nosa Comunidade un territorio máis atractivo para traballar, investir e convivir.

Ademais, é unha ferramenta para impulsar e coordinar as distintas estratexias sectoriais da Xunta a medio prazo e ao mesmo tempo favorecer os valores diferenciais de Galicia promovendo a especialización, a calidade e a mellora do valor engadido dos seus produtos.

O Plan presenta catro características a destacar:

- A súa elaboración, execución e seguimento baséase nun modelo de asociación entre a Xunta e os diferentes axentes sociais da Comunidade Autónoma.
- Un deseño en base a unha lóxica de intervención empregando a teoría do cambio, é dicir os obxectivos estratéxicos indican o cambio que perseguen para dar resposta aos diferentes retos que enfronta a Comunidade Autónoma identificados a partir dun diagnóstico da situación socioeconómica.
- Presenta a finalidade de facilitar a reorientación dunha xestión pública autonómica encamiñada a resultados que se plasma nos plans e programas de gasto das distintas Consellerías e que recollen os obxectivos e indicadores do Plan.
- Conta cun plan de avaliación e seguimento que establece os compromisos de seguimento das actuacións e dos resultados acadados a través de indicadores de produtividade e de resultado, respectivamente. Así mesmo, establece a realización de avaliacións de determinadas políticas públicas durante a execución do Plan. O seguimento e avaliación do Plan permitiría propoñer a súa reformulación se fose preciso.

Para acadar os obxectivos centrais do PEG, desenvólense as prioridades de actuación e os obxectivos estratéxicos que se agrupan en catro eixes de actuación máis un instrumental. Ademais, o plan integra os principios horizontais de asociación e gobernanza, promoción da igualdade de homes e mulleres e non discriminación e desenvolvemento sustentable. Por outra parte, todo o plan constrúese coa finalidade de avanzar en catro obxectivos transversais que abranguen a todos os eixes de actuación:


- Colaborar a mudar a actual dinámica demográfica.
- Cohesión territorial e fixación da poboación no medio rural.

- Fomento do emprendemento e internacionalización en todos os campos.
- Impulso da cultura da innovación.

En definitiva, o Plan Estratéxico 2015-2020 está estruturado en tres niveis principais: eixe, prioridade de actuación e obxectivo estratéxico / obxectivo instrumental. O PEG consta de 5 eixes prioritarios, 20 prioridades de actuación, 74 obxectivos estratéxicos e 21 obxectivos instrumentais. Para a medición da realización acadada dos obxectivos operativos conta con 194 indicadores de produtividade clave, coa súa desagregación por xénero cando procede. Por outro lado, para a análise da consecución dos obxectivos previstos hai 135 indicadores de resultado.

O seguinte cadro mostra unha representación esquemática dos eixes, obxectivos transversais e principios horizontais da estratexia do PEG 2015-2020.

Gráfico 22: Estrutura do PEG 2015-2020



Fonte: Consellería de Facenda

### III.2. OBXECTIVOS E PRIORIDADES DE GASTO NOS ORZAMENTOS 2019 DO PLAN ESTRATÉXICO 2015-2020

A asignación financeira dos Orzamentos Xerais para 2019 rexeuse pola cobertura das necesidades de funcionamento dos servizos públicos e polas prioridades de investimento atendendo aos eixes e obxectivos estratéxicos do PEG 2015-2020.

En efecto, realizouse un encaixe da estrutura orzamentaria co PEG aos efectos de priorizar investimentos segundo a lóxica de intervención establecida no Plan. Ademais, o PEG integra a programación de fondos europeos do período 2014-2020.

A través desta asociación, os orzamentos son coherentes cos retos establecidos no PEG a nivel rexional en materia de crecemento e converxencia económica, emprego, I+D+i, educación, inclusión, medio ambiente e dinamización demográfica, que a súa vez, inclúen e complementan os indicadores da Estratexia Europa 2020, ampliando o rango nalgún dos ámbitos. Estes retos de cara ao ano 2020 son:

- Crecemento medio anual do PIB superior ao 2,5% en termos reais.
- Converxer, en termos de PIB per cápita, 5 puntos con España ata acadar un 92,7% da media estatal. Coa Unión Europea o obxectivo é converxer 8 puntos, en torno aos niveis de converxencia acadados antes do comezo da crise económica, o que significa situarse no 87% do PIB per cápita da UE expresado en paridades de poder adquisitivo.
- Elevar o peso das exportacións no PIB ata o 40%.
- Acadar unha taxa de emprego do 70% para a poboación de entre 20 e 64 anos, obxectivo coherente con crear en torno a 100.000 postos de traballo e baixar a taxa de paro preto do 10%.
- Investir un 1,7% do Produto Interior Bruto (PIB) na investigación e o desenvolvemento, duplicando a porcentaxe dos últimos anos.
- Reducir a taxa de abandono escolar a menos do 13,5% e aumentar ata o 47% a porcentaxe de persoas de 30 a 34 anos con estudos superiores.
- Reducir nun 35% as emisións de carbono respecto dos niveis de 2005 (equivale a reducir un 20% respecto a 1990), situar nun 30% o uso das enerxías renovables, e aumento do 20% na eficiencia enerxética que se equipara coa redución nun 20% da intensidade enerxética final respecto ao ano 2005.
- Reducir entre 90.000 e 100.000 o número de persoas en situación o risco de pobreza ou exclusión social o que implica situar a taxa de risco de pobreza ou exclusión social no 20%.

Cadro 21: Retos do PEG 2015-2020 e Obxectivos da Estratexia "Europa 2020"

RETOS DO PLAN ESTRATÉGICO DE GALICIA 2015-2020		Obxectivo 2020		
		Galicia	España	Unión Europea
<b>1. Actividade económica e converxencia</b>	Crecemento medio anual do PIB real (%)	2,5		
	Converxencia coa Unión Europea (UE28=100)	87,0		
	Converxencia con España (España=100)	92,7		
	Peso das exportacións no PIB (%)	40,0		
<b>2. Emprego</b>	Creación de emprego (miles de ocupados)	121,0		
	Taxa de ocupación da poboación de 20 a 64 anos (%) (*)	70,0	74,0	75,0
	Taxa de paro (%)	10,3		
<b>3. I+D+i</b>	Gasto en I+D+i sobre o PIB (%) (*)	1,7	2,0	3,0
<b>4. Educación</b>	Taxa de abandono escolar temperán (%) (*)	13,5	15,0	10,0
	Porcentaxe de persoas de 30 a 34 que acadaron estudos terciarios (%) (*)	47,0	44,0	40,0
<b>3. Cambio climático e sustentabilidade enerxética</b>	Emisións de gases efecto invernadoiro (1990=100) (*)	20,0	20,0	20,0
	Porcentaxe de enerxías renovables (%) (*)	30,0	20,0	20,0
	Aumento da eficiencia enerxética (%) (*)	20,0	20,0	20,0
<b>5. Loita contra a pobreza e a exclusión social</b>	Persoas en risco de pobreza e exclusión social (nº) (*)	95-100 mil	1,4-1,5 millóns	20 millóns

(\*) Obxectivos principais da Estratexia Europa 2020

Estes obxectivos están relacionados entre si e poténcianse mutuamente:

- As melloras educativas contribúen a empregabilidade e a redución da pobreza.
- O crecemento das inversións en I+D e en innovación na economía, unidas aos recursos máis eficaces, farán crear máis emprego e ser máis competitivos e produtivos.
- Investir en tecnoloxías máis limpas combate o cambio climático e crea novas oportunidades de negocios e emprego.

O importe asignado no Orzamentos xerais para o ano 2019 ascende a 9.868,4 millóns de euros, cifra na que non se contemplan os gastos derivados da débeda pública (Programa de gasto 911A). A asimilación da orzamentación no 2019 á estrutura do PEG resúmese no cadro seguinte:

Cadro 22: PEG 2015-2020 no Orzamento 2019

Eixes e Prioridades de actuación	Importe	% total	% eixe
<b>E1. Empregabilidade e crecemento intelixente</b>	<b>3.161.633.751</b>	<b>32,0</b>	
PA.1.1 Impulso da consolidación das políticas de gastos vencelladas á I+D+i. Integrar a Galicia no círculo virtuoso da innovación para o crecemento	180.050.186	1,8	5,7
PA.1.2 Fomento da actividade empresarial e comercial, impulso da competitividade e internacionalización das empresas e autónomos, apoio á artesanía, regulación sectorial e protección da competencia	227.234.648	2,3	7,2
PA.1.3 Aumento da empregabilidade e produtividade dos traballadores e traballadoras de Galicia a través da formación e innovación constante	262.695.577	2,7	8,3
PA.1.4 Completar Galicia no que atinxe a infraestruturas básicas. Dar un novo pulo ás políticas de rehabilitación e conservación da vivenda	319.649.286	3,2	10,1
PA.1.5 Consolidar un sistema educativo que minimize o fracaso escolar e se aliñe en resultados coas rexións líderes de Europa en todos os niveis e impulsar o SUG cara á excelencia	2.172.004.054	22,0	68,7
<b>E2. Benestar das persoas e as familias e cohesión social</b>	<b>5.006.772.895</b>	<b>50,7</b>	
PA.2.1 Sistema sanitario sustentable e de calidade. Fomento da saúde pública e dos hábitos de vida saudables	4.009.757.208	40,6	80,1
PA.2.2 Desenvolvemento do sistema de servizos sociais de atención ás persoas maiores e dependentes	419.338.223	4,2	8,4
PA.2.3 Mellora dos servizos sociais a familias e á infancia, apoio á conciliación e á promoción da igualdade, servizos e axudas complementarios da educación e políticas de xuventude e cooperación	404.667.565	4,1	8,1
PA.2.4 Deseño dunha estratexia de integración social que mellore o benestar da cidadanía, axude ás persoas máis desfavorecidas a retornar o máis axiña posible a situacións socioeconómicas aceptables e que fomente a igualdade de xénero	144.189.620	1,5	2,9
PA.2.5 Garantir o acceso a unha vivenda digna en réxime de propiedade ou aluguer axeitada ás posibilidades de cada familia	28.820.279	0,3	0,6
<b>E3. Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandeiría e montes</b>	<b>1.026.751.977</b>	<b>10,4</b>	
PA.3.1 Fomento do sector primario baseado na innovación e a calidade do produto galego que fixe a poboación ao medio rural	615.577.181	6,2	60,0
PA.3.2 Enerxía renovable eficiente, intelixente e non agresiva co medio ambiente e a paisaxe. Fomento dunha economía baixa en carbono	89.948.897	0,9	8,8
PA.3.3 Potenciación do turismo en Galicia a partir dun medio ambiente e cultura privilexiados	64.184.397	0,7	6,3
PA.3.4 Conservación da natureza, ordenación do territorio e da paisaxe e cohesión territorial	209.835.813	2,1	20,4
PA.3.5 Pechar un modelo de tratamento de residuos e un modelo de ciclo da auga líder en Europa	47.205.689	0,5	4,6
<b>E4. Sociedade dixital, lingua, cultura e reforzo do peso de Galicia no seu entorno</b>	<b>516.495.992</b>	<b>5,2</b>	
PA.4.1 Desenvolvemento da economía dixital. Apoio á industria cultural e de medios como unha fonte de riqueza e impulso ao desenvolvemento da sociedade da información	232.243.967	2,4	45,0
PA.4.2 Conservación e promoción da riqueza cultural de Galicia	49.981.196	0,5	9,7
PA.4.3 Impulso das institucións de autogoberno e mellora da súa influencia e colaboración con Europa, a Eurorexión e o resto do Estado	234.270.829	2,4	45,4
<b>E5. Administración moderna, eficiente e de calidade</b>	<b>156.780.933</b>	<b>1,6</b>	
PA.5.1 Función pública profesional, motivada e orientada ao servizo público	12.049.120	0,1	7,7
PA.5.2 Administración transparente, eficiente e orientada a resultados	144.731.813	1,5	92,3
<b>Total</b>	<b>9.868.435.548</b>	<b>100,0</b>	

Fonte: Consellería de Facenda

O tomo dos Orzamentos Xerais correspondente á “Memoria de Obxectivos e Programas” contén de modo detallado a descrición das actuacións que deben colaborar a acadar os anteriores obxectivos. Asemade, e como ven sendo habitual, na mesma Memoria de Obxectivos e Programas se dispón de exhaustiva información dos indicadores de

produtividade asociados ás partidas de gasto, co que se posibilita a valoración da eficacia e eficiencia das actuacións de gasto recollidas nos orzamentos.

### III.3. EIXES DE ACTUACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE GALICIA 2015-2020 (PEG 2015-2020).

O orzamento en termos de Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020 (en adiante PEG) para o ano 2019 ascende a 9.868,4 millóns de euros, importe que comprende o das entidades con orzamento limitativo (Administración xeral, organismos autónomos e axencias públicas autonómicas e entidades públicas instrumentais de asesoramento ou consulta) e no que non se contemplan os gastos derivados da débeda pública (programa de gasto 911A).

A distribución por eixes, manifesta unha vez máis, que son os gastos destinados á Benestar das persoas e as familias e Cohesión social, os que absorben unha maior parte do orzamento, como garantía e mantemento dos gastos sociais, e coa finalidade de lograr uns servizos públicos de calidade dirixidos á cidadanía, principalmente nos eidos da sanidade, xunto á mellora dos servizos sociais a familias e á infancia, apoio á conciliación, servizos e axudas complementarios da educación e políticas de xuventude e cooperación e o sistema de servizos sociais de atención ás persoas maiores e dependentes. Así mesmo recolle a promoción da igualdade de oportunidades dos homes e mulleres galegas, ofrecendo ás persoas que se atopan con especiais dificultades os recursos e servizos que lles garantan a súa inclusión social. Ascende este eixe a 5.006,8 millóns de euros, e representa o 50,7% do total do PEG.

En segundo lugar está a aposta pola empregabilidade e o crecemento intelixente, o eixe I, cun orzamento total de 3.161,6 millóns de euros, o 32,0% sobre o total. Neste eixe atópanse as políticas de gastos vinculadas á I+D+i, que permitan integrar a Galicia no círculo virtuoso da innovación para o crecemento. Ademais destaca o fomento da actividade empresarial e comercial, co impulso da competitividade e internacionalización das empresas e autónomos, o apoio á artesanía, a regulación sectorial e a protección da competencia.,

Completar Galicia no que atinxe a infraestruturas básicas e dar un novo pulo ás políticas de rehabilitación e conservación da vivenda, son prioridades de actuación neste eixo.

Atopa así mesmo reflexo neste eixe, os gastos dirixidos ao mercado de traballo, coa finalidade de aumentar a empregabilidade e produtividade dos traballadores galegos a través da formación e innovación constante. Por outro lado, minimizar o fracaso escolar e aliñarse en resultados coas rexións líderes de Europa en tódolos niveis e impulsar o SUG cara á excelencia, son os principais retos aos que ten que facer fronte o sistema educativo, prioridade de actuación que representa o 68,7% do eixe.

O eixe 3 destinado a impulsar un crecemento sustentable, ao territorio e á agricultura, montes e mar, presenta un orzamento de 1.026,8 millóns de euros e o 10,4% do total, céntrase fundamentalmente en fomentar un sector primario baseado na innovación e a calidade do produto galego que fixe a poboación ao medio rural.

Tamén neste eixe inclúense os gastos dirixidos a fomentar unha economía baixa en carbono e unha enerxía renovable eficiente, intelixente e non agresiva co medio ambiente e a paisaxe.

A potenciación do turismo en Galicia a partir dun medio ambiente e cultura privilexiados e a conservación da natureza, ordenación do territorio e da paisaxe e a cohesión territorial son prioridades de actuación dentro do eixe.

Por último, establécese o reto de pechar un modelo consistente de tratamento de residuos e un modelo de ciclo da auga líder en Europa.

O eixe 4 presenta un importe de 516,5 millóns de euros e o 5,2% do total. Inclúe a consolidación dun modelo de crecemento vinculado á economía dixital, a través da mellora no uso e na calidade das TICs e no acceso ás mesmas.


Inclúese tamén neste eixe o orzamento para apoiar á industria cultural e de medios, como unha fonte de riqueza e impulso ao desenvolvemento da sociedade da información, así como para a conservación e promoción da riqueza cultural de Galicia e o impulso das institucións de autogoberno e mellora da súa influencia e colaboración con Europa, a Eurorexión e o resto do Estado.

O eixe 5, alcanza os 156,8 millóns de euros e o 1,6% do orzamento. Nel recóllese o obxectivo de alcanzar unha administración moderna, eficiente e de calidade, baseada nunha función pública profesional, motivada e orientada ao servizo público e unha administración transparente, eficiente e orientada a resultados e na mellora na eficiencia e na calidade e accesibilidade dos servizos aos cidadáns.

*Cadro 23 Distribución orzamento 2019 por eixes do PEG*

<b>Eixes</b>	<b>Importe</b>	<b>% total</b>
E1. Empregabilidade e crecemento intelixente	3.161.633.751	32,0
E2. Benestar das persoas e as familias e cohesión social	5.006.772.895	50,7
E3. Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandeiría e montes	1.026.751.977	10,4
E4. Sociedade dixital, lingua, cultura e reforzo do peso de Galicia no seu entorno	516.495.992	5,2
E5. Administración moderna, eficiente e de calidade	156.780.933	1,6
<b>Total</b>	<b>9.868.435.548</b>	<b>100,0</b>

Fonte: Consellería de Facenda  
Gráfico23: Distribución orzamento 2019 por eixes do PEG



Fonte: Consellería de Facenda

## EIXE 1: EMPREGABILIDADE E CRECIMENTO INTELIXENTE.

Este eixe recolle un modelo integral de desenvolvemento que ten como fin principal que no 2020 se superen os postos de traballo destruídos pola crise. Esta situación acadarase en base a unha modernización integral do sistema produtivo baseada na innovación e no coñecemento sen descoidar os sectores produtivos tradicionais.

As rexións europeas están obrigadas a competir en base á tecnoloxía, deseño e innovación de xeito continuado se non queren ver deslocalizada a súa produción a países de baixos prezos.

Para iso, debe implantarse a cultura da innovación en todos os eidos socioeconómicos de Galicia, de xeito que, a través dun proceso que non será inmediato, se normalice o proceso innovador como un máis dentro da cadea de produción, o que suporá unha auténtica revolución na formulación dos sistemas produtivos e de xestión e venda, pero tamén unha importante fonte de xeración de nichos de emprego agora inexistentes.

Para acadar este obxectivo, os orzamentos de 2019 programan investimentos nas seguintes prioridades de actuación segundo se detalla no cadro IV:

- a) PA 1.1. Impulso da consolidación das políticas de gastos vencelladas á I+D+i. Integrar a Galicia no círculo virtuoso da innovación para o crecemento.
- b) As principais actuacións nesta PA son: Conecta PEMES, INOVA en Galicia, Proxecto CIVIL UAVS INITIATIVE e o impulso a centros tecnolóxicos, organismos de investigación e centros singulares do SUG, .
- c) PA 1.2. Fomento da actividade empresarial e comercial, impulso da competitividade e internacionalización das empresas e autónomos, apoio á artesanía, regulación sectorial e protección da competencia.
- d) As principais liñas de actuación serán o impulso dos instrumentos financeiros, as axudas para procesado, comercio e desenvolvemento de produtos agrícolas e inversión en activos fixos, as liñas de préstamos do IGAPE e modernización, emprendemento e innovación do comercio e das PEMES comerciais,
- e) PA 1.3. Aumento da empregabilidade e produtividade dos traballadores e traballadoras de Galicia a través da formación e innovación constante.
- f) Entre as actuacións desta PA destacan as seguintes: formación prioritaria a desempregados, escolas obradoiro e obradoiros de emprego, fomento do emprego en centros especiais de emprego, programas integrados para o emprego, fomento do traballo autónomo e do emprendemento, programas de adquisición de experiencias profesionais para desempregados, novas actuacións da estratexia de autónomos, formación ocupacional continua,...
- g) PA 1.4. Completar Galicia no que atinxe a infraestruturas básicas. Dar un novo pulo ás políticas de rehabilitación e conservación da vivenda.
- h) As principais actuacións contemplan a realización de obra nova por parte da SPI, a conservación ordinaria da rede viaria e a vialidade invernal, reforzo de firmes e actuacións en travesías, conexión co polígono industrial de San Cibrao das Viñas, programa REXURBE, sendas peonís e ciclistas para fomentar a mobilidade urbana e interurbana sostible, mellora da seguridade viaria, mellora da mobilidade no Morrazo, integración paisaxística do Camiño de Santiago,...
- i) PA 1.5. Consolidar un sistema educativo que minimize o fracaso escolar e se aliñe en resultados coas rexións líderes de Europa en todos os niveis e impulsar o SUG cara á excelencia.
- j) Cómpre resaltar nesta PA as seguintes actuacións: programas de mellora da aprendizaxe e rendemento e programas de diversificación curricular, ciclos formativos de grao medio da formación profesional, mellora funcional, integración e sinalética dos centros públicos de ensino, reparacións, ampliacións e melloras nos centros públicos de ensino, construción de novos centros de ensino, mellora da eficiencia enerxética nos centros de ensino,...


No seguinte cadro detállase o gasto orzamentario de 2019 neste eixe por prioridade de actuación.

Cadro 24: Gasto orzamentario 2019 Eixe I

E1. Empregabilidade e crecemento intelixente	Importe	% total	% eixe
PA.1.1 Impulso da consolidación das políticas de gastos vencelladas á I+D+i. Integrar a Galicia no círculo virtuoso da innovación para o crecemento	180.050.186	1,8	5,7
PA.1.2 Fomento da actividade empresarial e comercial, impulso da competitividade e internacionalización das empresas e autónomos, apoio á artesanía, regulación sectorial e protección da competencia	227.234.648	2,3	7,2
PA.1.3 Aumento da empregabilidade e produtividade dos traballadores e traballadoras de Galicia a través da formación e innovación constante	262.695.577	2,7	8,3
PA.1.4 Completar Galicia no que atinxe a infraestruturas básicas. Dar un novo pulo ás políticas de rehabilitación e conservación da vivenda	319.649.286	3,2	10,1
PA.1.5 Consolidar un sistema educativo que minimice o fracaso escolar e se aliñe en resultados coas rexións líderes de Europa en todos os niveis e impulsar o SUG cara á excelencia	2.172.004.054	22,0	68,7
<b>Total</b>	<b>3.161.633.751</b>	<b>32,1</b>	<b>100,0</b>

Fonte: Consellería de Facenda

Gráfico 24: Distribución gasto orzamento 2019 do Eixe I por prioridades de actuación



Fonte: Consellería de Facenda

## EIXE 2: BENESTAR DAS PERSOAS E AS FAMILIAS E COHESIÓN SOCIAL.

A dinámica demográfica de Galicia fai que a mellora das políticas de benestar sexan cada vez máis indispensables para colaborar na calidade de vida dunha poboación de máis idade.

Do mesmo xeito as políticas de conciliación e os servizos ás familias, especialmente á infancia, deben contribuír a mellorar as taxas de fecundidade e a inverter a dinámica demográfica de Galicia.

Por último resulta preciso aplicar con éxito as políticas de inserción social dun amplo colectivo que foi o máis desfavorecido pola crise, mediante itinerarios personalizados que permitan acompañar ás persoas en risco de exclusión ata que abandonen esta situación. Tamén a consecución dunha sociedade máis xusta, esixe que se garanta a igualdade de oportunidades para aqueles colectivos que sofren exclusión por outros motivos, dende unha discapacidade á pertenza a colectivos sociais marxinados.

Mención especial compre facer ás políticas de igualdade que se ben constitúen unha prioridade horizontal, é dicir a perspectiva de xénero de be estar presente na diagnose e solución aos principais problemas de Galicia, tamén deben contar con liñas de acción específicas para reducir con determinación as fendas de xénero nos diferentes eidos tratados no plan.

Para acadar este obxectivo, os orzamentos de 2019 programan investimentos nas seguintes prioridades de actuación segundo se detalla no cadro V:

- a) PA 2.1. Sistema sanitario sustentable e de calidade. Fomento da saúde pública e dos hábitos de vida saudables.
- b) As actuacións máis relevantes en termos de gasto financeiro desta PA son o gasto en farmacia (receitas médicas), completar as dotacións do novo hospital de Vigo, as urxencias sanitarias 061, proxectos TIC, programa galego de vacinación e actuacións en centros de saúde como a ampliación do hospital de Montecelo, entre outras.
- c) PA 2.2. Desenvolvemento do sistema de servizos sociais de atención ás persoas maiores e dependentes.
- d) En 2019 as partidas máis importantes corresponden aos programas de atención á dependencia, o apoio á mobilidade persoal, funcionamento de centros públicos para persoas maiores dependentes, servizos e recursos da rede galega de atención temperá, a adaptación de infraestruturas sociais ás novas tecnoloxías e asesoramento e formación para persoas con discapacidade.
- e) PA 2.3. Mellora dos servizos sociais a familias e á infancia, apoio á conciliación e á promoción da igualdade, servizos e axudas complementarios da educación e políticas de xuventude e cooperación.
- f) As principais actuacións desta prioridade son o gasto en transporte escolar e nos comedores escolares, medidas para conciliación e dinamización demográfica, programas para familias e menores, centros e programas de menores infractores e actuacións de investimento en centros de atención á primeira infancia e casas

niño, axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar, plan integral de aprendizaxe de idiomas estranxeiros, servizo integrado de transporte.

- g) PA 2.4. Deseño dunha estratexia de integración social que mellore o benestar da cidadanía, axude ás persoas máis desfavorecidas a retomar o máis axiña posible a situacións socioeconómicas aceptables e que fomente a igualdade de xénero.
- h) Nesta PA as actuacións con maior importe son: renda de integración social de Galicia (RISGA), Plan concertado de prestacións sociais básicas, fondo extraordinario perceptores de subsidios e pensións non contributivas, axudas contra a desigualdade económica, accións de prevención da violencia de xénero, axudas para mulleres vítimas de violencia de xénero.
- i) PA 2.5. Garantir o acceso a unha vivenda digna en réxime de propiedade ou aluguer axeitada ás posibilidades de cada familia.
- j) As liñas de actuación nesta PA promoverán a construción de vivendas de promoción pública, por outra parte promocionarase o alugueiro a través de axudas como o bono alugueiro, o programa de axuda ao aluguer, as axudas á mocidade e o programa de fomento do parque de vivendas en alugueiro; tamén se realizarán actuación de adquisición de solo residencial.


No seguinte cadro detállase o gasto orzamentario de 2019 neste eixe por prioridade de actuación.

*Cadro 25: Gasto orzamentario 2019 Eixe II*

<b>E2. Benestar das persoas e as familias e cohesión social</b>	<b>Importe</b>	<b>% total</b>	<b>% eixe</b>
PA.2.1 Sistema sanitario sustentable e de calidade. Fomento da saúde pública e dos hábitos de vida saudables	4.009.757.208	40,7	80,1
PA.2.2 Desenvolvemento do sistema de servizos sociais de atención ás persoas maiores e dependentes	419.338.223	4,3	8,4
PA.2.3 Mellora dos servizos sociais a familias e á infancia, apoio á conciliación e á promoción da igualdade, servizos e axudas complementarios da educación e políticas de xuventude e cooperación	404.667.565	4,1	8,1
PA.2.4 Deseño dunha estratexia de integración social que mellore o benestar da cidadanía, axude ás persoas máis desfavorecidas a retornar o máis axiña posible a situacións socioeconómicas aceptables e que fomente a igualdade de xénero	144.189.620	1,5	2,9
PA.2.5 Garantir o acceso a unha vivenda digna en réxime de propiedade ou aluguer axeitada ás posibilidades de cada familia	28.820.279	0,3	0,6
<b>Total</b>	<b>5.006.772.895</b>	<b>50,8</b>	<b>100,0</b>

Fonte: Consellería de Facenda

Gráfico 25: Distribución gasto orzamento 2019 do Eixe II por prioridades de actuación



Fonte: Consellería de Facenda

### EIXE 3. CRECEMENTO SUSTENTABLE, TERRITORIO, MAR, AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES.

Todo este eixe ten un denominador común, a posta en valor do potencial medioambiental da comunidade autónoma e o fortalecemento do sector primario como panca de crecemento.

O medio natural de Galicia, incluíndo as súas augas, constitúen un ben sen o que non se pode entender a nosa Comunidade Autónoma e que conta cun amplo percorrido de posibilidades para a súa posta en valor.

Por un lado, dende un punto de vista turístico, sector cun amplo futuro en continuo cambio, no que a nosa comunidade autónoma debe salientar as súas fortalezas para compensar a súa localización e clima fronte as principais prazas europeas. Por outro lado, no que atinxe a un sector agropecuario e forestal cun bo produto e amplo percorrido para xerar valor engadido en torno a el, o mesmo acontece coa pesca e a acuicultura e a industria transformadora.

Por último, Galicia produce o 10% da enerxía nacional. En consecuencia, as posibilidades das novas fontes de enerxía, abren un horizonte no que traballar para mellorar o mix enerxético e mesmo para crear unha industria en torno a determinadas enerxías

renovables tanto tradicionais como a eólica, como as novas liñas de traballo en torno á biomasa e á enerxía undimotriz.

Para acadar este obxectivo, os orzamentos de 2019 programan investimentos nas seguintes prioridades de actuación segundo se detalla no cadro VI:

- a) PA 3.1. Fomento do sector primario baseado na innovación e a calidade do produto galego que fixe a poboación ao medio rural.
- b) En 2019 desenvolveranse, entre outras actuacións, , investimentos en activos fixos das explotacións agrarias, infraestruturas relacionadas co desenvolvemento e adaptación da agricultura e silvicultura, transformación dos produtos da pesca e da acuicultura, prevención de danos causados por incendios, desastres naturais e catástrofes, axudas a xoves para desenvolvemento de explotacións e empresas, investimentos produtivos na acuicultura, diversificación e modernización das empresas acuícolas, mellora de camiños, desenvolvemento sostible de zonas pesqueiras, establecemento e mantemento de zonas forestais, axudas a zonas con limitacións naturais, zonas de montaña.
- c) PA 3.2. Enerxía renovable eficiente, intelixente e non agresiva co medio ambiente e a paisaxe. Fomento dunha economía baixa en carbono
- d) As actuacións con maior importe financeiro da PA serán: servizo integrado de transporte, estacións intermodais de Santiago de Compostela, Ourense, Pontevedra e Vigo, axudas a proxectos de biomasa, axudas a proxectos de enerxías renovables, axudas de aforro e eficiencia enerxética, tiquet eléctrico social.
- e) PA 3.3. Potenciación do turismo en Galicia a partir dun medio ambiente e cultura privilexiados.
- f) Neste terreo realizaranse actuacións de cara ao Xacobeo 2021 a promoción nacional e internacional da oferta turística de Galicia, actuarase sobre o Camiño de Santiago, mellorando os aspectos ambientais, a xestión de fluxos, a mellora dos trazados e da sinalización e a mellora dos servizos turísticos e promocionaranse os recursos turísticos naturais e culturais buscando liñas de colaboración con outras administracións e o sector turístico privado.
- g) Realizaranse actuacións de fomento e desenvolvemento de Galicia como destino turístico, promoción e potenciación do turismo, mellora e fomento do turismo en zonas rurais, sinalización no Camiño de Santiago, actuacións nos albergues do Camiño de Santiago.
- h) PA 3.4. Conservación da natureza, ordenación do territorio e da paisaxe e cohesión territorial.
- i) As principais actuacións desta prioridade están relacionadas con actuacións globais destinadas á conservación, reposición e restauración do medio ambiente, obras do Plan Urbe, axudas para redaccións de plans urbanísticos, actuacións de

conservación e protección da biodiversidade, creación, mellora e ampliación de servizos locais básicos.

- j) PA 3.5. Pechar un modelo de tratamento de residuos e un modelo de ciclo da auga líder en Europa. En 2019 desenvolveranse principalmente actuacións de ampliación e mellora da EDAR de Praceres en Pontevedra, saneamento da Malata en Ferrol, melloras dos sistemas de saneamento e depuración na zona norte da ría de Ares e na zona de Ferrol, en Rianxo, en Cabanas e Pontedeume (cítanse as principais actuacións deste tipo), actuacións prioritarias en materia de saneamento e depuración para cumprimento dos obxectivos da Directiva Marco da Auga, impulso da prevención e a reciclaxe dos residuos industriais.


No seguinte cadro detállase o gasto orzamentario de 2019 neste eixe por prioridade de actuación.

*Cadro 26: Gasto orzamentario 2019 Eixe III*

<b>E3. Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandería e montes</b>	<b>Importe</b>	<b>% total</b>	<b>% eixe</b>
PA.3.1 Fomento do sector primario baseado na innovación e a calidade do produto galego que fixe a poboación ao medio rural	615.577.181	6,2	60,0
PA.3.2 Enerxía renovable eficiente, intelixente e non agresiva co medio ambiente e a paisaxe. Fomento dunha economía baixa en carbono	89.948.897	0,9	8,8
PA.3.3 Potenciación do turismo en Galicia a partir dun medio ambiente e cultura privilexiados	64.184.397	0,7	6,3
PA.3.4 Conservación da natureza, ordenación do territorio e da paisaxe e cohesión territorial	209.835.813	2,1	20,4
PA.3.5 Pechar un modelo de tratamento de residuos e un modelo de ciclo da auga líder en Europa	47.205.689	0,5	4,6
<b>Total</b>	<b>1.026.751.977</b>	<b>10,4</b>	<b>100,0</b>

Fonte: Consellería de Facenda

Gráfico 26: Distribución gasto orzamento 2019 do Eixe III por prioridades de actuación



Fonte: Consellería de Facenda

#### EIXE 4. SOCIEDADE DIXITAL, LINGUA, CULTURA E REFORZO DO PESO DE GALICIA NO SEU ENTORNO.

A sociedade da información está a mudar todos os negocios tradicionais cara a unha produción de bens e servizos a medida e con unha demanda moito máis esixente e informada grazas ao uso das TIC. Resulta preciso por tanto, contar coas infraestruturas axeitadas, fomentar as competencias dixitais entre a cidadanía e adaptar os sistemas produtivos e canais de venda das empresas a estas novas tecnoloxías para aproveitar todas as vantaxes que poñen ao noso alcance.

O impulso do autogoberno a lingua e a cultura de Galicia como fontes de riqueza e elementos básicos da identidade da Comunidade Autónoma. Resulta estratéxico para o progreso como rexión, procurar a dinamización e fomento da cultura galega, a normalización e o impulso do idioma galego como medio para protexer e fomentar a identidade cultural de Galicia, o desenvolvemento social, o crecemento económico e o diálogo intercultural.

Para acadar este obxectivo, os orzamentos de 2019 programan investimentos nas seguintes prioridades de actuación segundo se detalla no cadro VII:

- a) PA 4.I. Desenvolvemento da economía dixital. Apoio á industria cultural e de medios como unha fonte de riqueza e impulso ao desenvolvemento da sociedade da información.

- b) As principais actuacións que se desenvolverán serán: apoio á comunicación social, infraestrutura para os servizos de televisión e radiodifusión, fomento da modernización e innovación tecnolóxica, a dotación de medios para unha administración dixital, a modernización das redes do sector público, solucións tecnolóxicas dixitais, o desenvolvemento do Plan de Banda Larga 2020 e a modernización das TIC en distintos ámbitos sectoriais como en sectores tractores, no transporte público, no servizo público de emprego, nas redes do sector público. No ámbito cultural, fortalecer o tecido cultural de base e o tecido das industrias culturais e creativas galegas mediante axudas á produción artística e en materia cultural e estimular a oferta de contidos nos ámbitos da cultura e a súa demanda por parte da cidadanía.
- c) PA 4.2. Conservación e promoción da riqueza cultural de Galicia.
- d) Desenvolveranse accións investimentos en bens do patrimonio cultural destinados ao uso social, actuacións de protección no patrimonio cultural, accións de conservación, restauración, rehabilitación e posta en valor de bens que integran o patrimonio cultural, adquisicións de fondos bibliográficos, actividades culturais e de promoción do libro e da lectura, promoción das actividades e dos contidos dos museos e centros de interpretación do patrimonio cultural e o fomento do uso da lingua galega e cursos e actividades de formación.
- e) PA 4.3. Impulso das institucións de autogoberno e mellora da súa influencia e colaboración con Europa, a Eurorexión e o resto do Estado.
- f) Por un lado, realizaranse actuacións en materia de construción e rehabilitación de infraestruturas xudiciais como o edificio xudicial de Vigo, incluídas medidas de aforro e eficiencia enerxética, modernización da administración de xustiza así como a cobertura da asistencia xurídica gratuíta, e en materia de protección civil e seguridade, actuacións ligadas ao operativo do Centro de Atención de Emerxencias 112 (CAE 112), o financiamento dos consorcios provinciais contra incendios, as infraestruturas e equipamentos nos servizos de emerxencias e protección civil, así como a formación en materia de emerxencias.


No seguinte cadro detállase o gasto orzamentario de 2019 neste eixe por prioridade de actuación.

*Cadro 27: Gasto orzamentario 2019 Eixe IV*

<b>E4. Sociedade dixital, lingua, cultura e reforzo do peso de Galicia no seu entorno</b>	<b>Importe</b>	<b>% total</b>	<b>% eixe</b>
PA.4.1 Desenvolvemento da economía dixital. Apoio á industria cultural e de medios como unha fonte de riqueza e impulso ao desenvolvemento da sociedade da información	232.243.967	2,4	45,0
PA.4.2 Conservación e promoción da riqueza cultural de Galicia	49.981.196	0,5	9,7
PA.4.3 Impulso das institucións de autogoberno e mellora da súa influencia e colaboración con Europa, a Eurorexión e o resto do Estado	234.270.829	2,4	45,4
<b>Total</b>	<b>516.495.992</b>	<b>5,2</b>	<b>100,0</b>

Fonte: Consellería de Facenda

Gráfico 27: Distribución gasto orzamento 2019 do Eixe IV por prioridades de actuación



Fonte: Consellería de Facenda

## EIXE 5. ADMINISTRACIÓN MODERNA, EFICIENTE E DE CALIDADE.

Para acadar os anteriores obxectivos precisamos unha administración eficiente, moderna, flexible e transparente, que preste servizos públicos de calidade e axude a resolver os problemas dos cidadáns e das empresas.

Para iso, precísase un persoal comprometido que debe mellorar a súa formación continua, especialmente no que atinxe a adquisicións de destrezas no manexo das TIC; pero tamén unha administración moderna debe explorar novos sistemas para incentivar o rendemento e flexibilidade que recoñezan máis a quen máis valor aporta ao servizo público.

A xeneralización dos servizos públicos dixitais e do e-goberno, debe contribuír a acadar a excelencia na xestión, posibilitando importantes economías por substitución dos sistemas tradicionais baseados no papel, e por economías de escala.

Estas novas tecnoloxías xerarán novos requirimentos e perfís profesionais, mais tamén, deixarán obsoletos un volume aínda maior doutros oficios e traballos; por iso é precisa a flexibilidade no movemento dos equipos de traballadores.

A administración debe tamén actuar como exemplo e sector tractor das principais políticas antes enunciadas, dende a innovación, implementando a compra pública innova-

dora e converténdose nun axente innovador en si mesmo, ata a rehabilitación dos seus edificios administrativos e vivenda pública, pasando pola eficiencia enerxética, a normalización lingüística e o dominio das linguas estranxeiras, a internacionalización, a aplicación de criterios de igualdade de xénero e non discriminación, a integración social e a protección da familia e a conciliación.

Para iso desenvolveranse as seguintes Prioridades de actuación cos seus correspondentes obxectivos instrumentais:

PA 5.1. Función pública profesional, motivada e orientada ao servizo público. As principais actuacións neste apartado serán accións formativas para os empregados e empregadas públicas e desenvolver e aplicar estratexias e políticas de recursos humanos axeitadas ás necesidades reais para a prestación dos servizos públicos, nomeadamente a través do desenvolvemento da lei do emprego público.

PA 5.2. Administración financeira transparente, eficiente e orientada a resultados, con actuacións de reformas en materia de centralización de contratos e autoprovisión, de renovación e mellora das infraestruturas públicas (novas instalacións e equipamentos) co obxecto de acadar unha xestión máis eficiente da enerxía como por exemplo a rehabilitación do edificio Benito Corbal e a remodelación de San Caetano, de garantir a tramitación telemática de todos os expedientes e trámites coa administración autonómica, de garantir a transparencia, integridade e responsabilidade na administración pública e no gasto de fondos públicos, facendo fincapé, non en implementar novas normas e requisitos, senón en aplicar con contundencia as xa existentes e de reforzar as tarefas de planificación e de xestión dos Programas Operativos dos fondos estruturais.


No seguinte cadro detállase o gasto orzamentario de 2019 neste eixe por prioridade de actuación.

*Cadro 28: Gasto orzamentario 2019 Eixe V*

<b>ES. Administración moderna, eficiente e de calidade</b>	<b>Importe</b>	<b>% total</b>	<b>% eixe</b>
PA.5.1 Función pública profesional, motivada e orientada ao servizo público	12.049.120	0,1	7,7
PA.5.2 Administración transparente, eficiente e orientada a resultados	144.731.813	1,5	92,3
<b>Total</b>	<b>156.780.933</b>	<b>1,6</b>	<b>100,0</b>

Fonte: Consellería de Facenda

Gráfico 28: Distribución gasto orzamento 2019 do Eixe V por prioridades de actuación



Fonte: Consellería de Facenda



## **ORZAMENTOS XERAIS DE GALICIA PARA O EXERCICIO 2019**



## IV. ORZAMENTOS XERAIS DE GALICIA PARA O EXERCICIO 2019

### IV.1. Grandes cifras

#### IV.1.1. *Evolución do Sistema de Financiamento. Teito de gasto e Capacidade de gasto*


Os ingresos procedentes dos pagos a conta do Sistema de Financiamento, en termos de caixa, revisáronse coa aprobación da lei xeral de orzamentos do estado para o ano 2018 ata os 7.026 millóns de euros, minorando en 28,6 millóns de euros a contía recollida nos orzamentos da comunidade autónoma; con posterioridade a liquidación tamén min-gua sobre a inicialmente comunicada e orzamentada en 87,5 millóns de euros. Quedando os orzamentos ingresados de xeito efectivo polo sistema de financiamento no 2018 en 7.296 millóns de euros (116 millóns menos que os comunicados de xeito inicial). A esti-mación de ingresos comunicada polo Ministerio de Facenda e Función Pública para 2019 en termos homoxéneos acada os 7.406 millóns de euros<sup>8</sup>, dos que 7.358 millóns serían ingresos a conta e 48 as liquidacións de 2008, 2009 e 2017.

A gráfica seguinte permítenos ver unha serie longa de ingreso do sistema en termos de caixa, é dicir nas contías que se foron ingreso orzamentario efectivo en cada exercicio, correspondentes á suma das entregas a conta do exercicio correspondente máis (ou menos se é negativa) a liquidación do exercicio n-2. (dende 2010 se está a deducir a liqui-dación negativa fraccionada dos exercicios 2008 e 2009).

Como pode verse o sistema non sempre evoluciona de xeito correlativo ao pib, malia que a recadación tributaria garda unha importante correlación con este índice, a dinámica dos fondos de nivelación e as liquidación que anclan o peche do sistema ao exercicio n-2 distorsionan esta relación.

<sup>8</sup> A contía comunicada ascende a 7.475, dos que 7.427 corresponden a pagos a conta, -85 ás liquidacións negativas de 2008 e 2009 e 133 á liquidación do exercicio 2017. No entanto, estas contías non son comparables coas dos exercicios anteriores ao conter ás correspondentes ao céntimo sanitario, que pasa a percibirse nas entregas a conta do sistema de financiamento autonómico en vez de como ingreso propio das CCAA. Para homoxeneizar e facer comparables os ingresos do SFA debemos deducir a diferenza debida ao céntimo sanitario 68,9 millóns €.

Gráfico 29. Galicia. Ingresos do sistema de financiamento e PIB.




Como pode ollarse os ingresos dimanantes do sistema para 2019, acheganse aos de 2009 sen acadalos.

Cadro 29. Pagos a conta e liquidacións do sistema de financiamento. Datos en millóns de euros.

	dato homoxeneizado con liquidacións a 10 anos													
	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
INGS SISTEMA FINANCIAMENTO	6.149	6.814	7.335	7.581	6.438	6.071	6.080	6.210	5.999	6.323	6.786	7.094	7.296	7.406
Var absoluta	391	665	521	246	-1.143	-367	9	130	-211	324	463	308	202	110
% variación	6,8%	10,8%	7,6%	3,4%	-15,1%	-5,7%	0,1%	2,1%	-3,4%	5,4%	7,3%	4,5%	2,8%	1,5%


A evolución do sistema de financiamento está a experimentar nos dous últimos exercicios unha evolución moito máis modesta que a do propio pib debido ao funcionamento do sistema. Unha análise máis polo miúdo da evolución dos ingresos a conta explica mellos este comportamento.

Gráfica 30. Galicia. Evolución dos ingresos a conta e do pib nominal.



Como pode ollarse, o cálculo das entregas a conta si que mostra unha certa correlación coa evolución da economía.

Gráfica 31. Evolución das liquidacións do sistema de financiamento



Como pode apreciarse estas mostran unha evolución discordante coa do pib do exercicio corrente, que mellora cando a comparamos co pib do exercicio n-2 ao que fan referencia.

Aínda así, as liquidacións non mostran unha evolución simétrica á do pib do exercicio n-2 por estar condicionadas ao acerto na estimación dos ingresos a conta e ao funcionamento dos fondos de nivelación e cooperación que operan cunha lóxica diferente á evolución do PIB. Este é un dos aspectos que o grupo de traballo de revisión do sistema de financiamento está tratando de superar.

Non obstante pode apreciarse que o ano 2019 é (xunto co 2015) o que máis se desvía da evolución do pib n-2, isto é debido á liquidación do IVE, na que tan so se ten en conta 11 meses de recadación por mor da implantación do sistema de información inmediata (SII). De terse adoptado as medidas precisas para neutralizar o impacto desta medida no sistema de financiamento, como solicitou a comunidade autónoma de Galicia, a liquidación aumentaría o importe marcado en vermello claro na gráfica, case ata o nivel de 2018. O resto da evolución da liquidación e a súa discordancia coa evolución do pib nestes últimos anos resulta explicado pola entrada de novas comunidades nos fondos de cooperación, que agora renden menos ao se repartir entre máis beneficiarios,

Como se ten indicado no informe económico financeiro presentado co gallo do teito de gasto a comunidade autónoma de Galicia reclamou perante o Ministerio de Facenda a

compensación do impacto recadatorio no IVE a liquidar do SII e este esta contemplado no apartado de transferencias da AXE dos orzamentos que se presentan, ao non concretar aínda o ministerio o instrumento que vehiculará tal compensación.


O teito de gasto fixado, en aplicación da Lei 2/2011, de Disciplina Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, foi autorizado polo Consello da Xunta o día 10 de outubro, e aprobado o 16 de outubro polo Parlamento de Galicia, estableceuse en 9.850 millóns de euros.

O importe de gasto non financeiro consignado nos orzamentos para 2019 é de 9.850 millóns de euros, cifra que esgota o devandito teito.

De seguido pasamos a analizar as principais masas financeiras do orzamento consolidado e a súa comparación coas contas de 2018.

Como sempre, a efectos comparativos en series longas, recóllese o orzamento minorado en exercicios anteriores coa participación dos concellos nos tributos do estado e as primas da pac do FEAGA.

*Gráfico 32. Evolución do gasto non financeiro consolidado do orzamento en millóns de euros.*



O gasto non financeiro consolidado de 2019 supón unha suba do 3.8% en relación ao orzamento de 2018 axustado e homoxeneizado, preto dos 363 millóns de euros.

#### IV.1.2. Ingreso consolidado.

Os ingresos totais nos Orzamentos Xerais para 2019 ascenden a 11.544 millóns de euros, dos que os ingresos non financeiros ascenden a 9.755 millóns de euros, e os ingresos financeiros a 1.789 millóns de euros, segundo o seguinte detalle por capítulos:

Cadro 30. Cadro de ingresos do orzamento consolidado, miles de euros

Distribución económica						
Capítulos	2018	2019	Variación		Valor	
			Importe	%	2018	2019
I Impostos directos	2.275.288	2.431.251	155.962	6,9	21,2	21,1
II Impostos indirectos	3.456.205	3.450.728	-5.477	-0,2	32,2	29,9
Taxas, prezos e outros	168.557	177.517	8.960	5,3	1,6	1,5
III ingresos						
IV Transferencias correntes	2.815.373	3.008.296	192.922	6,9	26,3	26,1
V Ingresos patrimoniais	8.392	8.686	294	3,5	0,1	0,1
<b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>	<b>8.723.816</b>	<b>9.076.478</b>	<b>352.662</b>	<b>4,0</b>	<b>81,3</b>	<b>78,6</b>
VI Alleamento de investimentos reais	10.654	7.340	-3.314	-31,1	0,1	0,1
VII Transferencias de capital	559.463	671.166	111.703	20,0	5,2	5,8
<b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	<b>570.117</b>	<b>678.506</b>	<b>108.389</b>	<b>19,0</b>	<b>5,3</b>	<b>5,9</b>
<b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCIERAS</b>	<b>9.293.933</b>	<b>9.754.984</b>	<b>461.051</b>	<b>5,0</b>	<b>86,7</b>	<b>84,5</b>
VII Activos financeiros	42.980	20.972	-22.007	-51,2	0,4	0,2
IX Pasivos financeiros	1.387.060	1.768.395	381.334	27,5	12,9	15,3
<b>TOTAL OPERACIÓNS</b>	<b>1.430.040</b>	<b>1.789.367</b>	<b>359.327</b>	<b>25,1</b>	<b>13,3</b>	<b>15,5</b>
<b>Total</b>	<b>10.723.973</b>	<b>11.544.351</b>	<b>820.378</b>	<b>7,6</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros){Fin M1\_C61\_ORG\_ORG000.doc}

A modesta evolución dos ingresos do sistema de financiamento, que aumentan un 1,5% sobre os efectivamente percibidos no 2018, e mesmo baixan sobre os previstos inicialmente na lei de orzamentos de Galicia, constitúe a característica principal do orzamento de ingresos. Os tributos propios e cedidos achegan un importante crecemento, en torno ao 10% unha vez absorbidas todas as medidas tributarias dos pasados exercicios e son a causa principal da mellora dos ingresos non financeiros.

No que atinxe ao financiamento finalista do estado, a falta de proxecto de PGE que recolla novas liñas de financiamento, estes están a mellorar a súa estimación, froito do aumento dos niveis mínimos de dependencia que lle corresponden a Galicia polo aumento

de poboación atendida e dos reparos dos fondos de empregos avanzados pola correspondente comisión mixta.

No que atinxe aos fondos europeos, despois de dos anos iniciais de programación lanzamento de proxectos do novo marco estes, estabilízanse no que debe ser unha anualidade financeira media, ademais esperase ingresar importantes contías de fondos xa executados en periodos anteriores pero pendentes de certificar, tanto do programa operativo de Galicia, como os plurirrexionais.

Da análise dos ingresos non financeiros, obsérvase un aumento das transferencias correntes do 6,9%, a maior parte correspondentes a transferencias da unión europea ben por actuacións de gasto contidas no orzamento ben por investimentos pendentes, como se ten indicado no parágrafo anterior.

O capítulo II mostra unha evolución discordante co resto debido a incidencia da liquidación negativa do IVE no exercicio 2017 pola implantación do SII, xa descrita, que compensa a boa evolución dos ingresos dos tributos cedidos pola crecente dinamización do mercado inmobiliario en operacións e prezos.

Por outra banda, os ingresos por operacións financeiras suben un 25% polo aumento da anualidade de amortización da débeda pública, so parcialmente compensada na baixa do recurso ao endebedamento neto y pola finalización de dous operacións de crédito realizadas pola Xunta cuxos reintegros rematan de perceberse.

#### *IV.1.3. Aumento do gasto non financeiro nun 3,8%*

O gasto consolidado para 2019 acada a suma de 11.544 millóns de euros, 9.850 non financeiro e 1.695 financeiro, detallándose a clasificación económica do mesmo na táboa seguinte:

*Cadro 31. Cadro de gasto do orzamento consolidado.*

Distribución económica							
Capítulos		2018	2019	Variación		Valor	
				Importe	%	2018	2019
I	Gastos de persoal	3.762.261	3.889.284	127.023	3,4	35,1	33,7
II	Gastos en bens correntes e servizos	1.724.235	1.783.326	59.091	3,4	16,1	15,4
III	Gastos financeiros	169.720	165.417	-4.303	-2,5	1,6	1,4
IV	Transferencias correntes	2.222.062	2.320.419	98.358	4,4	20,7	20,1
<b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>		<b>7.878.278</b>	<b>8.158.446</b>	<b>280.169</b>	<b>3,6</b>	<b>73,5</b>	<b>70,7</b>
V	Fondo de continxencia	39.043	39.043	0	-	0,4	0,3
VI	Investimentos reais	881.489	911.411	29.923	3,4	8,2	7,9
VII	Transferencias de capital	688.324	740.909	52.585	7,6	6,4	6,4
<b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>		<b>1.569.812</b>	<b>1.652.320</b>	<b>82.508</b>	<b>5,3</b>	<b>14,6</b>	<b>14,3</b>
<b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCIARIAS</b>		<b>9.487.133</b>	<b>9.849.809</b>	<b>362.676</b>	<b>3,8</b>	<b>88,5</b>	<b>85,3</b>
VIII	Activos financeiros	161.089	164.010	2.922	1,8	1,5	1,4
IX	Pasivos financeiros	1.075.752	1.530.532	454.780	42,3	10,0	13,3
<b>TOTAL OPERACIÓNS FINANCIARIAS</b>		<b>1.236.840</b>	<b>1.694.542</b>	<b>457.702</b>	<b>37,0</b>	<b>11,5</b>	<b>14,7</b>
<b>Total</b>		<b>10.723.973</b>	<b>11.544.351</b>	<b>820.378</b>	<b>7,6</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)(Fin M1\_C60\_ORG000.doc)

Tendo en conta os orzamentos de 2019, o gasto non financeiro aumenta en 363 millóns de euros, o que supón unha variación do 3,8%, pero si temos en conta os menores recursos que detrae o pago da débeda no capítulo III, os recursos dispoñibles para atender outras políticas de gasto son máis de 367 millóns de euros, un 3,9% máis.

#### *IV.1.4. Mellora do aforro bruto e saldo primario grazas á uns maiores ingresos correntes e a os aforros de custe financeiro*

Malia importante aposta polo gasto corrente dos presentes orzamentos, este aumenta en 280 millóns de euros (284 millóns sen ter en conta os custos financeiros), o aforro por operacións correntes aumenta case un 9%, ata os 918 millóns de euros, o que o coloca en niveis anteriores á crise financeira, se non consideramos as operacións financeiras, o aforro por operacións correntes primario é de 1.083 millóns de euros.

Este último, xunto cos ingresos de capital, financian sobradamente tódolos investimentos, por tanto o recurso ao endebedamento, so esta a financiar as operacións financeiras.

Cadro 32. Aforo Bruto e primario por operacións correntes

OPERACIÓNS CORRENTES	2018	2019	Var. 2019/2018	
			Importe	%
<b>INGRESOS</b>	<b>8.724</b>	<b>9.076</b>	<b>353</b>	<b>4,0</b>
Impostos directos	2.275	2.431	156	6,9
Impostos indirectos	3.456	3.451	-5	-0,2
Taxas, prezos e outros ingresos	169	178	9	5,3
Transferencias correntes	2.815	3.008	193	6,9
Ingresos patrimoniais	8	9	0	3,5
<b>GASTOS</b>	<b>7.878</b>	<b>8.158</b>	<b>280</b>	<b>3,6</b>
Gastos de persoal	3.762	3.889	127	3,4
Gastos en bens correntes e servizos	1.724	1.783	59	3,4
Gastos financeiros	170	165	-4	-2,5
Transferencias correntes	2.222	2.320	98	4,4
<b>AFORRO BRUTO</b>	<b>846</b>	<b>918</b>	<b>72</b>	<b>8,6</b>
Gastos financeiros	170	165	-4	-2,5
<b>SALDO PRIMARIO</b>	<b>1.015</b>	<b>1.083</b>	<b>68</b>	<b>6,7</b>

#### IV.1.5. Formación de capital: 974 millóns de euros

Os ingresos por operacións de capital aumentan 108 millóns de euros ata os 679 millóns de euros (un 19%), en tanto que os gastos neses capítulos ascenden a 1.652 millóns, aumentando nun 5,3% con respecto a 2018.

A formación de capital, ou gastos de operacións de capital acada 974 millóns de euros, lixeiramente inferior á de 2018 polo importante aumento dos ingresos de capital como fonte de financiamento dos investimentos.

Cadro 33. Formación de capital

OPERACIÓNS DE CAPITAL	2018	2019	Var. 2019/2018	
			Importe	%
<b>INGRESOS</b>	<b>570</b>	<b>679</b>	<b>108</b>	<b>19,0</b>
Alleamento de investimentos reais	11	7	-3	-31,1
Transferencias de capital	559	671	112	20,0
<b>GASTOS</b>	<b>1.570</b>	<b>1.652</b>	<b>83</b>	<b>5,3</b>
Investimentos reais	881	911	30	3,4
Transferencias de capital	688	741	53	7,6
<b>FORMACIÓN DE CAPITAL</b>	<b>1.000</b>	<b>974</b>	<b>-26</b>	<b>-2,6</b>

#### IV.1.6. Fondo de continxencia: 39 millóns de euros

A dotación do fondo de continxencia de execución orzamentaria a que se refire o artigo 55 bis do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, realizouse gradualmente dende o exercicio 2013 para achegarse ao seu importe legal de xeito progresivo.

Dadas as necesidades financeiras inherentes a todo proceso de consolidación fiscal, dende o ano 2016 establece unha excepción á contía establecida como dotación na Lei de réxime financeiro, que habilita a posibilidade de dotar unha contía inferior en tanto non remate o mesmo.

Polo que refire ao Fondo de continxencia de execución orzamentaria para 2019, este mantense nos mesmos parámetros que no 2018 en sentido estrito, a súa dotación repártese entre o SERGAS (31,9 Millóns de euros) e administración xeral (7,1 Millóns de euros) nas mesmas contías que o ano pasado.

#### *IV.1.7. Necesidade de Financiamento, no remate da senda de consolidación fiscal: 95 millóns de euros*

A necesidade de financiamento dos orzamentos no 2019 é de 95 millóns de euros, un 51% inferior á de 2018. Tendo en conta os axustes de contabilidade nacional, que é nos termos nos que se mide o obxectivo de estabilidade orzamentaria, a necesidade de financiamento supón os 69 millóns de euros recollidos no teito de gasto.

Os axustes de contabilidade nacional son positivos como no pasado exercicio, é dicir o seu valor total resulta equivalente a un menor gasto ou un maior ingreso, neste caso por importe de 25 millóns de euros tal e como se estimaba no teito de gasto..

O saldo destes axustes é debido ao axuste correspondente á devolución das liquidacións negativas do sistema de financiamento dos anos 2008 e 2009. Pola contra, outros gastos que non afectan aos orzamentos, modulan a través destes axustes o resultado orzamentario (como o resultado positivo das achegas a entes instrumentais da comunidade autónoma agás a achega á CRTVG considerada orzamentariamente un gasto financeiro e que se deduce como necesidade de financiamento en termos de contabilidade nacional, a diferenza entre xuros devindicados e pagados, ou a recadación líquida e os dereitos recoñecidos netos en ingresos).

O vixente obxectivo de estabilidade orzamentaria foi obxecto de informe favorable no pleno 99 do Consello de Política Fiscal e Financeira, celebrado o mes de xullo de 2017, ao abeiro do establecido no artigo 15 da Lei Orgánica 2/2012 do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira. Neste exercicio o Goberno de España presentou unha nova senda que apostaba por máis endebedamento pero non foi aprobada polas Cortes como preceptúa a antedita lei orgánica, polo que permanece a senda fixada no 2017 que establece un obxectivo de estabilidade para as comunidades autónomas do 0,1% do PIB.

A este respecto, Galicia segue a súa propia senda de consolidación fiscal, máis constante pero tamén máis suave, que a leva a realizar un axuste menor que o resto das

CCAA, ao pasar dun obxectivo de estabilidade do 0,3% ao actual do 0,1%, unha décima menos que o resto das CCAA que, co escenario vixente, deben pasar do 0,4% ao 0,1%.

Cadro 34. Necesidade de financiamento orzamentaria en termos de CN

Var. 2019/2018				
ORZAMENTO EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL				
	2018	2019	Importe	%
Ingresos Correntes	8.724	9.076	353	4,0
Gastos Correntes	7.878	8.158	280	3,6
AFORRO BRUTO ORZAMENTARIO	846	918	72	8,6
Fondo de continxencia	39	39	0	0,0
Ingresos de Capital	570	679	108	19,0
Gastos de Capital	1.570	1.652	83	5,3
GASTOS DE OPERACIÓNS DE CAPITAL	-1.000	-974	26	-2,6
DÉFICI T ORZAMENTARI O NON FI NANCEI RO	-193	-95	98	-50,9
Liquidacións negativas sistema	85	85	0	0,0
Outras unidades consideradas aapp	-49	-37	12	-24,5
Recadación incerta	-32	-30	2	-6,3
Intereses devindicados	5	2	-3	-57,0
Outros axustes	-6	5	11	-188,3
TOTAL AXUSTES CONTABILIDADE NACIONAL	3	25	22	748,3
NECESI DADE DE FI NANCEI AMENTO	-190	-69	121	-63,5

#### IV.1.8. Principais Políticas de Gasto Priorizadas no Orzamento 2019

Se ben, como se ten indicado o gasto non financeiro consolidado aumenta no 3,8%, o orzamento total crece ata o 7,6% por mor das operacións financeiras vencelladas aos vencementos da débeda pública.

Porén, esta non é a contía da que poden dispor as consellerías para dotar financeiramente as súas políticas de gasto, xa que é preciso deducir da mesma os recursos atribuídos ao financiamento de outras administracións (universidades, financiamento local e órganos estatutarios e consultivos) así como ao servizo da débeda.

As anteriores sumas supón preto dos 2.300 millóns de euros no 2019, é a súa dedución do orzamento total permite determinar as contías libres para o gasto das consellerías que ascende a 9.244 millóns de euros, un 4,0% máis que o ano 2018, que en efectivo son 353 millóns de euros adicionais.

*Cadro 36. Capacidade de gasto das consellerías*

PARA POLÍTICAS DE GASTO DAS CONSELLERÍAS	Var. 2019/2018			
	2018	2019	Importe	%
<b>ORZAMENTO TOTAL</b>	<b>10.724</b>	<b>11.544</b>	<b>820</b>	<b>7,6</b>
-Financiamento administracións l	137	140	3	2,3
-Servizo da débeda	1.245	1.696	451	36,2
-Plan financiamento SUG	420	433	13	3,1
-Organos estatutarios e consulti	31	32	1	2,8
<b>CAPACIDADE DE GASTO CONSELLERÍAS</b>	<b>8.891</b>	<b>9.244</b>	<b>353</b>	<b>4,0</b>


#### IV.1.9. Gasto Social

Os servizos públicos básicos ocupan un lugar preeminente na estrutura funcional do orzamento da comunidade autónoma e son os destinatarios da maioría dos recursos.

Así, o peso gañado na estrutura de gasto durante a crise estabilízase debido á mellora dos servizos prestados nestas áreas, así como ao custe dos mesmos, manténdose preto do 74% a suma do gasto en sanidade, educación e política social sobre o total non financeiro. En termos absolutos a súa evolución non garda comparanza con ningún outro departamento, supoñendo máis do 65% do crecemento de recursos do orzamento, 235 millóns de euros de 363.

De seguido observamos a evolución das dotacións orzamentarias de cada unha destas políticas de gasto.


*Gráfico 33. Variación gasto non financeiro principais políticas de gasto social*



O anterior non quere dicir que non haxa outras políticas de gasto que, malia que de menor peso non son menos importantes e deben tamén recollese nesta categoría como

emigración, igualdade ou mesmo traballo, que ampliarían este peso. Dada a diferente magnitude e singularidade das políticas de emprego, as reservamos para un punto específico, si compre falar das políticas de igualdade que medran case un 60% ata os 25,5 millóns de euros por recoller os fondos do plan nacional contra a violencia de xénero ademais de mostrar maiores dotacións nas súas partidas habituais. Do mesmo xeito, os servizos sociais relativos as migracións medran un 18,6% ata os 12,5 millóns de euros para impulsar e desenvolver o plan e as oficinas de retorno, así como o seu exitoso sistema de bolsas de excelencia á mocidade no exterior.

Gráfico 34. Evolución de algunhas partidas do gasto social/Millóns de euros



#### IV.1.10. Financiamento autonómico da Administración Local

A dotación do Fondo de Cooperación Local acada os 129 millóns de euros; estará formada polos 113 millóns de euros do fondo base, catro millóns e medio da liquidación do ano pasado e case dez millóns de fondo adicional, que reflicte a mellora da dinámica dos ingresos tributarios da comunidade autónoma. Ademais recolle un fondo complementario por importe de 1,3 millóns de euros para incentivar as fusións entre concellos.


Por tanto a dotación adicional do FCL case supera en catro millóns de euros a do exercicio anterior.

Na subcomisión permanente de do réxime económico e financeiro da comisión de cooperación local acordouse xunto coa fegamp repartir o fondo adicional en función dos seguintes ítems de gasto compartido, os gastos de funcionamento dos concellos con centros de saúde, os gastos de funcionamento dos servizos de emerxencia intermunicipais, os gastos de limpeza das faixas de biomasa para a prevención de lumes, os gastos de funcio-

namento dos conservatorios de grao medio de titularidade municipal e aos concellos que teñan institucións penitenciarias no seu termo municipal.

A comunidade autónoma garantiu durante a crise un financiamento estable ás corporacións locais, compensándoa con axustes nos orzamentos das consellerías. Agora, co remate do período de axuste, o fondo volta a medrar xunto cos ingresos da comunidade autónoma, así os Orzamentos Xerais para 2018 adicaban 125,6 millóns € para Financiamento Local.

Gráfico 35. Evolución do financiamento incondicionado a CCLI. Millóns de euros



Dende o ano 2010, e coa finalidade de apoiar aos Concellos, a Xunta garantiu un chan de FCL que pasa a denominarse fondo base e se reparte en base a os criterios fixados ata entón, por iso, a dotación ao FCL non baixou no período 2012-2015 a pesar de que o nivel de recadación dos tributos dos capítulos I a III non se recupera ata 2016, o que implicaría unha asignación inferior ao fondo.

#### IV.1.11. Financiamento das Universidades

Para 2019, o novo modelo de financiamento supón, para as tres Universidades de Galicia, un monto de 432,9 millóns €, un 3,15% por enriba do correspondente a 2018.

Lembrar que o plan de financiamento se estrutura nun fondo por resultados en base a un panel de indicadores consensuado coas universidades e noutro estrutural que tenta garantir o financiamento da docencia e a investigación básica das Universidades en base a parámetros obxectivos, aplicando un módulo elaborado en base ao custe das necesidades


docentes a os créditos matriculados en cada unha, superando por vez primeira o criterio histórico.

Este modulo é o mesmo para as tres entidades universitarias por crédito matriculado.

Se e evolución do módulo estrutural vai vencellada ao aumento de masa salarial previsto pola normativa básica do estado, os outros ten unha evolución máis dinámica, así o subfondo de panelñ de indicadores medra un 3,3% respecto ao exercicio 2018 e o de fomento de I+D+i e transferencia un 6.8%.

A evolución dos fondos consignados nos orzamentos da comunidade autónoma dende o último exercicio do anterior plan de financiamento (2015) é a seguinte.-

Gráfico 36.Evolución do financiamento da Xunta ao SUG.Millóns de euros.



#### IV.1.12. *Investimento en I+D+i*



A muda de modelo de crecemento, apostando pola innovación e o coñecemento debe ter o seu apoio nas políticas de fomento da innovación, con un aumento progresivo das dotacións nesta política de gasto a medida que se vaia desenvolvendo a estratexia RIS3 de Galicia (Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia).

A Axencia de innovación incrementa o seu orzamento nun 22% o que supón acumular un crecemento dende 2015, ano do inicio do plan estratéxico superior ao 70 %,o que debe supor un forte impulso financeiro para consolidar as súas políticas de fomento da investigación, desenvolvemento e innovación, dun xeito especial nas áreas priorizadas na RIS3. O gasto da axencia de innovación non é todo o gasto en I+D que luce no or-

zamento consolidado, xa que en programas de gasto diferentes figuran o i+d sanitario, universitario e o do sector primario.

Por outra banda, como parte do pulo innovador e fomento das TIC, a axencia de modernización desenvolve un importante papel que xoga tanto como tecnoloxía facilitadora das principais innovacións como tamén en actuacións de e-goberno e economía dixital como elemento tractor e difusor das novas tecnoloxías. Respecto do 2015, o seu orzamento medra nun 30%, a este apoio ao sector habería que adicionar o non menos importante desenvolvemento TIC no sector sanitario.

Gráficos 37 e 38. Evolución dos orzamentos asignados a I+D+i e TICs. Evolución das dotacións dos programas de I+D.




#### IV.1.13. Gasto con perspectiva territorial

O orzamento 2019 conta tamén con unha perspectiva territorial, que atinxe a tódalas partidas de gasto agás as financeiras.

Así, unha vez deducido o gasto financeiro e o correspondente a servizos centrais, a distribución provincial do gasto explica o 91,6% do gasto non financeiro coa seguinte distribución per cápita, A Coruña 3.157 euros por habitante, Lugo 4.022 euros por habitante, Ourense 3.928 euros por habitante e Pontevedra 3.035 euros por habitante.

O carácter reequilibrador do investimento público discrimina positivamente a favor das provincias de Lugo e Ourense. Compensando a situación máis desfavorable das provincias do interior en canto a renda e poboación, así o aumento medio de gasto por habitante crece nas provincias interiores un 7,3 % e nas da costa un 5,4 %.

Gráfico 39. Distribución territorial do gasto



#### IV.1.14. Ingresos e Novas Medidas Tributarias

A lei de medidas fiscais para 2019 inclúe diferentes medidas fiscais que ten por obxecto mediante axustes selectivos estimular a demanda agregada interna, contribuíndo a dinamizar o consumo e o investimento.-

##### I.- Imposto sobre a renda das persoas físicas

Modifícase o número nove e dez do artigo 5 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo.

A modificación consiste en ampliar o tipo de dedución aplicable ás cantidades investidas (30%), o seu límite (6.000€) así como os requisitos da mesma. Engádese ademais, para determinados supostos, o incremento da dedución nun 15% adicional, cun límite de 9.000 euros.

Estas medidas terán un custo recadatorio de 150.000€ que terá efecto por primeira vez no exercicio 2020 seguindo un criterio de caixa.

Modifícase o número doce do artigo 5 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo.

Con esta modificación amplíase o ámbito subxectivo das entidades receptoras dos donativos que xeran o dereito á dedución, incluíndo deste xeito a aquelas entidades sen ánimo de lucro acollidas á Lei 49/2002 cuxo fin exclusivo ou principal sexa a I+D+I.

Esta medida terá un custo recadatorio de 300.000€ que terá efecto por primeira vez no exercicio 2020 seguindo un criterio de caixa.

Esta deducións enmárcanse na vontade de incrementar os investimentos en I+D+i, como solución para mellorar a competitividade en Galicia, que debe pasar por contemplar o investimento en sociedades mercantís que á súa vez realicen este tipo de actividades, e ampliar as entidades destinatarias dos donativos que xeran a dedución por doazóns con finalidade en I+D+i.

Engádese o número dezasete ao artigo 5 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo.

Introdúcese, por unha banda, a dedución da cota íntegra autonómica do importe correspondente ás subvencións obtidas en virtude do Decreto 55/2018, do 31 de maio, de Medidas urxentes para a reparación de danos causados pola explosión de material pirotécnico producida en Tui o 23 de maio de 2018, e, por outra banda, a dedución do 100% das cantidades investidas, en investimentos non empresariais, coa finalidade de paliar os danos sufridos, pola parte que exceda das cantidades percibidas.

En ambos casos as deducións producirán efectos con carácter retroactivo a partir de 2018 para que as poidan aplicar os que xa as recibiron nese ano.

O obxectivo é lograr que non tributen no IRPF as medidas aprobadas pola Xunta de Galicia no Decreto 55/2018, do 31 de maio, de Medidas urxentes para a reparación de danos causados pola explosión de material pirotécnico producida en Tui o 23 de maio de 2018. Así como que tampouco tributen no devandito imposto as cantidades investidas para a mesma finalidade pola parte que exceda das cantidades recibidas.

Por prudencia e dado que nestes intreos non é posible coñecer de forma definitiva o importe dos danos producidos realízase unha estimación do impacto económico desta medida de máximos.

Baixo estes parámetros se considera que esta medida terá un custo recadatorio de 700.000€

## 2.- Imposto sobre Sucesións e Doazóns

Modifícase o número dous do artigo 6 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo.

No que atinxe ao imposto de sucesións duplicase a redución por parentesco no caso de que resulten herdeiros os irmáns pasando de 8.000 a 16.000 euros coa finalidade de aliviar a súa carga tributaria na liña iniciada no ano 2016 cos descendentes directos.

Esta medida terá un custo recadatorio de 2.000.000€.

## 3.- Imposto sobre Patrimonio

Modifícase o artigo 13 bis do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo.

No imposto sobre o patrimonio modifícase a escala vixente para reverter a suba do 20% acordada en 2013 no contexto da crise económica.

Esta medida terá un custo recadatorio de 11.800.000€ que terá efecto por primeira vez no exercicio 2020 seguindo un criterio de caixa.

## 4. Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados

Modifícase o artigo 14 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, relativo ao tipo de gravame na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas para o caso de adquisición de vivenda habitual, que pasa do 8 ao 7%, e, no caso de que a adquisición sexa por discapacitados, familias numerosas ou menores de 36 anos, do 4 ao 3%.

O obxectivo que se pretende con este beneficio fiscal é facilitar o acceso a vivenda o que está amparado en dereitos recoñecidos na Constitución como a protección social, económica e xurídica da familia, a promoción das condicións favorables para o progreso social e económico e para unha distribución da renda rexional e persoal máis equitativa, o dereito para gozar dunha vivenda digna e adecuada, a promoción das condicións para a

participación libre e eficaz da mocidade no desenvolvemento político, social, económico e cultural, ou a realización dunha política de protección das persoas con discapacidade.

Estas medidas terán un custo recadatorio de 8.400.000 €

#### 5. Imposto sobre hidrocarburos

Déixase sen efecto o artigo 18 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, polo que se regula o tipo de gravame autonómico no imposto sobre hidrocarburos.

En materia de Impostos Especiais, a Lei de orzamentos xerais do Estado para 2018 procedeu a integrar o tipo impositivo autonómico do Imposto sobre Hidrocarburos no tipo estatal especial ao obxecto de garantir a unidade de mercado no ámbito dos combustibles e carburantes. Como froito desa integración derogouse o artigo 50 Ter (relativo ao tipo impositivo autonómico) da Lei 38/1992, do 28 de decembro de impostos especiais.

Esta medida non ten custo recadatorio.

#### *IV.1.15. Unha aproximación ao Marco Financeiro Plurianual da UE-27 para o período 2021-2027*

A proposta do Marco Financeiro Plurianual da UE-27, que se constitúe como un plan que transforma as prioridades comunitarias en gasto, permitirá ao conxunto da Unión Europea investir no período 2021-2027 ata 1.134.583 millóns de euros en créditos compromiso, a prezos de 2018. A nova estrutura comprende 7 rúbricas, 16 prioridades e 37 programas.

Cadro 36. Proposta do MPF UE 2021-2027 (Creditos comprometidos en Millóns de euros a prezos 2018)

Denominación Rúbrica / Prioridade		Importe Prioridade	% s/ T Prioridade	Importe Rúbrica	% s/ T Rúbrica
R1. Mercado único, innovación e economía dixital	1. Investigación e Innovación	91.028	8,02	166.303	14,66
	2. Investimentos estratéxicos europeos	44.375	3,91		
	3. Mercado único	5.672	0,50		
	4. Espazo	14.404	1,27		
	Marxe	10.824	0,95		
R2. Cohesión e valores	5. Desenvolvemento rexional e cohesión	242.209	21,35	391.974	34,55
	6. Unión económica e monetaria	22.281	1,96		
	7. Investir nas persoas, a cohesión social e os valores	123.466	10,88		
	Marxe	4.018	0,35		
R3. Recursos naturais e medio ambiente	8. Agricultura e política marítima	330.723	29,15	336.622	29,67
	9. Medio ambiente e acción polo clima	5.085	0,45		
	Marxe	814	0,07		
R4. Migración e xestión das fronteiras	10. Migración	9.973	0,88	30.830	2,72
	11. Xestión de fronteiras	18.824	1,66		
	Marxe	2.033	0,18		
R5. Seguridade e defensa	12. Seguridade	4.256	0,38	24.324	2,14
	13. Defensa	17.220	1,52		
	14. Respostas ás crises	1.242	0,11		
	Marxe	1.606	0,14		
R6. Veciñanza e o resto do mundo	15. Acción exterior	93.150	8,21	108.928	9,60
	16. Axuda de preadhesión	12.865	1,13		
	Marxe	2.913	0,26		
R7. Administración pública europea	Escolas europeas e pensións	17.055	1,50	75.602	6,66
	Gastos administrativos institucionais	58.547	5,16		
TOTAL		1.134.583	100,00	1.134.583	100,00

As negociacións sobre o próximo MFP chegan nun momento de novo dinamismo para a UE, que se enfrenta a grandes retos, como o cambio tecnolóxico e demográfico, o cambio climático e a escaseza de recursos, ou o desemprego, especialmente entre os mozos. Tamén aparecen novas ameazas que requiren novas respostas, tales como a crise dos refuxiados, o aumento da inestabilidade xeopolítica ou a dúbida dos valores e principios democráticos da UE.

A Comisión propón reducir o número de programas, modernizar os mecanismos de flexibilidade actuais e introducir unha nova Reserva da Unión.

Entre os programas do orzamento da UE-27 para o próximos sete anos destacan os seguintes:

Baseándose no éxito de Horizonte 2020, a Comisión propón un novo programa de investigación e innovación Horizonte Europa (Rúbrica I, Prioridade I), con 83.491 millóns de euros presupostados a prezos 2018.

Partindo do éxito do Fondo Europeo para Investimentos Estratéxicos, á hora de catalizar os investimentos privados en toda Europa, a Comisión propón crear un novo fondo de investimento, InvestEU (Rúbrica 1, Prioridade 2), con 13.065 millóns de euros.

Co Mecanismo Conectar Europa reformado (Rúbrica 1, Prioridade 2), a Unión seguirá investindo en redes transeuropeas de transportes (11.384 millóns de euros), servizos dixitais (2.662 millóns de euros) e enerxía (7.675 millóns de euros).

Co fin de reducir o actual desequilibrio en materia de investimento dixital, a Comisión propón crear un novo programa Europa Dixital (Rúbrica 1, Prioridade 2), con 8.192 millóns de euros, para configurar e apoiar a transformación dixital da sociedade e da economía europea.

Baseándose no actual programa de Competitividade das empresas e as pemes, a Comisión propón o novo programa Mercado Único específico (Rúbrica 1, Prioridade 3), con 3.628 millóns de euros.

O programa Espacial Europeo financia o despregamento e o funcionamento de infraestruturas espaciais europeas e servizos conexos. Presenta un orzamento de 14.196 millóns de euros e está enmarcado na Prioridade 4 da Rúbrica 1.

Na Rúbrica 2 figuran o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), con 200.629 millóns de euros, e o Fondo de Cohesión, con 41.349 millóns de euros, ambos os dous na Prioridade 5, e o Fondo Social Europeo Plus (FSE+), con 88.646 millóns de euros, na Prioridade 7, que son os que financian a Política de Cohesión comunitaria 2021-2027.

O programa de Apoio ás reformas (Rúbrica 2, Prioridade 6), con 22.181 millóns de euros, ten por obxecto fomentar e apoiar a aplicación de reformas estruturais nos Estados membros.

A Comisión propón reforzar a atención á mocidade no próximo marco financeiro. Isto lograrase ampliando en máis do dobre o tamaño do programa Erasmus+ (Rúbrica 2, Prioridade 7), con 26.368 millóns de euros.

A Comisión propón na Prioridade 8 da Rúbrica 3 unha Política Agrícola Común reformada e modernizada, cunha maior ambición ambiental e climática. Seguirá organizándose ao redor de dous alicerces: os pagos directos aos agricultores, a través do Fondo Europeo Agrícola de Garantía (254.247 millóns de euros), e o financiamento do desenvolvemento rural, a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (70.037 millóns de euros).

A través do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (Rúbrica 3, Prioridade 8), con 5.448 millóns de euros, a UE seguirá prestando apoio a un sector pesqueiro europeo sustentable e ás comunidades costeiras que dependen del.

Propónse manter e reforzar o programa LIFE, de Medio Ambiente e a Acción polo Clima (Rúbrica 3, Propiedade 9), con 4.828 millóns de euros.

A Comisión propón reforzar o Fondo de Asilo e Migración (Rúbrica 4, Prioridade 10), con 9.205 millóns de euros presupostados.

O anterior Fondo complementábase co Fondo de Xestión Integrada das Fronteiras (Rúbrica 4, Prioridade 11), con 8.237 millóns de euros. Para iso, a Comisión propón crear un corpo permanente duns 10.000 gardas de fronteiras, a Garda Europea de Fronteiras e Costas (FRONTEX), que se constituirá no núcleo do sistema integrado de xestión de fronteiras da UE.

O Fondo de Seguridade Interior (Rúbrica 5, Prioridade 12), con 2.210 millóns de euros presupostados.

A Comisión propón un Fondo Europeo de Defensa reforzado, con 11.453 millóns de euros (Rúbrica 5, Prioridade 13). Ademais, a Unión mellorará as súas infraestruturas de transporte estratéxicas para adecualas á Mobilidade militar, con 5.767 millóns de euros presupostados, a través do Mecanismo Conectar Europa.

O amplo Instrumento de Veciñanza, Desenvolvemento e Cooperación Internacional (Rúbrica 6, Prioridade 15), con 79.216 millóns de euros, que terá cobertura mundial.

A Comisión propón un Instrumento de Axuda Humanitaria reforzado (Rúbrica 6, Prioridade 15), con 9.760 millóns de euros.

O Instrumento de Axuda Preadhesión (Rúbrica 6, Prioridade 16), con 12.865 millóns de euros presupostados, axudará aos países candidatos e aos candidatos potenciais no seu camiño cara ao cumprimento dos criterios de adhesión.

Fóra dos límites máximos do MFP 2021-2017 figuran cinco Instrumentos especiais, que suman 26.023 millóns de euros a prezos de 2018:

A Reserva para Axudas de Emerxencias (16,14% do total dos Instrumentos especiais).

O Fondo de Solidariedade da UE (16,14%).

O Fondo Europeo de Adaptación á Globalización (5,38%).

O instrumento de Flexibilidade (26,90%).

O Fondo Europeo de Apoio á Paz (35,44%).

#### *IV.1.16. Distribución por Consellerías e Organismos Estatutarios*

O cadro recollido a continuación mostra as variacións do orzamento total da administración xeral, este exercicio estamos ante numerosos cambios orgánicos e de partidas que darían lugar a variacións porcentuais que non se corresponden coa realidade se as apreciamos en termos non homoxéneos.

Tendo en conta que as grandes consellerías por tamaño dificilmente poden medrar por enriba da media, malia ser destiño da maioría dos recursos, no orzamento 2019 hai consellerías cun crecemento importante, estas son economía, infraestruturas e presidencia. Estas consellerías medran entre un 5,5% e un 15%, moi por encima da media.

Pola banda dos entes instrumentais GAIN, a Axencia de emerxencias, a Axencia de Turismo de Galicia, o Instituto enerxético de Galicia, a Axencia Galega da Industria Forestal, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural medran entre o 10,4% e o 43,7%.

No entanto, a diferenza cuantitativa máis importante é para a consellería e entes instrumentais de sanidade (incremento de 126 millóns de euros), educación, universidade e formación profesional (incremento de 76 millóns de euros) e política social (32 millóns de euros)

Por tanto o orzamento crece con forza impulsando as liñas prioritarias do PEG 2015-2020, tanto no que atinxe ao gasto social como a investimento e dinamización económica.

Cadro 37, Gasto non financeiro. Comparativa 2019-2018

	2018	2019	DIFERENCIA	TV 19/18
<b>01 - PARLAMENTO</b>	<b>19.171</b>	<b>19.696</b>	<b>525</b>	<b>2,7%</b>
<b>02 - CONSELLO DE CONTAS</b>	<b>7.063</b>	<b>7.253</b>	<b>190</b>	<b>2,7%</b>
<b>03 - CONSELLO DA CULTURA GALEGA</b>	<b>2.547</b>	<b>2.679</b>	<b>-10</b>	<b>5,2%</b>
04 - PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA	43.742	48.538	4.796	11,0%
303.04 - AXENCIA PARA A MODERNIZACION TECNOLOXICA DE GALICIA	92.771	101.629	8.857	9,5%
<b>TOTAL PRESIDENCIA</b>	<b>136.513</b>	<b>150.167</b>	<b>13.653</b>	<b>10,0%</b>
05 - VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, AAPP. E XUSTIZA	268.358	279.504	11.111	4,2%
101.05 - ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	3.311	3.347	36	1,1%
105.05 - ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA	2.892	2.907	15	0,5%
402.05 - AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS	6.585	8.609	2.024	30,7%
<b>TOTAL VICEPRESIDENCIA</b>	<b>281.146</b>	<b>294.368</b>	<b>13.222</b>	<b>4,7%</b>
06 - CONSELLERÍA DE FACENDA	22.275	22.728	452	2,0%
102.06 - INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA	4.193	4.272	79	1,9%
305.06 - AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA	14.478	14.814	336	2,3%
403.06 - CENTRO INFORMATICO XESTION TRIBUTARIA ECONOMICA E CONTABLE	14.112	14.752	640	4,5%
404.06 - CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL	923	952	29	3,2%
<b>TOTAL FACENDA</b>	<b>55.981</b>	<b>57.518</b>	<b>1.538</b>	<b>2,7%</b>
07 - CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA	75.504	73.717	-1.787	-2,4%
111.07 - INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO	3.081	3.129	48	1,6%
201.07 - INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO	76.136	82.686	6.549	8,6%
<b>TOTAL MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA</b>	<b>154.722</b>	<b>159.532</b>	<b>4.810</b>	<b>3,1%</b>
08 - CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE	90.775	104.786	14.011	15,4%
302.08 - AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS	279.475	273.715	-5.760	-2,1%
<b>TOTAL INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE</b>	<b>370.250</b>	<b>378.501</b>	<b>8.251</b>	<b>2,2%</b>
09 - CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA	284.524	300.279	15.755	5,5%
107.09 - INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO	6.305	6.426	121	1,9%
110.09 - INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL	6.235	6.421	186	3,0%
304.09 - AXENCIA GALEGA DE INNOVACION	72.380	90.324	17.944	24,8%
310.09 - AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL	9.986	14.355	4.369	43,7%
405.09 - INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA	65.453	69.874	4.421	6,8%
407.09 - INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA	18.024	22.817	4.793	26,6%
411.09 - CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS	1.106	1.129	23	2,1%
<b>TOTAL ECONOMÍA</b>	<b>464.013</b>	<b>511.625</b>	<b>47.612</b>	<b>10,3%</b>
10 - CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL	2.313.581	2.390.156	76.575	3,3%
<b>TOTAL EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL</b>	<b>2.313.581</b>	<b>2.390.156</b>	<b>76.575</b>	<b>3,3%</b>
11 - CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO	66.067	68.498	2.431	3,7%
301.11 - AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS	11.652	11.721	68	0,6%
306.11 - AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA	58.115	64.184	6.069	10,4%
<b>TOTAL CULTURA Y TURISMO</b>	<b>135.835</b>	<b>144.403</b>	<b>8.568</b>	<b>6,3%</b>
12 - CONSELLERÍA DE SANIDADE	71.300	73.014	1.714	2,4%
103 - SERVIZO GALEGO DE SAUDE	3.761.399	3.885.947	124.548	3,3%
308.12 - AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE	3.631	3.511	-121	-3,3%
309.12 - AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS	24.454	24.856	402	1,6%
<b>TOTAL SANIDADE</b>	<b>3.860.785</b>	<b>3.987.328</b>	<b>126.543</b>	<b>3,3%</b>
13 - CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL	687.063	719.429	32.366	4,7%
307.13 - AXENCIA GALEGA DE SERVIZOS SOCIAIS	13.607	13.431	-175	-1,3%
<b>TOTAL POLÍTICA SOCIAL</b>	<b>700.670</b>	<b>732.860</b>	<b>32.190</b>	<b>4,6%</b>
14 - CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL	380.816	392.226	11.410	3,0%
203.14 - FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA	42.681	45.354	2.674	6,3%
408.14 - AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL	43.619	49.067	5.447	12,5%
409.14 - AXENCIA GALEGA DE CALIDADE ALIMENTARIA	28.347	29.381	1.034	3,6%
<b>TOTAL MEDIO RURAL</b>	<b>495.463</b>	<b>516.028</b>	<b>20.565</b>	<b>4,2%</b>
15 - CONSELLERÍA DO MAR	152.040	158.055	6.015	4,0%
410.15 - INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO	3.365	3.397	32	0,9%
<b>TOTAL MAR</b>	<b>155.405</b>	<b>161.452</b>	<b>6.047</b>	<b>3,9%</b>
20 - CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA	2.081	2.117	36	1,7%
21 - TRANSFERENCIAS A CORPORACIÓNS LOCAIS	125.594	128.744	3.150	2,5%
22 - DÉBIDA PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	169.370	165.000	-4.370	-2,6%
23 - GASTOS DE DIVERSAS CONSELLERÍAS	36.943	40.382	2.939	8,0%
<b>TOTAL GASTO NO FINANCIERO</b>	<b>9.487.133</b>	<b>9.849.809</b>	<b>362.176</b>	<b>3,8%</b>



## **SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA E DISCIPLINA ORZAMENTARIA**



## **V. SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA E DISCIPLINA ORZAMENTARIA**

### **V.1. Regras fiscais e orzamento 2019**

Na parte introdutoria de este informe se recolle unha somera explicación sobre a senda de estabilidade fiscal recollida nestes orzamentos, coherente co o Plan de estabilidade presentado polo Reino de España en abril de 2018, e unha posterior senda que aposta por máis endebedamento presentada co plan orzamentario de 2019 á Comisión europea aínda nin informada por ela nin aprobada polas Cortes como perceptúa a normativa de estabilidade orzamentaria..

Consonte o establecido na vixente senda de consolidación fiscal, o obxectivo de estabilidade orzamentaria é do 0,1% para 2019, o obxectivo de débeda pública para a comunidade autónoma de Galicia é do 17,9%, e a regra de gasto do 2,7% sobre o gasto computable efectivo do exercicio 2018.

O teito de gasto aprobado pola Xunta de Galicia opta por seguir coa senda plurianual marcada e ir ao antedito obxectivo de estabilidade do 0,1% do PIB, realizando unha consolidación equivalente a dúas décimas de PIB, aínda que si tomamos como referencia o peche de 2017 no que se acadou unha liquidación cunha necesidade de financiamento do 0,2% do PIB, o esforzo de axuste é tan so dunha décima.

Por outra banda, o Obxectivo de débeda pública, a nivel individual calcúlase en base á suma ao stock de débeda a finais de cada exercicio, calculada segundo o protocolo PDE en porcentaxe do PIB rexional da comunidade autónoma, das contías equivalentes á necesidade máxima de financiamento e de débeda polo pago das liquidacións negativas dos exercicios 2008 e 2009.

Os obxectivos fixados para a media do sector público autonómico para o ano 2019 acadan o 23,3% do PIB, sendo para Galicia do 17,9% polo seu menor nivel de endebedamento de partida.

O stock de débeda estimado a finais de 2018 é de 11.480 millóns de euros, o que supón o 18,2 do PIB.

A Lei 2/2011 do 16 de xuño de disciplina orzamentaria e sostibilidade financeira de Galicia, indica que aprobado o anterior obxectivo de estabilidade, o Consello da Xunta acordará o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos consolidados da Comunidade Autónoma que serve de marco para a elaboración dos orzamentos de cada exercicio.

O límite de gasto será coherente co obxectivo de estabilidade presupostaria e coa regra de gasto establecida nas normas de estabilidade orzamentaria. O límite aprobado poderá ser axustado na variación dos ingresos do sistema de financiamento e fondos finalistas que incorpore o proxecto de lei de orzamentos da Administración xeral do Estado. Este axuste se presentará ao Parlamento conxuntamente co proxecto de lei de orzamentos.

O límite aprobado pola Xunta de Galicia e o Parlamento de Galicia o pasado 16 de outubro por mor das incertezas que afectaban tanto á determinación dos ingresos (liquidación do IVE de 2017), como á senda de estabilidade orzamentaria a aplicar; este acada os 9.850 millóns de euros de gasto non financeiro, empregando un obxectivo de estabilidade orzamentaria do 0,1% como se ten indicado, o que equivale a 69 millóns de endebedamento neto.

### *V.1.1. Regra de gasto*

A regra de gasto á que refire o artigo 12 de la Lei 2/2011 do 16 de xuño de disciplina orzamentaria e sostibilidade financeira establece que “a variación do gasto computable do sector público autonómico non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do produto interior bruto de medio prazo que informe cada ano o Consello de Política Fiscal e Financeira”.

Cando se aproben cambios normativos que supoñan variacións permanentes da recadación, o nivel de gasto computable resultante da aplicación da regra nos anos nos que se produzan esas variacións de recadación deberá axustarse na contía equivalente.

A lei orgánica de estabilidade orzamentaria LO 2/2012 entende por gasto computable aos efectos previstos no parágrafo anterior, os empregos non financeiros definidos en termos do Sistema Europeo de Contas, agás os intereses da débeda, o gasto non discrecional en prestacións por desemprego, a parte do gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións públicas e as transferencias ás Comunidades Autónomas e ás Corporacións Locais vencelladas aos sistemas de financiamento.

En primer lugar, debe entenderse que cando está a falar de variación do gasto computable da Comunidade Autónoma se referindo ao gasto do subsector público autonómico en termos de contabilidade nacional. Por tanto, a efectos de calcular a variación do gasto deberán terse en conta as unidades que integran o mesmo. A efectos prácticos, as entidades a considerar son as unidades clasificadas como Administración autonómica no rexistro de entes da IGAE. A regra de gasto calcularase por tanto consolidando e eliminando as transferencias dos diferentes suxeitos que integran o sector público administrativo.

A taxa de variación do gasto computable dun exercicio calculase dacordo coa seguinte fórmula:

T.V. Gasto computable (%) =  $(\text{Gasto computable año 2019} / \text{Gasto computable año 2018}) - 1 \times 100$

O cálculo do gasto computable de 2019 realizarse a partir da estimación da liquidación do orzamento do devandito exercicio. Para partir dun orzamento liquidado compararemos o gasto computable co do último exercicio liquidado e o cómputo da regra validado pola IGAE (2016).

Para a determinación do gasto computable, partimos dos empregos non financeiros en termos Sistema Europeo de Contas agás os intereses da débeda (capítulo III) e os pagos do FEAGA. Unha vez determinado este importe, deducirase a parte do gasto financiado con fondos finalistas da Unión Europea e de outras Administracións públicas.

O seguinte cadro de traballo concilia o montante do gasto non financeiro co gasto computable a efectos da regra de gasto de cada exercicio aos efectos de acreditar como as contas da comunidade autónoma son compatibles co cumprimento da regra de gasto.

Como pode verse a variación do devandito gasto está a dar cumprimento ás evolucións anuais máximas marcadas pola regra de gasto fixada no seo do Consello de Política Fiscal e Financeira, tanto a prevista para 2018 (incremento do 2,4%), como a do 2019 (incremento do 2,7%).

Cadro 38. Regra de gasto da comunidade autónoma de Galicia en función da previsión de cerramento e orzamento presentado para 2019.

CONCEPTOS	2016 Liquidación	2017 Liquidación	2018 Prevision cierre	2019 Orzamento
<b>A) GASTO PRESUPUESTARIO NO FINANCIERO ÁMBITO ESTADÍSTICA DE EJECUCIÓN MENSUAL</b>	<b>8.644.172</b>	<b>8.927.310</b>	<b>9.127.580</b>	<b>9.849.500</b>
B) Cuenta 413/409 u otras similares	29.760	-90.370	-19.483	-35.400
<b>C) GASTO PRESUPUESTARIO NO FINANCIERO DEPURADO (A+B)</b>	<b>8.673.932</b>	<b>8.836.940</b>	<b>9.108.097</b>	<b>9.814.100</b>
<b>E) AJUSTES UNIDADES SOMETIDAS A PRESUPUESTO SOBRE GASTO NO FINANCIERO DEPURADO</b>	<b>575.093</b>	<b>604.630</b>	<b>594.798</b>	<b>719.550</b>
E.1. Otro Gasto no financiero no incluído previamente (distinto de A)	628.510	644.240	670.290	705.935
E.2. Cuenta 413/409 u otras similares no incluídas previamente (distinto de B)	-7.594	-2.000	-5.000	-6.000
E.3. Enajenación de terrenos y demás inversiones reales	-2.000	-7.000	-4.000	-7.000
E.4. Ejecución de avales	3.000	0	5.000	
E.8. Intereses devengados	-11.000	-32.000	-2.000	-6.000
E.11. Pagos a socios privados realizados en el marco de las Asoc. Publ-priv	-7.000	-8.000	-8.500	-9.400
E.17. Sistemas de financiación de las CC.AA. de régimen común	38.000	82.000	48.628	190.950
E.18. Cotizaciones sociales a cargo de empleadores	311.000	306.000	305.000	304.000
E.19. Servicios de Intermediación financiera medidos indirectamente (SIFMI)	2.000	3.000	3.000	3.000
E.20. Activación de los servicios de I+D producidos por cuenta propia, activac. programas informáticos y grandes bases datos producidos por cuenta propia	250.000	250.000	250.000	250.000
E.22. Consolidación de transferencias distintas a las ya computadas	-631.823	-635.610	-667.620	-705.935
E.23. Otros Ajustes de unidades sometidas a presupuesto	2.000	4.000		
<b>F) Gasto atribuible a unidades sometidas a Plan General de Contabilidad</b>	<b>293.800</b>	<b>282.790</b>	<b>282.150</b>	<b>281.369</b>
<b>G) GASTO NO FINANCIERO ANTES DE GASTOS EXCLUIDOS (C+E+F)</b>	<b>9.542.824</b>	<b>9.724.360</b>	<b>9.985.045</b>	<b>10.815.019</b>
G.1. Intereses	252.000	200.000	155.990	165.732
G.2. Gasto financiado con fondos finalistas procedentes de la UE	186.000	256.000	376.170	675.029
G.3. Gasto financiado con fondos finalistas de otras Administraciones públicas	716.000	688.000	708.260	817.000
G.6. Resto de transferencias vinculadas al sistema de financiación	38.000	82.000	48.628	190.950
G.7. Otros gastos excluidos	116.000	121.360	125.494	128.744
<b>H) TOTAL A EFECTOS DE LA REGLA DE GASTO ANTES DE CAMBIOS NORMATIVOS (G- FILAS G.1 A G.8)</b>	<b>8.234.824</b>	<b>8.377.000</b>	<b>8.570.503</b>	<b>8.837.564</b>
H.1. Efectos por cambios normativos con incremento (-) o reducción (+) de recaudación permanente y Transferencias de capacidad de gasto de otras Administraciones Públicas	41.000	33.780	45.000	12.679
H.1.a Efectos por cambios normativos con incremento (-) o reducción (+) de recaudación permanente	41.000	34.000	45.000	12.679
<b>I) TOTAL A EFECTOS DE LA REGLA DE GASTO EN EL AÑO CORRIENTE (H+ FILA H.1)</b>	<b>8.275.824</b>	<b>8.410.780</b>	<b>8.615.503</b>	<b>8.850.243</b>
<b>J) TASA DE VARIACIÓN SOBRE EJERCICIO ANTERIOR (( I (año n) / H (año n-1) ) - 1)</b>		<b>2,14%</b>	<b>2,43%</b>	<b>2,72%</b>

### V.1.2. Límite de débeda.

No que atinxe ao límite de débeda concretado na introdución de este punto, como pode ollarse a partires do presente ano, froito do remate do proceso de consolidación orzamentaria, comezará a reducirse a ratio débeda/PIB, isto non quere dicir que Galicia teña que deixar de gastar para amortizar débeda, senón que o PIB experimenta un ritmo de crecemento superior ao que o fai o stock de débeda o que fará que esta ratio sexa cada vez menor coverxendo cara ao obxectivo a mediano prazo.

A capacidade para recorrer ao endebedamento en futuras recesións económicas depende de que sexamos quen de baixar esta ratio a niveis substancialmente inferiores.

Compre sinalar que os obxectivos de débeda pública poderán rectificarse polo importe efectivo da execución de mecanismos adicionais de financiamento para as comunidades autónomas durante os respectivos exercicios, sempre que non se adiquen a financiar vencementos de débeda ou déficit do exercicio no que se execute e polos incrementos de débeda derivados de reclasificacións de entidades e organismos públicos no sector de administracións públicas sempre que non financien déficit do exercicio. De cara a acreditar como as contas presentadas permitiran dar cumprimento ao obxectivo aprobado se presenta o seguinte cadro que concilia o stock de débeda do sector público autonómico recollido no último ratio débeda/PIB certificado polo Banco de España, a previsión de peche para 2018 e o obxectivo fixado para 2019.

O límite de endebedamento para o ano 2019 para Galicia, se estima en base a os criterios que ven aplicando o Consello de Política Fiscal e Financeira, e coincide con endebedamento dimanante do financiamento do obxectivo de déficit e a devolución das liquidacións negativas dos exercicios 2008 e 2009, sen que se dea ningún suposto para facer uso das excepcións previstas no Acordo do Consello de Ministros que o autoriza.

Cumprimento do obxectivo de débeda pública, débeda máxima autorizada:

*Cadro 39. Determinación do obxectivo de débeda para 2019. Millóns de euros*

Débeda prevista a 31/12/2018 (SEC 2010)	Incremento de débeda incluído nos obxectivos			Excepcións permitidas por Acordos de Consello de Ministros				Débeda prevista a 31/12/2019 (SEC 2010)
	Liquid. neg. 2008 e 2009 SF CCAA	Obxectivo de déficit	Total	Variacións débeda por sectorización de entes públicos	Mecanismos adicionais de financiamento	Outras excepcións acordadas co MINHA	Incremento de débeda adicional aos obxectivos	
1	2	3	5=2+3-4	6	7	8	9=6+7+8	13
11.480	85	69	154	0	0	0	0	11.720
63.014 18,2%								65.471 17,9%

A débeda medida en stock (millóns de euros a peche de exercicio) prevista en función dos orzamentos presentados, está a axustarse a límite individual da comunidade autónoma arriba desglosado. Para determinar a débeda estimada ao peche do exercicio, en-

gádesse á dimanante da previsión de cerramento as variacións de débeda do sector público autonómico e as variacións netas derivadas dos orzamentos da comunidade autónoma:

*Cadro 40. Cumprimento do obxectivo en función do orzamento presentado*

Débeda prevista a 31/12/2018 (SEC 2010)	Incremento de débeda incluído nos obxectivos			Excepcións permitidas por Acordos de Consello de Ministros				Débeda prevista a 31/12/2019 (SEC 2010)
	Liquid. neg. 2008 e 2009 SF CCAA	Obxectivo de déficit	Total	Variacións débeda por sectorización de entes públicos	Mecanismos adicionais de financiamento	Outras excepcións acordadas co MINHA	Incremento de débeda adicional aos obxectivos	
1	2	3	5=2+3-4	6	7	8	9=6+7+8	13
11.480	85	69	154	0	0	0	0	11.634

Como pode apreciarse as previsións máximas de endebedamento do sector público autonómico que implican os orzamentos presentados están dentro do límite de débeda.

## V.2. Evolución da situación financeira autonómica.

### V.2.1. Evolución orzamentaria

Neste apartado realizamos un breve análise da evolución do orzamento consolidado homoxeneizado ca comunidade autónoma dende 2007. Por ser o período 2007-2008 o máis próximo en termos de recursos non financeiros ao exercicio actual, es especial se axustamos os importes do financiamento recibido en exceso no exercicio 2008 (574 millóns de euros).

### Ingresos

Os ingresos non financeiros acadan os 9.755 millóns de euros no orzamento de 2019, un 4,9% superior ao exercicio precedente, o exercicio do cadro con unha contía máis próxima é o 2007.

Cadro 43. evolución dos ingresos non financeiros consolidados


milións de euros

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
<b>ORZAMENTO CONSOLIDADO HOMOGENEIZADO</b>													
<b>INGRESOS</b>													
I Impostos directos	1.168	1.364	1.516	1.374	2.031	2.030	1.913	1.937	2.020	2.194	2.335	2.275	2.431
II Impostos indirectos	2.636	2.689	2.399	1.897	2.856	2.959	2.944	3.133	3.118	3.243	3.324	3.456	3.451
III Taxas, prezos e outros ingresos	265	253	286	271	174	180	205	166	177	179	169	169	178
IV Transferencias correntes	4.487	5.064	4.949	4.497	2.760	2.616	2.312	1.953	2.168	2.394	2.517	2.815	3.008
V Ingresos patrimoniais	15	24	54	20	16	22	23	24	19	16	9	8	9
<b>Total operacións correntes</b>	<b>8.570</b>	<b>9.395</b>	<b>9.205</b>	<b>8.058</b>	<b>7.836</b>	<b>7.806</b>	<b>7.397</b>	<b>7.214</b>	<b>7.501</b>	<b>8.026</b>	<b>8.354</b>	<b>8.724</b>	<b>9.077</b>
VI Aleamento de investimentos reais	91	99	111	49	27	32	30	13	10	13	7	11	7
VII Transferencias de capital	740	709	742	681	613	589	513	480	517	535	561	559	671
<b>Total ingresos de capital</b>	<b>831</b>	<b>808</b>	<b>853</b>	<b>730</b>	<b>640</b>	<b>621</b>	<b>543</b>	<b>493</b>	<b>527</b>	<b>548</b>	<b>568</b>	<b>570</b>	<b>679</b>
<b>TOTAL OPERACIÓN NON FINANCEIRAS</b>	<b>9.401</b>	<b>10.202</b>	<b>10.059</b>	<b>8.788</b>	<b>8.476</b>	<b>8.428</b>	<b>7.940</b>	<b>7.706</b>	<b>8.028</b>	<b>8.573</b>	<b>8.922</b>	<b>9.294</b>	<b>9.755</b>
VIII Activos financeiros	1	1	1	1	10	11	20	20	14	32	30	43	21
IX Pasivos financeiros	551	474	851	2.048	1.340	1.373	1.476	2.507	1.700	1.657	2.031	1.387	1.768
<b>TOTAL OPERACIÓN FINANCEIRAS</b>	<b>552</b>	<b>474</b>	<b>852</b>	<b>2.049</b>	<b>1.349</b>	<b>1.384</b>	<b>1.496</b>	<b>2.527</b>	<b>1.714</b>	<b>1.690</b>	<b>2.061</b>	<b>1.430</b>	<b>1.789</b>
<b>TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS</b>	<b>9.953</b>	<b>10.676</b>	<b>10.910</b>	<b>10.837</b>	<b>9.826</b>	<b>9.812</b>	<b>9.436</b>	<b>10.233</b>	<b>9.743</b>	<b>10.263</b>	<b>10.982</b>	<b>10.724</b>	<b>11.544</b>

Dentro do ingreso corrente, compre salientar a diferente porcentaxe de participación nos tributos cedidos a partir de 2011, dimanante da aplicación do novo sistema de financiamento no cálculo das entregas a conta do devandito sistema dificulta a comparación en toda a serie temporal.

Respecto a 2019, prosegue a lixeira pero continúa mellora do ingreso corrente así como a evolución positiva do aforro corrente, resultado da suba continuada dos ingresos tributarios por mor da mellora da situación económica. No que atinxe ás partidas de ingresos é de esperar que a futura aprobación dos orzamentos do Estado dea lugar á xeración de novos ingresos procedentes de fondos finalistas en especial os vencellados a políticas de investimento, emprego e dependencia.


Gráfico 40. Evolución 2007-2019 en millóns de euros.



O gráfico inferior mostra a evolución do gasto corrente, en boa parte de carácter ríxido, pola natureza dos servizos públicos competencia da comunidade autónoma (xustiza, educación, sanidade e servizos sociais entre outros), o que derivou nun forte deterioro do aforro corrente perante a baixa dos ingresos a partir de 2009.


Ao contrario que acontece co ingresos correntes cuio nivel máis próximo en contía era o de 2007/2008 o nivel de gastos correntes de 2019 superará en 280 millóns de euros o gasto corrente previsto nos orzamentos de 2018, fixando o nivel máis alto da serie.

Gráfico 41. Evolución 2007-2018 en millóns de euros



O seguinte gráfico enfronta a evolución dos dous gráficos mostrando como dende 2009 o axuste no ingreso corrente opera como un límite ao gasto corrente no periodo 10-14, para a partires de ahí empezar a xerar aforro bruto de xeito crecente, e polo tanto aumentando a posibilidade de financiar investimentos.

Gráfico 42. Gasto corrente vs ingreso corrente no orzamento consolidado. Millóns de euros




Respecto a os ingresos de capital, o orzamento prevé un importante repunte destes ingresos sobre todo por operacións vencelladas á xestión dos programas operativos europeos. Así os ingresos de capital crecen ata os 679 millóns de euros, 109 millóns máis que no 2018.

Sumando os ingresos correntes e os ingresos de capital obtemos o total de ingresos non financeiros do orzamento consolidado, a estas contías se engaden os ingresos financeiros (endebedamento e activos financeiros) para pechar o financiamento dos gastos da comunidade autónoma.

De seguido, recollese un cadro ilustrativo coa evolución da capacidade de financiamento de gastos orzamentarios (capítulos I a VIII de gastos), a partires dos ingresos non financeiros e ingresos de capítulo VIII, que chamamos ingresos orzamentarios neste gráfico, e do endebedamento neto de cada período.

Gráfico 43. Capacidade de gasto total agás amortización débeda. 2006-2019. Millóns de euros



Como pode verse a comunidade autónoma precisou recorrer ao endebedamento para suavizar o axuste preciso a partires do 2009, pola forte merma dos ingresos. Dentro da senda de consolidación fiscal este recurso á débeda vaise reducindo paseniñamente asociándose o seu descenso á recuperación dos recursos, o que permite manter unhas disponibilidades para gasto total agás débeda en torno aos 9.340 millóns de euros, o que sitúa a nosa capacidade de gasto consolidado por enriba da de 2007. Tamén estaría máis de 100 millóns de euros sobre a de 2008 se deducimos o importe da liquidación negativa dese ano (574 millóns de euros), que deberon ser menos ingresos efectivos.

## Gastos

O orzamento consolidado de gastos seguinte recolle tamén a evolución en millóns de euros dende 2007. Compre sinalar a efectos comparativos que a contía que ata 2010 figuraba no capítulo catro como participación dos concellos nos tributos do estado pasa a ter nese ano carácter extraorxamentario polo que resulta axustada en toda a serie para facilitar unha visión homoxenea da evolución do gasto en termos consolidados, asimesmo tamén se eliminan a efectos comparativos os gastos financiados con FEAGA nos que a Xunta actúa de mero intermediario, por ese mesmo motivo e seguindo as recomendacións do Consello de Contas.

Como pode apreciarse, atendendo ao gasto non financeiro poden apreciarse claramente dúas etapas na evolución do gasto unha crecente, correspondente á fase expansiva ata 2009 no que o orzamento consolidado non financeiro acada os 10.544 millóns de euros, e outra fase decrecente que mostra un axuste á baixa no período 2010-2014, ata acadar un gasto non financeiro duns 8.343 millóns de euros, este medra ata os 9.850 do presente orzamento para 2019, atopándose os niveis de gasto do orzamento consolidado nun nivel superior a 2007. Novamente se descontamos o importe das liquidacións negativas do sistema de financiamento correspondentes ao exercicio 2008, o gasto non financeiro dese exercicio acadaría os 9.600, e quedaría baixo ao previsto no presente orzamento por vez primeira

Na medida en que foi preciso recorrer ao endebedamento para suavizar o impacto do axuste no gasto consolidado, o capítulo de operacións financeiras e o capítulo de gasto financeiro mostran unha evolución crecente a partires do 2010, porén no 2015 invertese a tendencia, sendo o primeiro exercicio dende o comezo da crise no que suben os gastos non financeiros e baixan os financeiros, no 2016, 2017, 2018 e 2019 consolídase esta tendencia diminuíndo o gasto financeiro en preto de 187 millóns de euros dende 2014.

Cadro 44. Galicia. Orzamento consolidado de gastos.

millóns de euros


	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
<b>GASTOS</b>													
I. Gastos de Persoal	3.175	3.444	3.692	3.773	3.627	3.609	3.391	3.367	3.382	3.567	3.681	3.762	3.889
II. Gastos en bens correntes e servizos	1.242	1.348	1.416	1.381	1.353	1.384	1.376	1.364	1.388	1.483	1.634	1.724	1.783
III. Gastos financeiros	147	146	148	157	198	295	299	352	336	271	235	170	165
IV. Transferencias correntes	2.116	2.359	2.430	2.471	2.322	2.239	1.970	1.941	1.960	2.015	2.161	2.222	2.320
<b>Total operacións correntes</b>	<b>6.682</b>	<b>7.297</b>	<b>7.686</b>	<b>7.782</b>	<b>7.500</b>	<b>7.527</b>	<b>7.036</b>	<b>7.024</b>	<b>7.066</b>	<b>7.335</b>	<b>7.712</b>	<b>7.878</b>	<b>8.158</b>
V. Fondo de Continxencia	62	65	99	62	78	76	85	105	125	52	37	39	39
<b>Total fondo de continxencia</b>	<b>62</b>	<b>65</b>	<b>99</b>	<b>62</b>	<b>78</b>	<b>76</b>	<b>85</b>	<b>105</b>	<b>125</b>	<b>52</b>	<b>37</b>	<b>39</b>	<b>39</b>
VI. Inversións Reais	1.333	1.382	1.439	1.251	805	782	711	666	700	777	841	881	911
VII. Transferencias de Capital	1.300	1.337	1.320	1.108	720	704	604	548	496	593	631	688	741
<b>Total operacións de capital</b>	<b>2.633</b>	<b>2.719</b>	<b>2.759</b>	<b>2.359</b>	<b>1.525</b>	<b>1.486</b>	<b>1.315</b>	<b>1.214</b>	<b>1.196</b>	<b>1.370</b>	<b>1.473</b>	<b>1.570</b>	<b>1.652</b>
<b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b>	<b>9.377</b>	<b>10.081</b>	<b>10.544</b>	<b>10.203</b>	<b>9.102</b>	<b>9.089</b>	<b>8.436</b>	<b>8.343</b>	<b>8.388</b>	<b>8.757</b>	<b>9.222</b>	<b>9.487</b>	<b>9.850</b>
VIII. Activos Financeiros	118	122	120	118	307	176	166	140	147	153	152	161	164
IX. Pasivos Financeiros	457	474	246	516	417	548	834	1.750	1.208	1.353	1.608	1.076	1.531
<b>TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>	<b>575</b>	<b>595</b>	<b>366</b>	<b>634</b>	<b>723</b>	<b>723</b>	<b>1.000</b>	<b>1.890</b>	<b>1.355</b>	<b>1.506</b>	<b>1.761</b>	<b>1.237</b>	<b>1.695</b>
<b>TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS</b>	<b>9.953</b>	<b>10.676</b>	<b>10.910</b>	<b>10.837</b>	<b>9.826</b>	<b>9.812</b>	<b>9.436</b>	<b>10.233</b>	<b>9.743</b>	<b>10.263</b>	<b>10.982</b>	<b>10.724</b>	<b>11.544</b>

O cadro inferior mostra a evolución dos pesos das diferentes partidas de gasto non financeiro nos orzamentos consolidados de 2019 respecto ás do 2007, como pode verse a natureza dos servizos públicos prestados pola comunidade autónoma, (xustiza, educación, sanidade, servizos sociais), implica unha composición do gasto intensa no gasto corrente (persoal, gastos de funcionamento e consumos dos centros). Por elo os capítulos I e II de gasto aumentan o seu peso co paso do tempo dada a forte rixidez dos mesmos.

En efecto, referindo ao total do gasto non financeiro e ao ano con orzamento de gastos máis próximo ao actual (2007), o peso dos gastos de persoal pasa do 34% ao 40% no 2018, o peso dos gastos de funcionamento pasa do 13 ao 18%, entre estes dous capítulos se explica máis da metade do orzamento consolidado, os mesmos pesos que no orzamento 2018.

As políticas de xestión da carteira de débeda aproveitando a expansión cuantitativa do BCE e o rigor no proceso de consolidación fiscal mostrado pola comunidade autónoma reflíctense na baixa do custo do endebedamento, que volta a niveis anteriores á crise de débeda, liberando case 5 millóns de euros no 2018 que se poden adicar a políticas de gasto real.

Gráfico 44. Evolución dos gastos financeiros no orzamento 2007-2018. Millóns de euros



O peso do capítulo de transferencias correntes sube un punto no mesmo periodo 07-19 (dende o 22,6% ata o 23,6%) a pesar de mudar radicalmente a súa composición, dado o peso crecente dos servizos e prestacións da dependencia así como das políticas

de inclusión e familia; o resultado é que se no ano 2007 o peso do gasto corrente acadaba un 71.3% do gasto non financeiro do orzamento consolidado, no 2019 este supera o 82%.


Pola contra, os capítulos que sofren a maior parte do axuste, son os capítulos de gasto de capital 6 e 7, se ben, grazas ao aumento constante do aforro corrente nos orzamentos que se presentan a partires de 2015, o seu peso medra case un 18% ata supor o 16,8%, do gasto non financeiro

O gasto corrente mostra un peso estable ata 2008 para experimentar un forte crecemento no período 2009-2011 ata superar o 82% do non financeiro e estabilizarse logo ata o 2015, permanecendo entre o 84%-82% dende entón..

Dado o carácter ríxido de este tipo de gastos, no periodo 2009-2015, fronte a unha baixa do gasto non financeiro do 20%, o gasto corrente baixa menos dun 8% no período. Esta evolución pode apreciarse gráficamente no cadro seguinte.

A partires do 2015 o total de operacións non financeiras medra máis que o total de operacións correntes por vez primeira dende 2009.

Gráfico 45. Evolución do gasto non financeiro vs gasto corrente. Orzamentos consolidados 2005-2017



O resto das partidas do orzamento, ven condicionado pola rixidez do gasto corrente, así a capacidade de financiamento de investimentos de capital ven dada pola suma do


aforro bruto, os ingresos de capital e a capacidade de endebedamento libre da financiación de activos.

Como se acreditou nos puntos anteriores a forte baixa dos ingresos correntes e a consolidación de importantes contías de gasto corrente no período 05-09, fai baixar a mínimos o aforro corrente, principal fonte de financiamento de investimentos ata entón. Se ben o axuste do gasto minora o seu impacto no 2010 grazas a un importante aumento do endebedamento, esta fonte de financiamento non pode ser permanente polo que vai minorando pouco a pouco e deberá seguir facendoo ata desaparecer.

É por iso que o impulso sostido do investimento debe partir dun financiamento vía aforro corrente, como está a acontecer nos últimos orzamentos presentados pola Xunta.

Así, os aforros correntes inician unha senda crecente xa no 2015, que se repíte con dobre intensidade no período 2016-2019, orzamentos nos que o ingreso corrente adicional xera aforro financeiro e permite moderar o recurso á débeda incrementando o gasto de capital nun 121% dende entón. Ata chegar a financiar a metade do investimento no 2019, deixando o investimento financiado con débeda nunha contía residual.

Gráfico 46. Evolución do financiamento do gasto de capital 2014-2019



## Evolución do gasto real

De seguido procederase a analizar a evolución das principais magnitudes e saldos orzamentarios da comunidade autónoma partindo dos ingresos e gastos consolidados realizados correspondentes ao período 2007-2017, última conta xeral da comunidade autónoma liquidada.

Compre salientar que todos os datos son os correspondentes á conta xeral da comunidade autónoma, homoxeneizados deducindo as partidas que pasan a ser extraor-zamentarias neste período (a participación das corporacións locais nos tributos do estado e o FEAGA).

A distribución por capítulos dos gastos durante o período 2007- 2017 foi a seguinte:

Cadro 45: Gastos Consolidados non financeiros en millóns de euros (Obrigas Recoñecidas). Datos en Millóns de euros

EXECUCIÓN ORZAMENTARIA CONSOLIDADA											
millóns de euros											
GASTOS	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
I Gastos de Persoal	3.276	3.576	3.899	3.823	3.725	3.441	3.447	3.451	3.560	3.668	3.749
II Gastos en bens correntes e servizo	1.280	1.409	1.414	1.357	1.321	1.594	1.541	1.567	1.646	1.650	1.786
III Gastos financeiros	150	135	111	122	214	257	302	365	308	270	224
IV Transferencias correntes	2.283	2.430	2.609	2.559	2.273	2.179	2.059	1.993	1.957	2.019	2.105
<b>Total operacións correntes</b>	<b>6.970</b>	<b>7.550</b>	<b>8.033</b>	<b>7.861</b>	<b>7.533</b>	<b>7.470</b>	<b>7.349</b>	<b>7.376</b>	<b>7.470</b>	<b>7.606</b>	<b>7.864</b>
V Fondo de Continxencia	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
<b>Total fondo de continxencia</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>
VI Inversións Reais	1.264	1.362	1.258	882	681	660	627	526	750	690	681
VII Transferencias de Capital	1.073	1.247	1.036	780	540	581	488	439	528	350	388
<b>Total operacións de capital</b>	<b>2.337</b>	<b>2.609</b>	<b>2.294</b>	<b>1.663</b>	<b>1.221</b>	<b>1.241</b>	<b>1.115</b>	<b>965</b>	<b>1.278</b>	<b>1.040</b>	<b>1.069</b>
<b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b>	<b>9.306</b>	<b>10.160</b>	<b>10.327</b>	<b>9.524</b>	<b>8.754</b>	<b>8.711</b>	<b>8.465</b>	<b>8.340</b>	<b>8.748</b>	<b>8.646</b>	<b>8.933</b>
VIII Activos Financeiros	170	136	134	132	113	196	130	168	141	176	127
IX Pasivos Financeiros	457	348	246	520	420	508	1.026	1.461	1.306	1.334	1.756
<b>TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>	<b>627</b>	<b>484</b>	<b>380</b>	<b>652</b>	<b>532</b>	<b>704</b>	<b>1.155</b>	<b>1.629</b>	<b>1.447</b>	<b>1.510</b>	<b>1.883</b>
<b>TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS</b>	<b>9.933</b>	<b>10.644</b>	<b>10.707</b>	<b>10.175</b>	<b>9.286</b>	<b>9.415</b>	<b>9.620</b>	<b>9.969</b>	<b>10.195</b>	<b>10.157</b>	<b>10.816</b>

En canto aos gastos correntes, a súa execución no 2017 representou o 88% do gasto non financeiro total. No exercicio 2017 crecen con forza, máis dun 3%, destacando os gastos de funcionamento (especialmente a farmacia hospitalaria) e as transferencias correntes. Tamén destaca a continuación da senda descendente do gasto financeiro xa iniciada no 2016. Dende o ano 2007 ata o 2017 o incremento foi de case 900 millóns de euros, un 12,8% máis.

Sen dúbida, a concentración no gasto ríxido durante os anos de crise e o despregue do novos servizos como o sistema de dependencia e as escolas 0-3, as novas instalacións sanitarias e outras medidas para paliar os efectos da crise como a axenda social, contribúen a esta evolución.

En canto aos gastos de capital, a súa execución no 2017 representou unicamente o 12% do gasto non financeiro total, segue a reflectir a dificultade do lanzamento dos programas operativos con moitas actuacións en fase de proxecto aínda, o que repercute no baixo desempeño de capital dese ano, xunto coas dificultades de programación dalgúns investimentos por mor da prórroga dos PGE.

No que atinxe ao financiamento do gasto materializado en investimentos, a metade do mesmo procede de fondos propios xerados co aforro corrente, un 27% dos ingresos de capital e o 23% restante da capacidade de endebedamento.

Se botamos unha ollada á composición do financiamento dos investimentos, podemos apreciar como se empeza a recuperar a participación dos fondos UE ata máis do 12%, malia que lonxe da velocidade de cruceiro do marco anterior con unha participación media superior ao 20% no período 13-15.

Cadro 46, Fontes de financiamento dos investimentos do orzamento consolidado en %

Ratio Inversion por fonte	2013	2014	2015	2016	2017
%Financiamento FCI / Investimento Real	8,1%	6,9%	12,5%	6,7%	6,8%
%Financiamento fondos propios / Investimento Real	66,0%	77,8%	56,2%	80,8%	78,4%
%Financiamento finalista do Estado / Investimento Real	5,0%	1,8%	1,7%	2,6%	2,1%
%Financiamento europeo / Investimento Real	20,3%	13,2%	29,3%	9,7%	12,5%
Outros	0,5%	0,3%	0,3%	0,1%	0,2%
	100%	100%	100%	100%	100%

En canto a evolución do gasto non financeiro total, o seu máximo neste período (2007- 2017) acadouse no ano 2009 cando o seu importe ascendeu a case 10.327 millóns de euros. No ano 2010 prodúcese por primeira vez unha caída do gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia respecto o ano anterior o que se volve a producir nos anos 2011 a 2014. No 2015 comeza unha nova etapa do crecemento do gasto non financeiro consolidado.

No que atinxe aos ingresos, a súa distribución por capítulos durante o período 2007-2017 mostra unha evolución aínda mellor, tanto en termos absolutos como no seu contido ao basearse nun crecemento sólido do ingreso corrente, tal e como pode apreciarse no seguinte cadro:


Cadro 47, Ingresos Consolidados (Dereitos Recoñecidos). Datos en Millóns de euros

millóns de euros	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
<b>EXECUCIÓN ORZAMENTARIA CONSOLIDADA</b>											
<b>INGRESOS</b>											
I Impostos directos	1.444	1.651	1.737	1.385	2.050	2.020	2.023	1.998	2.089	2.262	2.375
II Impostos indirectos	2.714	2.590	2.119	1.874	2.690	2.733	2.892	3.141	3.151	3.222	3.304
III Taxas, prezos e outros ingresos	282	252	262	248	256	166	180	188	204	177	171
IV Transferencias correntes	4.324	4.644	5.019	4.364	2.460	2.402	2.290	1.935	2.209	2.375	2.537
V Ingresos patrimoniais	51	61	29	19	23	25	41	29	14	19	12
<b>Total operacións correntes</b>	<b>8.816</b>	<b>9.158</b>	<b>9.165</b>	<b>7.890</b>	<b>7.479</b>	<b>7.346</b>	<b>7.425</b>	<b>7.288</b>	<b>7.668</b>	<b>8.055</b>	<b>8.400</b>
VI Alieamento de investimentos reais	56	84	111	49	27	32	30	13	10	13	7
VII Transferencias de capital	680	716	742	681	613	589	513	480	517	535	561
<b>Total ingresos de capital</b>	<b>736</b>	<b>800</b>	<b>853</b>	<b>730</b>	<b>640</b>	<b>621</b>	<b>543</b>	<b>493</b>	<b>527</b>	<b>548</b>	<b>568</b>
<b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b>	<b>9.552</b>	<b>9.958</b>	<b>10.019</b>	<b>8.621</b>	<b>8.118</b>	<b>7.968</b>	<b>7.968</b>	<b>7.781</b>	<b>8.194</b>	<b>8.603</b>	<b>8.968</b>
VIII Activos financeiros	17	19	16	7	4	33	26	26	33	35	35
IX Pasivos financeiros	542	588	936	1.822	1.293	1.624	1.909	2.221	1.752	1.882	2.218
<b>TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>	<b>559</b>	<b>607</b>	<b>953</b>	<b>1.830</b>	<b>1.298</b>	<b>1.657</b>	<b>1.935</b>	<b>2.247</b>	<b>1.785</b>	<b>1.916</b>	<b>2.253</b>
<b>TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS</b>	<b>10.111</b>	<b>10.565</b>	<b>10.971</b>	<b>10.450</b>	<b>9.416</b>	<b>9.625</b>	<b>9.903</b>	<b>10.028</b>	<b>9.980</b>	<b>10.519</b>	<b>11.222</b>

Os ingresos correntes acadaron o seu máximo nos anos 2008 e 2009, reducíndose no 2014 respecto ao máximo de 2009 en 1.877 millóns de euros un 20,5% menos. Ago-

ra no 2017 recupéranse dende o fondo no 2014 ata acadar os 8.400 millóns de euros. Dende o 2011 esta masa financeira amosaba unha evolución estable en torno aos 7.400 millóns de euros, tras unha baixa anómala no 2014 (que explica a importante liquidación do sistema de financiamento no 2016), aumentan no 2015, e crecen con forza no 2016, para situarse 1.000 millóns sobre a contía de 2011.

Gráfico 47. Evolución dos ingresos e gastos correntes 2007-2017. Conta Xeral consolidada e millóns de euros.



En canto aos ingresos de capital, a súa execución no 2017 reflicte unha lixeira melloría respecto ao ano anterior e a baixa certificación de fondos europeos relatada na parte dos gastos.

No que refire á evolución dos ingresos non financeiros, o análise da súa evolución permite calibrar a manitude da crise e os seus efectos nas contas orzamentarias, estes acadan o seu máximo durante o período 2005- 2017 nos anos 2008 e 2009, con valores practicamente similares, cercanos a 10.000 millóns de euros en termos homoxeneos. Nos dous anos seguintes, os ingresos non financeiros caen fortemente ata case 2.000 millóns de euros, un 19,3% menos no 2011. A recesión económica do 2012 fai deteriorarse novamente a recadación en 300 millóns de euros adicionais, que afectan ao orzamento dous anos despois pola mecánica de funcionamento do sistema de financiación, así no 2014 os ingresos non financeiros tan so acadan os 7.781 millóns de euros. A partir do 2015 comezan a notarse os efectos da recuperación nos ingresos orzamentarios que medran con solidez por enriba dos 8.000 millóns, ata case acadar os 9.000 millóns de euros no 2017.

Como mostra a gráfica anterior, despois dun 2013 onde se recuperara o aforro corrente, a abrupta caída dos ingresos do sistema de financiamento no 2014 provocan voltar ao aforro negativo que se recupera no 2015 e subirá con forza no 2016, ata chegar ao seu punto máis alto dende 2009 no 2017.

Porén, a Comunidade Autónoma de Galicia pasou de ter aforros brutos superiores aos 1.000 millóns de euros durante o período comprendido entre os anos 2005 e 2009 a ter un aforro no ano 2010 de 29 millóns de euros, e pechar con aforro negativo nos anos 2011, 2012 e 2014. No 2017 pasamos a un aforro corrente positivo de 536 millóns de euros.

A importancia de este saldo orzamentario radica en que foi, e debe ser nunhas finanzas saneadas, o principal fornecedor de financiamento de investimentos da comunidade autónoma. Polo que de non recuperarse os ingresos correntes, a capacidade de investir no futuro verase limitada ás dispoñibilidades de fondos finalistas.

É por elo polo que a Xunta de Galicia ven actuando de xeito continuado en diversas accións que tentan mellorar a capacidade de xerar aforro corrente, tanto pola vía dos ingresos que deben mellorar substancialmente ao ritmo da recuperación da economía, como acontece nos presentes orzamentos, e do emprego como pola vía do gasto corrente, mediante accións continuadas de racionalización administrativa e eliminación do gasto improdutivo, de xeito que se compense, so en parte, a demanda de gasto corrente que require a prestación duns servizos públicos de calidade.

Finalmente, en canto á evolución do superávit ou déficit non financeiro, no período de referencia pódense extraer as seguintes conclusións: no ano 2007 conseguiuase pechar o exercicio cun superávit non financeiro e os anos seguintes remataron todos con déficit. O máis elevado produciuse no ano 2010 cando ascendeu a 964 millóns de euros.

O resultado non financeiro orzamentario de 2017 é o déficit máis baixo dende 2008, 242,8 millóns de euros en liña case catro décimas de PIB baixo o obxectivo autorizado e 114 millóns menos que o ano anterior.

### V.3. Evolución do Endebedamento: posición relativa

O principal resultado da evolución dos ingresos e gastos consolidados dunha administración é o seu saldo non financeiro ou resultado orzamentario que acabamos de analizar e o seu corolario, o endebedamento preciso para financeiro.

O endebedamento da Comunidade Autónoma de Galicia incrementouse dende finais do 2014 ata o segundo trimestre de 2017, último dato dispoñible nun 26,7%, a porcentaxe máis pequena de tódalas comunidades autónomas de réxime xeral de financiamento.


Gráfico 48. Variación da ratio débeda / PIB Galicia - total sector público autonómico



A necesidade dunha evolución moderada do endebedamento non é un fin en si mesmo, máis é a garantía de sostibilidade das finanzas públicas, xa que permitirá cando sexa preciso acudir de xeito temporal a os ingresos financeiros para compensar caídas do ingreso público en fases recesivas do ciclo.

A seguinte gráfica mostra a situación da ratio débeda PIB de Galicia e do resto das comunidades autónomas, como se indicou ao principio da memoria, é de esperar que a evolución desta ratio se estableza neste exercicio para reducirse paulatinamente a medio prazo, tal e como evidencia a gráfica seguinte, neste senso o camiño que ten que percorrer a nosa comunidade autónoma ata acadar os niveis de débeda previstos na normativa de estabilidade orzamentaria en función do establecido no pacto de estabilidade e crecemento, é moito máis suave que o da media das ccaa.

Gráfico 49. GALICIA. Evolución da ratio débeda/PIB



#### V.4. Transparencia

A Lei 2/ 2011, de 16 de Xuño, de Disciplina Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira dispón no seu artigo 19, adicado a instrumentación do principio de transparencia, apartado 5 que “Os orzamentos xerais recollerán información sobre a necesidade de financiamento da Comunidade Autónoma, os investimentos reais das empresas públicas en termos de contabilidade nacional, a ratio de gasto público da Comunidade Autónoma en relación co produto interior bruto rexional, o nivel de débeda pública no seguinte exercicio e a evolución das seguintes ratios e magnitudes: ratio débeda/PIB, ratio débeda/ingresos correntes, risco comprometido por avais e compromisos por emprego de fórmulas de pago adiado, tanto xa contratadas como das previstas para o exercicio orzamentario”.

As seguintes ratios elabóranse a partires do dato certo do último exercicio pechado, da previsión de cerramento de 2018 e, do orzamento que se presenta para 2019.

Cadro 48. Ratios orzamentario-financeiros


	2015	2016	2017	2018	2019
Necesidade de Financiamento (% PIB)	-0,70%	-0,60%	-0,50%	-0,30%	-0,10%
Necesidade de Financiamento (M€)	403	346	298	190	69
Investimentos reais das empresas públicas (M€)	127,9	92,7	101,0	101,1	116,8
Ratio Gasto Non Financeiro - PIB rexional	15,0%	15,1%	15,2%	15,1%	15,0%
Ratio Gasto Total - PIB rexional	17,4%	17,6%	18,1%	17,0%	17,6%
Ratio Investimento por habitante	255,9	285,9	310,6	327,1	339,9
Ratio gasto non financeiro por habitante	3.084,6	3.236,3	3.405,3	3.520,5	3.673,9
Débeda Pública (M€)	10.375	10.854	11.210	11.480	11.634
Ratio Débeda - PIB	18,4%	18,6%	18,4%	18,2%	17,8%
Ratio Débeda - Ingresos Correntes	138%	135%	134%	132%	128%
Débeda por Habitante	3.793,9	3.989,6	4.139,5	4.260,0	4.339,3
Risco comprometido por avais (M€)	138,2	108,0	91,7	63,0	58,0
Compromisos por emprego de fórmulas de pago adiado	3.067,6	2.857,0	2.722,0	2.617,2	2.477,4

en euros e %

Neste sentido a Necesidade de Financiamento de Galicia no exercicio 2019 será dun 0,1% do PIB rexional cumprindo co obxectivo de estabilidade orzamentaria vixente o cal supón unha necesidade de financiamento de 69 millóns de euros.

A gráfica seguinte compara a senda de consolidación fiscal de Galicia e do total das comunidades autónomas, permite apreciar como os esforzos temperás na contención do déficit permiten unha senda máis suave no espazo temporal obxecto de análise, o que se traduce en máis estabilidade na dotación das diferentes políticas de gasto a igual esforzo de redución do déficit da media das ccaa, o que posiblemente permitirá rematar antes a senda de consolidación fiscal e máis marxe de manobra fronte a posibles continxencias.

Gráfico 50. Necesidade de financiamento Galicia e CCAA en % do PIBpm.




De seguido recóllese a mesma táboa para o conxunto do sector público (sen incluír a axuda ao sector financeiro).

Cadro 49. Senda de consolidación fiscal das aapp

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021
Administración central	-8,7	-5,9	-5,1	-4,1	-4,5	-3,5	-2,6	-2,5	-1,85	-0,7	-0,3	0,0	0,0
Comunidades Autónomas	-2,0	-2,9	-3,3	-1,8	-1,5	-1,7	-1,7	-0,8	-0,4	-0,4	-0,1	0,0	0,0
Corporacións Locais	-0,5	-0,5	-0,5	-0,2	0,5	0,5	0,5	0,6	0,6	0,0	0,0	0,0	0,0
Seguridade Social			-0,1	-1,0	-1,0	-1,1	-1,2	-1,6	-1,4	-1,1	-0,9	-0,5	0,0
<b>TOTAL</b>	<b>-11,2</b>	<b>-9,3</b>	<b>-9,0</b>	<b>-7,1</b>	<b>-6,5</b>	<b>-5,7</b>	<b>-5,1</b>	<b>-4,3</b>	<b>-3,0</b>	<b>-2,2</b>	<b>-1,8</b>	<b>-1,1</b>	<b>-0,4</b>

A representación gráfica de esta senda das diferentes administracións mostra como xurde con forza un novo actor na determinación das necesidades de financiamento das administracións públicas, que xa no 2016 supera ás comunidades autónomas neste parámetro, é a administración da seguridade social, que é a administración pública que sofre un maior deterioro por mor da crise e que ven condicionando os repartos de obxectivos de déficit entre as diferentes administracións dende 2013, o gráfico seguinte permite apreciar como será o subsector das aapp que terá maior déficit no trienio 18-21.

Gráfico 51. Senda consolidación fiscal aapp



No que atinxe aos investimentos reais das entidades instrumentais da comunidade autónoma que non forman parte do orzamento administrativo no ano 2019 ascende a 116.827.510 euros, un 15,5% e 16 millóns máis que o exercicio anterior. O importe detallado dos devanditos investimentos por ente xúntase como anexo ao final do documento.

No que atinxe ás ratios de gasto, a ratio de gasto público da Comunidade en relación co PIB rexional, no ano 2018 a porcentaxe de gasto non financeiro en relación ao PIB de Galicia é dun 15,1%, semellante ao esperado para 2019 (15%) como consecuencia de que o gasto non financeiro (comparando os créditos iniciais) medra a un ritmo lixeiramente inferior ao do PIB nominal, 3,8% e 3,9% respectivamente.

Respecto ao gasto total, a súa ratio para o ano 2018 medra dende o 17% ao 17,6% debido a unha maior anualidade de amortización de débeda pública no 2019, este maior gasto financeiro aumenta o gasto total o 7,6% sobre o do pasado exercicio (millóns de euros), mentres que o PIB nominal estimado crece nun 3,9%.

En canto o nivel de Débeda Pública do ano 2018, estímase que a finais de dito ano a débeda pública calculada segundo o Procedemento de Déficit Excesivo acadará o importe de 11.480 millóns de euros e que a finais do ano 2019 sexa de 11.634 Millóns de euros, o que suporá un incremento da mesma de 154 Millóns de euros.

A Lei de Disciplina Orzamentaria esixe información sobre a evolución das seguintes ratios que teñen relación co nivel de débeda pública: a ratio débeda/PIB e a débeda en relación cos ingresos correntes.


No que atinxe á evolución da débeda/PIB estímase que a finais do ano 2018 sexa dun 18,2 % comezando a diminución do mesmo xa respecto ao 2017, evolución descendente que seguirá nos vindeiros exercicios á vez que se remata a senda de consolidación

fiscal, así en 2019 se prevé pechar cunha ratio do 17,8%, o que confirma as previsións da senda marcada o ano pasado.

Respecto a relación entre a débeda e os ingresos correntes ao cerramento do ano 2018 a débeda prevista de Galicia constituirá o 132 % dos seus ingresos correntes e no ano 2019 dita relación baixa ao 128 % como consecuencia do cativo aumento do stock de débeda previsto a finais de ano (154 M€), fronte ao aumento dos ingresos correntes en 353 millóns de euros.

O mantemento dunha senda en parámetros aceptables, dacordo coas rexións máis solventes da nosa contorna, así como o cumprimento dos obxectivos e regras fiscais, non son un fin en si mesmo, senón a vía para aumentar a solvencia dos galegos -como mostra a seguinte gráfica con menos débeda per cápita que o resto das ccaa e, en última instancia a mellor garantía da sostibilidade dos servizos públicos.

Gráfico 52. Evolución da ratio débeda por habitante. Comparativa Galicia-media ccaa



De seguido referimos ao risco comprometido por avais, hai que ter en conta o disposto no Texto Refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, en concreto nos seus artigos 40 a 45, respecto do límite máximo de avais que se poderán conceder durante cada ano remite a Lei de Orzamentos.

Neste sentido a Lei de Orzamentos de Galicia do ano 2019 dispón que o importe máximo dos avais que a Xunta de Galicia poderá conceder durante o ano 2019 será de 30 millóns de euros, de seguido establece que o Instituto Galego de Promoción Económica poderá conceder, durante o ano 2019, avais en canto non se supere en ningún momento o saldo efectivo vixente de 500 millóns de euros.

Dende xuño de 2015, a concesión de avais está suxeita ao principio de prudencia financeira dacordo ao artigo 13 da Lei Orgánica 8/1980, de 22 de setembro, de Financiación de Comunidades Autónomas (LOFCA).

As condicións de prudencia para avais tense desenvolvido por Resolución da Secretaría General Coordinación Autonómica y Local, que fixa un límite do importe total de avais autorizado por cada comunidade autónoma do 1,5% do seu PIB rexional, os límites recollidos na lei de orzamentos recollidos no parágrafo anterior respectan esta limitación.

Para a comunidade autónoma de Galicia este límite sitúase nos 982 millóns de euros, superior ao límite autorizado na Lei de presupostos (500 mill.€) y ao risco vivo por avais estimado a peche de 2018 (63 mill.€).

Para o ano 2019 estímase que as operacións de concesión de novos avais e amortización de vencementos deixarán o risco comprometido por avais polo IGAPE en torno aos 58 millóns de euros.

Por último a Lei de Disciplina Orzamentaria establece que os Orzamentos recollerán información dos compromisos por emprego de fórmulas de pago adiado, tanto das xa contratadas como das previstas para o exercicio orzamentario, esta información figura na memoria I.

En canto aos compromisos por emprego de formulas de pago adiado xa contratados son os establecidos na seguinte táboa:

Cadro 50. Compromisos de pago futuros en cpp e concesións de obra pública

Contratos de colaboración público-privada e concesión de obra pública								
Proxectos	ADMINISTRACIÓN XERAL					SERGAS		
	AG-56 Santiago- Brión - As Galanas (N-550) - Pardiñas (AG-56)	Vía rápida VRG- 4.1 O Salnés	Vaía rápida do Barbanza VRG- 1.1	A52 - Fronteira Portuguesa. VAC A-52 Celanova	Autovía Costa de Morte	Conc. Obra Pública Novo Hospital de Vigo	Contrato Alta Tecnoloxía	
ANO	Investimento	Investimento	Investimento	Investimento	Investimento	Canons	Investimento	Canons
2019	12.238	5.589	13.231	9.622	23.672	26.264	39.273	9.943
2020	12.735	5.891	11.169	10.022	24.264	26.347	39.181	9.943
2021	13.278	6.168	10.824	10.339	24.870	28.124	37.227	10.175
2022	13.771	6.467	11.366	10.609	25.492	27.652	37.746	10.400
2023	14.324	6.785	11.952	10.876	26.129	27.740	37.650	9.419
2024	14.900	7.130	12.557	11.170	26.782	27.828	37.553	
2025	15.543	7.456	13.183	11.375	27.452	26.563	38.945	
2026	16.126	7.747	13.855	12.068	28.138	26.650	38.848	
2027	16.777	8.045	14.551	12.302	28.842	31.230	33.811	
2028	17.452	8.383	15.299	12.443	29.563	31.333	33.697	
2029	18.206	8.683	16.072	12.386	30.302	29.235	36.005	
2030	18.885	9.025	16.899	12.453	31.059	29.332	35.898	
2031	19.643	9.375	17.756	12.644	31.836	29.429	35.792	
2032	20.430	9.760	18.638	12.865	32.632	29.526	35.684	
2033	21.313	10.110	19.584	6.328	33.448	24.596	41.108	
2034	21.959	10.497	20.560	6.423	34.284	23.582	42.223	
2035	15.987	7.708	21.600	6.515	35.141	17.309	30.884	
2036			8.213	6.627	36.019			
2037				6.702	36.920			
2038				7.067	10.368			
2039				7.166				
2040				2.130				

Dita táboa reflicte que ata o ano 2040 a Xunta de Galicia ten comprometidos a través das colaboracións público privadas 2.617,19 millóns de euros. No ano 2019 non está previsto dispor de máis gasto a través destas fórmulas de pago adiado, polo que o importe comprometido ao final do devandito ano será de 2.477,35 millóns de euros.

Cadro 51.: ANEXO: Inversións reais das empresas públicas. Miles de €

	ENTIDADES	INVERSIONS REAIS 2019
406	Portos de Galicia	14.593,53
412	Augas de Galicia	47.861,44
109	Axencia de Protección da Legalidade Urbanística	1.935,00
502	Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar	2.769,04
512	Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia	22,00
513	Consortio de Bibliotecas Universitarias de Galicia	10,00
515	Consortio extensión universitaria e divulgación ambiental	51,00
516	Consortio de abastecemento de auga en Cervo e Buerela	0,00
517	Consortio Casco Vello de Vigo	451,68
519	Consortio Local dos Peares	4,36
413	Fundación Instituto Galego de Oftalmoloxía	127,50
415	Fundación Pública Cidade da Cultura de Galicia	6.962,94
417	Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia 061	0,00
418	Instituto Galego de Medicina Xenómica	175,00
604	Fundación Galicia Europa	5,00
606	Fundación Galega para a Tutela de Persoas Adultas	4,67
607	Fundación Semana Verde de Galicia	0,00
608	Fundación Centro Galego de Artesanía e Deseño	0,80
609	Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia	750,00
610	Fundación Exposicións e Congresos de A Estrada	0,00
611	Fundación Feiras e Exposicións de Lugo	320,00
612	Fundación Feiras e Exposición de Ourense	102,00
615	Instituto Feiral de A Coruña	0,00
650	Fundación Centro Tecnolóxico da Carne	346,03
651	Fundación ROF Codina	25,00
652	Fundación Deporte Galego	20,00
654	Fundación Centro Tecnolóxico do Mar	0,00
656	Fundación Galega de Formación para o Traballo	10,89
660	Fundación Camilo José Cela	0,00
661	Fundación Axencia Enerxética Provincial de A Coruña	1,54
702	Redes de Telecomunicación Galegas, S.A.	455,00
706	Sociedade Pública de Inversións de Galicia	2.869,44
707	SODIGA Galicia, Sociedade de Capital Risco	7.500,00
708	XESGALICIA, Sociedade Xestora de Entidades de Capital Risco, S.A.	25,00
709	Galicia Calidade, S.A.	6,20
710	Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.	30,00
713	Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, S.A.	1.440,00
714	Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos	5,00
717	Xenética Fontao, S.A.	275,60
718	Galaria Empresa Pública de Servizos Sanitarios	1.319,50
719	Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A.	16.492,35
727	Xestión do solo de Galicia, XESTUR, S.A.	0,00
729	Corporación Radio Televisión , S.A.	9.860,00
	<b>TOTAL</b>	<b>116.827,51</b>
		(Miles €)